

Libro Universitario Galego

Volume 3

Libro Universitario Galego é unha colección monográfica de responsabilidade editorial das Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo patrocinada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística

Xosé Manuel Carril Vázquez • Eduardo Cebreiros Álvarez • Luís M.^a Cruz •
Xulio Ferreiro Baamonde • Fernando García Cachafeiro • Rafael García Pérez •
Sonia García Vázquez • Carmen Garcimartín Montero • Eloy Gayán Rodríguez
• Marcos A. López Suárez • José Pernas García • Luz María Puente Aba • Jorge
Quindimil López • Luís Rodríguez Moro • Ricardo Pedro Ron Latas • Marta
Sobrido Prieto • Eva Souto García

José Pernas García (coord.)

O ensino do dereito a través do cinema:
unha perspectiva interdisciplinar
Materias didácticos para un sistema ECTS

A Coruña 2008
UNIVERSIDADE DA CORUÑA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
UNIVERSIDADE DE VIGO

O ensino do Dereito a través do cinema: unha perspectiva interdisciplinar

PERNAS GARCÍA, José (coord.)

1ª Edición en lingua galega: A Coruña, 2009

Libro Universitario Galego , nº 3

Nº de páxinas: 174

24 x 17 cm.

Índice, páxinas: 7-8

ISBN: 978-84-9749-332-1

Depósito legal: C 1271-2009

CDU 3: Ciencias Sociais 34: Dereito 791.4 Cinema

© Universidade da Coruña, 2009

© Universidade de Santiago de Compostela, 2009

© Universidade de Vigo, 2009

Coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

Edición técnica

Servizo de Publicacións
da Universidade da Coruña
Edificio Xoana Capdevielle, 1º andar
Campus de Elviña
15071 A Coruña

Tradución

Servizo de Normalización Lingüística da UDC

Imprime

Tórculo Artes Gráficas, S.A.

Dep. Legal

C 1271-2009

ISBN

978-84-9749-332-1

Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluíndo fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación, sen o permiso previo e por escrito das persoas titulares do copyright.

Coordinador

José Pernas García, profesor contratado doutor da Área de Dereito Administrativo da Universidade da Coruña

Autores/as

Xosé Manuel Carril Vázquez, profesor titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade da Coruña

Eduardo Cebreiros Álvarez, profesor titular de Historia do Dereito da Universidade da Coruña

Luis M.^a Cruz, profesor contratado doutor de Filosofía do Dereito da Universidade da Coruña

Xulio Ferreiro Baamonde, profesor contratado doutor de Dereito Procesual da Universidade da Coruña

Fernando García Cachafeiro, profesor titular de Dereito Mercantil da Universidade da Coruña

Rafael García Pérez, profesor contratado doutor de Dereito Mercantil da Universidade da Coruña

Sonia García Vázquez, profesora contratada doutora de Dereito Constitucional da Universidade da Coruña

Carmen Garcimartín Montero, profesora titular de Dereito Eclesiástico da Universidade da Coruña

Eloy Gayán Rodríguez, profesor titular de Dereito Internacional Privado da Universidade da Coruña

Marcos A. López Suárez, profesor contratado doutor en Dereito Civil da Universidade da Coruña

José Pernas García, profesor contratado doutor da Área de Dereito Administrativo da Universidade da Coruña

Luz María Puente Aba, profesora contratada doutora de Dereito Penal da Universidade da Coruña

Jorge Quindimil López, profesor contratado doutor de Dereito Internacional Público da Universidade da Coruña

Luis Rodríguez Moro, profesor contratado interino de substitución de Dereito Penal da Universidade da Coruña

Ricardo Pedro Ron Latas, profesor titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade da Coruña

Marta Sobrido Prieto, profesora contratada doutora de Dereito Internacional Público da Universidade da Coruña

Eva Souto García, profesora contratada interina de substitución de Dereito Penal da Universidade da Coruña

ÍNDICE

APROXIMACIÓN CINEMATOGRAFICA AO DEREITO: DESCRICIÓN E RESULTADOS DUNHA EXPERIENCIA DOCENTE COOPERATIVA	9
A LOBA. HOMICIDIO, ROUBO E AUTONOMÍA DA VONTADE MARCOS A. LÓPEZ SUÁREZ E EVA SOUTO GARCÍA	17
ANATOMÍA DUN ASASINATO. RESPONSABILIDADE PENAL: ENTRE A XUSTIFICACIÓN E A EXCULPACIÓN DO DELITO..... LUZ MARÍA PUENTE ABA	35
O XARDINEIRO FIEL. DEREITOS HUMANOS E XUSTIZA SOCIAL SONIA GARCÍA VÁZQUEZ	49
O MERCADOR DE VENECIA. AS ORIXES DO DEREITO MERCANTIL..... RAFAEL GARCÍA PÉREZ	63
O NOME DA ROSA. DEREITO E INSTITUCIÓNS MEDIEVAIS EDUARDO CEBREIROS ÁLVAREZ	69
O SEÑOR DAS MOSCAS. DEREITO, PODER E SOCIEDADE..... Luís M. ^a CRUZ	79
HOTEL RWANDA. NACIÓNS UNIDAS, CONFLITOS INTERNACIONAIS E OPERACIÓNS DE MANTEMENTO DA PAZ..... JORGE QUINDIMIL LÓPEZ E MARTA SOBRIDO PRIETO	87
A PEQUENA LOLA. ADOPCIÓN INTERNACIONAL..... ELOY GAYÁN RODRÍGUEZ	103
LECCIÓN DE DIGNIDADE. PRECARIIDADE LABORAL COMO CAUSA DE CONFLITOS SOCIAIS XOSE MANUEL CARRIL VÁZQUEZ E RICARDO PEDRO RON LATAS	111

MATAR UN REISEÑOR. O DEREITO A UN PROCESO XUSTO	119
XULIO FERREIRO BAAMONDE	
MATRIMONIO DE COMENENCIA. MATRIMONIO DE COMPRACENCIA.....	131
ELOY GAYÁN RODRÍGUEZ	
UNHA VERDADE INCÓMODA. DEREITO AMBIENTAL E CAMBIO CLIMÁTICO GLOBAL.....	137
JOSÉ PERNAS GARCÍA	
UN HOME PARA A ETERNIDADE. OBXECCIÓN DE CONCIENCIA E XURISDICIÓN ECLESIAÍSTICA.....	147
CARMEN GARCIMARTÍN MONTERO	
UN PLAN SINXELO. DELITOS, PARTICIPACIÓN, RESPONSABILIDADE E NECESIDADE DA PENA.....	155
LUÍS RODRÍGUEZ MORO	
WALL STREET. O ABUSO DE INFORMACIÓN PRIVILEXIADA NOS MERCADOS DE VALORES	165
FERNANDO GARCÍA CACHAFEIRO	

*Aproximación cinematográfica ao
dereito: descrición e resultados
dunha experiencia docente cooperativa¹*

1 Artigo elaborado de modo cooperativo polo profesorado que participou na realización desta obra colectiva.

Desde o ano 2005 na Facultade de Dereito da Universidade da Coruña véñense desenvolvendo iniciativas orientadas a aproveitar a potencialidade do cinema no ensino do dereito: organizáronse cine-forums sobre dereito e cine; creouse unha sección sobre esta materia na biblioteca do centro; e algúns profesores e profesoras comezaron a utilizar a proxección de películas como recurso didáctico complementario na súa docencia. Estas inquedañas pola innovación docente e mais polo coñecemento e estudo da proxección do dereito no cinema, concretáronse na constitución dun grupo de persoal docente e investigador que, consciente da interrelación que existe entre un plano e outro, decidiu crear unha materia de oferta libre sobre dereito e cinema.

A materia cuatrimestral Aproximación Cinematográfica ao Dereito, de catro créditos, impartíuse durante o curso académico 2007-2008. A súa finalidade foi introducir o alumnado de estudos non-xurídicos nos principios e conceptos básicos das diferentes ramas da ciencia xurídica a través do cine. A experiencia perseguía comprobar a potencialidade da representación do dereito no cinema como ferramenta complementaria no ensino das diferentes disciplinas xurídicas. A materia pretendía servir, igualmente, para achegar o alumnado ao cine de calidade e contribuír, neste sentido, a unha formación plena e global do profesional xurista, do membro da comunidade universitaria, que vaia alén do propio coñecemento xurídico.

As persoas destinatarias desta materia foron, na súa meirande parte, alumnado de oferta libre, é dicir, sen coñecementos xurídicos. O seu perfil determinou a metodoloxía e o

nivel de esixencia, mais a súa formulación debería ser diferente se a materia se ofertar como optativa nun novo plano de estudos adaptado ás novas esixencias do Espazo Europeo de Educación Superior. Trátase dunha experiencia relativamente anovadora, xa que temos coñecemento de iniciativas similares noutras universidades españolas, como na de Oviedo, Burgos, Barcelona ou Valencia. De todos os xeitos é claro que se tratan de experiencias puntuais e que materias deste tipo non teñen un profundo arraigo en España. Os estudos de dereito e cine teñen maior presenza nas universidades anglosaxonas, onde, unha vez superado o escepticismo inicial, chegaron a ser un ámbito de docencia e investigación con entidade propia¹.

Para atendermos aos obxectivos dunha materia como esta é fundamental facermos unha selección axeitada das películas, que permita amosarlle ao alumnado algúns dos principios, conceptos e institucións básicas de cada unha das disciplinas xurídicas. Alén diso, é esencial implicarmos o persoal docente e investigador das distintas ramas do dereito, co fin de orientarmos de forma axeitada a sesión e as actividades dedicadas a cada unha das disciplinas. Tal é así que na materia impartida participou persoal docente de diferentes ramas do dereito: dereito constitucional, dereito civil, dereito eclesiástico, dereito mercantil, dereito procesual, dereito do traballo, dereito penal, dereito internacional público, dereito administrativo, e historia do dereito.

A materia foi impartida por un total de 15 profesores e profesoras que, individualmente ou en parellas, organizaron e impartiron cada unha das sesións. Para planificar e darlle coherencia ao desenvolvemento do curso, considerouse oportuno encargarlle a coordinación a un dos profesores para que servira de referencia tanto ao alumnado como ao profesorado. A figura do coordinador nunha materia deste tipo reduce as posibles faltas de coherencia e coordinación, facilita que a avaliación se realice de xeito coordinado e que a metodoloxía se ataña a unha serie de pautas comúns.

A metodoloxía empregada foi consensuada entre todo o profesorado que imparte a materia. Cada semana proxectouse unha película referida ás diferentes materias da Facultade de Dereito. A proxección da película ía precedida dun breve comentario do profesor ou profesora en que se daban certas claves para un visionamento do filme e centrado nas cuestións xurídico-políticas que nel se abordan. Esta exposición previa do profesorado resulta de grande importancia, pois é aquí onde se lle deixa claro ao alumnado que a película debe verse desde un prisma determinado, o xurídico. Non interesa

¹ Rivaya, Benjamín / De Cima, Pablo (2004): *Derecho y cine, en 100 películas. Una guía básica*: páxs. 100 e ss. (Valencia: Tirant lo Blanch).

que o/a estudante se deteña noutros aspectos relevantes, senón que capte determinada problemática xurídica, que o persoal docente aclarará a grandes trazos para situar o tema. Tras a proxección tiña lugar na clase un debate máis en profundidade dirixido polo profesor cara ás cuestións xurídicas esenciais que se deducían da película e, finalmente, o profesor ou profesora realizaba un comentario conclusivo en que se facía referencia ás secuencias xuridicamente máis relevantes da película.

Unha vez finalizada a sesión o alumnado tiña que realizar no prazo dunha semana unha actividade encargada polo profesor ou profesora responsable, quen, logo de recibir a actividade, lle comunicaba, tamén no prazo dunha semana, a súa avaliación. Ademais, xunto coa entrega das actividades corrixidas e avaliadas o profesor correspondente realizaba unha posta en común co alumnado para lle comentar os resultados dos seus traballos. A avaliación continua das actividades nos termos sinalados e mais o respecto polos prazos previstos foi positivo para o desenvolvemento da materia, na medida en que xogou como incentivo para o alumnado á hora de mellorar a realización dos seus traballos. Esta metodoloxía común pretendía darlle unidade a unha materia que foxe dos rixidos esquemas marcados polas tradicionais materias dos planos de estudos da Facultade de Dereito.

Coa finalidade de apoiar o desenvolvemento das sesión e facilitar a realización das actividades vinculadas, o profesorado da materia elaborou, antes do comezo da súa impartición, unha ficha explicativa da película e da actividade que ía ter que realizar o alumnado despois da sesión correspondente. Esta ficha respondía a un modelo común que se respectou na presente publicación. En primeiro lugar ofrécense os datos técnicos e artísticos –ano, país, dirección, produción, guión, música, elenco e duración– e mais a sinopse. En segundo lugar, a ficha inclúe un comentario do/a profesor/a. Nel transmítenelle ao alumnado algunhas claves xurídicas necesarias para facer un visionamento axeitado da película e para realizar a actividade posterior cunhas orientacións básicas. En terceiro lugar, a ficha desenvolve o contido da actividade que vai realizar o alumnado tras a proxección da película. Como se poderá ver nesta publicación, a actividade foi planificada de modo diverso polo profesorado que integra esta iniciativa en atención aos obxectivos de aprendizaxe de cada sesión. Nuns casos pídeselle ao alumnado un comentario xurídico da película e das ideas que xurdiron na sesión de proxección, e noutros configúranse actividades máis guiadas en que o alumnado ten que lle dar resposta a unha serie de cuestións propostas polo profesor ou profesora. Para rematar, a ficha complétase cunha serie de lecturas e películas recomendadas, e coa indicación dalgúns sitios web con información de interese. É dicir, facilítaselle ao alumnado o material de apoio para o seguimento da sesión e o desenvolvemento da actividade que

Ile foi encargada, que resulta de importancia tanto para a preparación da sesión como para a elaboración da actividade correspondente.

Os medios técnicos son fundamentais para o axeitado desenvolvemento dunha materia deste tipo. Por unha banda, a aula e os medios básicos para a proxección das películas deben cumprir os requisitos mínimos de idoneidade. De feito, esta foi unha das cuestións sinaladas polo alumnado na avaliación final da materia. Por outra banda, puxemos en marcha unha plataforma en liña de apoio á docencia no marco da Facultade Virtual propia da Universidade da Coruña. Nela contíñanse cada unha das sesións, a guía docente, que integra o cronograma de desenvolvemento da materia, e mais as avaliacións das actividades realizadas polo alumnado para cada unha das sesións. Esta plataforma permite, igualmente, transmitirlle información ao alumnado sobre aspectos de interese da materia e organizar foros de debate abertos a todo o alumnado.

A materia iniciada este ano foi sometida á avaliación do alumnado, non só a través dos sistemas de avaliación da calidade propios da Universidade da Coruña, senón tamén a través dunha consulta realizada na última sesión da materia. Os resultados obtidos foron de grande interese e permitiron identificar tanto os puntos fortes como os febles. Con relación ás cuestións que foron valoradas de xeito positivo, o alumnado manifestou que a materia fora amena e interesante. Valorou a escolma de películas e temas. Algúns alumnos sinalaron que o carácter complementario entre a sesión de proxección e a ficha facilitou a comprensión da materia. Salientaron tamén, de xeito case que unánime, os coñecementos xurídicos adquiridos e que a metodoloxía facilitou a súa comprensión. Estes aspectos positivos amosan que o resultado se adapta aos obxectivos que nos marcamos desde un inicio: facilitarlle ao alumnado doutras disciplinas uns coñecementos xurídicos básicos de xeito máis accesible.

Non obstante, non todo foi valorado de xeito positivo. En primeiro lugar, moitos dos alumnos manifestaron que as actividades complementarias con preguntas concretas eran máis fáciles de realizar e facilitaban a comprensión da materia. Os comentarios de carácter xeral presentaron máis dificultades, xa que o alumnado non ten coñecementos xurídicos previos e se atopaba con dificultades para a súa realización e aproveitamento. As condicións da aula tamén foi un problema para algún deles. As sesións tiñan unha duración dunhas tres horas, polo cal a comodidade e a calidade do visionamento son factores fundamentais.

O profesorado da materia identificou algúns problemas metodolóxicos que cómpre mellorar. O debate tras a introdución do profesor e a proxección da película (algunha

quizais de demasiada metraxa) non obtivo os resultados agardados en moitos casos. A duración da sesión, a inmediatez da proxección da película, o cansazo do alumnado, a ausencia de coñecementos xurídicos, o feito de non coñecer o profesor ou profesora –en cada sesión intervén persoal docente distinto– e a non-lectura previa da ficha por parte do alumnado foron factores determinantes. Coa finalidade de tentarmos corrixir esta situación, e a proposta do alumnado, modificouse levemente a estrutura das sesións. Os debates posteriores pasaron a realizarse dúas semanas despois antes da presentación da sesión correspondente, cando o alumnado xa fixeran a actividade complementaria e o profesorado xa realizara a avaliación correspondente. Porén, isto funcionou máis como unha posta en común dos resultados das actividades que como un debate real sobre as cuestións aparecidas na película. Algúns membros docentes salientaron o interese desta posta en común e sinalaron a necesidade de organizarmos, en vindeiros cursos, sesións de corrección co alumnado, que requiriran un papel máis activo pola súa parte e nas cales teñan que expor individualmente ou en grupo os resultados do seu traballo. Coa vista posta no futuro desenvolvemento da materia, algúns profesores propuxeron, para evitarmos o problema da falta de participación na aula, diversas alternativas: que o alumnado faga unha lectura antes da sesión; que se lle encargue a un grupo de alumnos e de alumnas a presentación da película e preparación do debate posterior; ou que se reduza o número de sesións, de xeito que se poida afondar máis en cada unha delas.

A valoración do profesorado desta nova experiencia docente foi positiva. O cinema é un medio que potencia a comprensión e o interese con relación a materias que poden resultar áridas nun estudo meramente teórico. A súa utilización como recurso didáctico permite que o alumnado poida establecer vínculos entre os principios, conceptos e institucións explicadas, e os supostos de feito ficticios ou reais reflectidos nas películas, o cal mellora o entendemento e a fixación dos coñecementos xurídicos. Rivaya salienta, desde a súa experiencia, que “se trata dun xeito de ‘aprendizaxe experimental’ que axuda a pasar dos conceptos abstractos ás concretas realidades e posibilita experiencias de *comprensión*, potenciando a *imaxinación xurídica*”².

O cinema constitúe un instrumento válido para lle facer ver ao alumnado a complexidade e interdisciplinabilidade xurídica dos supostos que se producen na práctica, moi afastados da visión ás veces compartimentada que se lle ofrece desde os estudos xurídicos tradicionais. Alén da nosa experiencia, Rivaya e De Cima salientan, neste mesmo

2 Rivaya, Benjamín (2006): “Derecho y cine. Sobre las posibilidades del cine como instrumento para la didáctica jurídica”, en Presno Linera, M. Á. / Rivaya, B. (2006): *Una introducción cinematográfica al Derecho*: páxs. 22 e ss. (Valencia: Tirant lo Blanch).

sentido, que os estudos de cine e dereito contribúen a romper coa visión compartimentada da realidade e a unha formación integral do profesional xurista³.

O cinema é, en definitiva, unha ferramenta útil para o persoal docente aberto a empregar novos instrumentos pedagóxicos, especialmente para aquel implicado en grupos departamentais de calidade e na implantación do sistema ECTS. Coidamos que o cine pode ser unha ferramenta complementaria que contribúa a mellorar a aprendizaxe do alumnado e, por tanto, a calidade do ensino⁴. De todos os xeitos, non podemos deixar de ter claro, como tamén ocorre cos medios técnicos de apoio á docencia, que se trata dun instrumento complementario. Se non entendemos isto, podemos caer no risco de convertermos o accesorio en principal e o esencial en anecdótico. A formación xurídica ten que seguir a ser unha formación basicamente literaria⁵.

Os materiais didácticos publicados neste libro recollen o traballo do profesorado que formou parte da materia de libre elección mencionada, así como doutros membros que se xuntaron a esta iniciativa. As fichas, non obstante, foron modificadas para lles dar un enfoque máis dirixido ao alumnado de estudos xurídicos, polo cal tivemos que realizar un esforzo de afondamento no seu contido. A revisión das fichas didácticas tentou introducir as propostas realizadas polo alumnado, coa finalidade de mellorarmos a metodoloxía utilizada e, nomeadamente, a configuración das actividades complementarias vinculadas a cada unha das sesións. Agardamos que o esforzo realizado poida ser de utilidade como un instrumento metodolóxico no ensino do dereito.

3 *Derecho y cine, en 100 películas...*, ob. cit., páx. 97. Os autores afirman que “(...) si se quiere una educación jurídica integral, holística, es razonable pedir al estudiante de Derecho que no se ciña sólo a tratados y leyes, y que aprenda hasta del ‘material no jurídico’” (ibídem).

4 Véxase neste sentido a Rivaya, Benjamín, “Derecho y cine...”, ob. cit., páxs. 22 e ss.

5 Coincidimos neste sentido coas apreciacións de Rivaya e De Cima (ídem, p. 99).

MARCOS A. LÓPEZ SUÁREZ E EVA SOUTO GARCÍA

*A loba. Homicidio, roubo e autonomía
da vontade.*

1. Película

TÍTULO

A loba (The little foxes)

FICHA TÉCNICO-ARTÍSTICA

Ano: 1941

País: Estados Unidos

Dirección: William Wyler

Producción: MGM

Guión: Lillian Hellman

Música: Meredith Willson

Elenco: Bette Davis, Teresa Wright, Herbert Marshall, Patricia Collinge, Dan Duryea e Charles Dingle

Duración: 116 minutos

SINOPSE

A loba conta a historia dunha calculadora e desapiadada muller do sur (Regina Giddens) que, casada cun home honesto afectado por unha grave doenza cardíaca, antepón a ambición e a cobiza a calquera outro sentimento.

2. Temática xurídica

Palabras clave: contrato; consentimento; vicios do consentimento; captación de vontade; nulidade; anulabilidade; matrimonio; desherdamento; indignidade sucesoria; indución, autoría e participación; roubo con forza; apropiación indebida; omisión do deber de socorro; homicidio doloso en comisión por omisión.

A película aborda directa ou indirectamente varios temas nucleares do dereito civil e do dereito penal como son os relacionados coa autonomía da vontade nos seus diferentes ámbitos (contractual, matrimonial e sucesorio) e as figuras delituosa que os personaxes do filme puideren chegar a cometer (roubo con forza e apropiación indebida, por unha banda, e omisión do deber de socorro e homicidio en comisión por omisión, pola outra).

3. Comentario

Na película proposta como actividade subxacen diversos temas de índole xurídica. Algúns deles enmárcanse dentro do denominado dereito civil, en tanto que outros se refíren a cuestións de dereito penal.

I

Desde a perspectiva do dereito civil son tres as cuestións básicas sobre as que cabe incidirmos:

En primeiro lugar, o **consentimento contractual** e a ausencia de vicios na formación dese consentimento.

En segundo lugar, en conexión co anterior, os requisitos ou presupostos que no dereito español se esixen para poder contraer matrimonio e, até que punto, a promesa dun futuro matrimonio ten efectos vinculantes.

En terceiro lugar, no ámbito sucesorio cabe reflexionarmos sobre as figuras da **indignidade** sucesoria e mais a do **desherdamento**. E é que no dereito español debe terse en conta que determinadas persoas (*lexitimarios*) teñen dereito a recibir unha parte da herdanza do causante, salvo que entrar en xogo algunha das que dan lugar á indignidade ou ao desherdamento.

O CONSENTIMENTO CONTRACTUAL

A realización dun contrato require a converxencia das manifestacións de vontade das que son as partes dese negocio xurídico. No ámbito do dereito privado a vontade das partes ten tal relevancia que as partes contratantes poden establecer os pactos, cláusulas e condicións que tiveren por convenientes, sempre que non foren contrarios á lei, á moral ou á orde pública (*cf.* art. 1.255 do Código civil, en adiante CC). Na película que serve de base para a actividade, atopamos unha paradigmática manifestación do principio da autonomía da vontade cando os irmáns Hubbard (Benjamin, Oscar e Regina), ao trataren da instalación dunha futura fábrica algodoeira, sinalan que, aínda que sexa lóxico que se cada un deles inviste a mesma cantidade de cartos no negocio obteña a mesma porcentaxe nos beneficios, “non hai unha lei que o diga”.

En todo caso, cómpre que as diversas declaracións de vontade contractuais sexan conscientes, racionais e libres; noutros termos, non deben concorrer circunstancias (denominadas “vicios do consentimento”) que fagan que a declaración non sexa plenamente consciente (erro e dolo) ou plenamente libre (violencia e intimidación). Do contrario, o contrato ou negocio xurídico sería nulo.

Existe erro cando a vontade se forma sobre a base dunha falsa crenza ou representación da realidade. Porén, para que o erro invalide o consentimento é preciso que recaia sobre a substancia da cousa que for obxecto do contrato, ou sobre aquelas condicións súas que motivaren a súa celebración. O erro sobre a persoa só invalidará o contrato cando a consideración a ela for a súa causa principal. Por outra parte, o simple erro de conta só vai dar lugar á súa corrección (*cf.* art. 1.266 CC).

Hai violencia cando para obter o consentimento se emprega unha forza irresistible. E hai intimidación cando se lle inspira a unha das partes contratantes o temor racional e fundado de sufrir un mal inminente e grave na súa persoa ou bens, ou na persoa ou bens do cónxuxe, descendentes ou ascendentes; para cualificar a intimidación debe terse en conta a idade e a condición da persoa (*cf.* arts. 1.267 e 1.268 CC).

Finalmente hai dolo cando, con palabras ou maquinacións insidiosas de parte dun dos contratantes, a outra parte é inducida a realizar un contrato que, sen elas, no tería feito. Agora ben, para que o dolo produza a nulidade dos contratos deberá ser grave e non ser empregado polas dúas partes contratantes (*cf.* arts. 1.269 e 1.270 CC).

Pois ben, tendo presente o anterior e pódoo en relación coa película, en concreto con aquela escena en que os irmáns de Regina tratan de convencer a Horace para que participe no negocio da fábrica, habería que se preguntar pola validez do consentimento do propio Horace no caso de que, finalmente, accedese ás demandas dos seus cuñados. Podería falarse, daquela, dun consentimento libre? ou, pola contra, estaríamos ante un suposto de captación de vontade?

OS REQUISITOS DO MATRIMONIO E A PROMESA DE MATRIMONIO

En diversos momentos da película faise referencia á posibilidade de concertar un matrimonio entre a filla de Regina (Alexandra) e o fillo do seu irmán Oscar (Leo). Isto lévanos a reflexionar sobre dúas cuestións: por unha banda, os efectos que se seguen da promesa de matrimonio e, pola outra, os requisitos do matrimonio.

Canto ao carácter vinculante da promesa de matrimonio, xa non cando este é concertado polos pais dos futuros cónxuxes —o que evidentemente carece de toda validez—, senón cando a promesa en cuestión a fan os noivos, debe terse presente que a dita promesa non produce a obriga de contraer o matrimonio nin de cumprir aquilo que se estipular para o suposto da súa non-celebración (*cf.*: art. 42 CC). Ademais, o incumprimento sen causa da promesa certa de matrimonio tampouco dará dereito a solicitar unha indemnización polos danos morais causados, aínda que si xera a obriga de resarcir os gastos feitos e as obrigas contraídas en consideración do matrimonio prometido: pénsese, por exemplo, nos gastos derivados da organización do banquete e outros similares (*cf.*: art. 43, párr. 1.º, CC).

Polo que respecta aos requisitos do matrimonio, o Código civil establece que non poderán contraer matrimonio as persoas menores de idade non emancipadas e mais as que estiveren ligadas cun vínculo matrimonial (*cf.*: art. 46 CC). A emancipación, que con carácter xeral se pode obter a partir dos 16 anos xa for por concesión paterna, xa for por concesión xudicial (*cf.*: arts. 314 a 321 CC), é un estado civil intermedio entre a minoridade e a maioridade que se caracteriza porque ao menor emancipado se lle recoñece unha capacidade de obrar —isto é, capacidade para realizar validamente actos e negocios xurídicos— similar aínda que non idéntica á da persoa maior de idade (*cf.*: arts. 322 e 323 CC).

Con todo, a regra formulada que circunscribe a capacidade de contraer matrimonio a quen se acha emancipado conta cunha excepción que vén representada polos menores de 14 anos, que poderán contraer matrimonio de concorrer unha xusta causa e de obtiveren unha dispensa por parte do xuíz de primeira instancia (*cf.*: art. 48, párr. 1.º, CC).

Mais alén da “idade” e da liberdade de estado –o non estar ligado con vínculo matrimonial– o Código civil regula dous impedimentos, é dicir, circunstancias que impiden contraer matrimonio a dúas persoas entre si. Deste xeito, tampouco poderán contraer matrimonio as persoas condenadas como autores ou cómplices da morte dolosa do cónxuxe de calquera deles (*cf.* art. 47.3.º CC) nin os parentes en liña recta (a que une persoas que descenden unha doutra: avós, pais, fillos...) por consanguinidade ou adopción, nin os colaterais (parentes que non descenden uns dos outros, mais que proceden dun tronco común: irmáns, tíos, curmáns...) até o terceiro grao (art. 47.1.º e 2.º CC).

Por tanto, tendo en conta que para o cómputo dos graos na liña colateral debe subirse até o tronco común e despois baixar até a persoa con que se fai a computación, xa se estaría en condicións óptimas para dilucidarmos se Alexandra e Leo, que son curmáns, poden contraer matrimonio entre si.

A INDIGNIDADE SUCESORIA E O DESHERDAMENTO

Nunha das secuencias finais da película Regina Hubbard ante o súbito ataque ao corazón que sofre o seu esposo, adopta unha actitude totalmente pasiva e négalle o pertinente auxilio en forma de medicamento que, de certo, lle mitigaría os fatais efectos do mencionado ataque. En estreita conexión coas consecuencias que da súa omisión se puideren derivar no ámbito penal, e que son obxecto de comentario específico na segunda parte desta exposición, a conduta da protagonista enlaza con dúas institucións básicas do dereito de sucesións: a indignidade, por unha banda, e o desherdamento, pola outra.

A indignidade sucesoria caracterízase polo feito de que aquelas persoas que cometeren actos de certa gravidade contra o causante (ou persoa que causa a sucesión) perden o dereito que potencialmente posuían respecto á súa herdanza.

As condutas que poden dar lugar á indignidade áchanse enumeradas no artigo 756 do CC e entre elas figura a de ser “condenado en xuízo por atentar contra a vida do testador, do seu cónxuxe, descendentes ou ascendentes” (art. 756.2.º CC), e sinálase, alén disto, que nestes supostos “agardarase a que se dite a sentenza firme” (art. 758, párr. 2.º, CC).

Unha vez dito o anterior, as causas de indignidade deixan de surtir efecto de as coñecer a persoa que testa ao tempo do testamento ou se, de as souber despois, as remitir en documento público (*cf.* art. 757 CC). No primeiro caso, fálase de remisión tácita; no segundo, de remisión expresa.

De todas formas, é posible que o indigno entre en posesión dos bens hereditarios. Para tales hipóteses está previsto a restitución dos bens coas súas accesións e froitos (*cf.* art. 760 CC), aínda que de transcorreren cinco anos sen que ninguén solicitar xudicialmente a declaración de indignidade, xa non sería posible privar o indigno dos bens en cuestión.

En íntima conexión coa indignidade atópase o desherdamento: non en van, as causas que os determinan son, en gran parte, comúns (*cf.* arts. 852 a 855). Porén, indignidade e incapacidade teñen un ámbito de operación diferente. A través do desherdamento perséguese a privación de dereitos lexitimarios aos denominados herdeiros forzosos que incorren nunha das denominadas causas legais de desherdamento.

As causas de desherdamento varían en función do concreto herdeiro forzoso. Así, cando se tratar do cónxuxe, alén da xa sinalada no art. 756.2.º, serían xustas causas de desherdamento o “incumprir grave ou reiteradamente os deberes conxugais” (art. 855.1.ª CC), isto é, os deberes de convivencia, fidelidade, socorro e auxilio mutuo ou “atentar contra a vida do cónxuxe testador, de non mediar reconciliación” (art. 855.4.ª CC).

A diferenza da indignidade, o desherdamento só pode facerse en testamento no cal se expresará a xusta causa en que se fundar (*cf.* art. 849 CC) e a proba, se for certa a causa, corresponderalles aos herdeiros de quen testa se a persoa desherdada a negar (*cf.* art. 850 CC).

A reconciliación posterior entre ofensor e ofendido, priva este do dereito de desherdar e deixa sen efecto o desherdamento xa feito (*cf.* art. 856 CC).

Así pois, á vista da conduta de Regina, habería que determinar cal das dúas institucións xurídicas podería entrar en xogo e que consecuencias xurídicas se derivarían nun ou noutro caso.

II

Desde a perspectiva do dereito penal son tres os aspectos que deben ser analizados:

- a) En primeiro lugar, cómpre diferenciarmos entre as condutas delituosas de **roubo con forza** e a **apropiación indebida**. Cómpre comprobarmos se as accións descritas encaixan nun ou noutro tipo penal. Para iso, estudaranse os requisitos de ambos os delitos e comprobarase a coincidencia dos feitos relatados co ditado do texto penal.

- b) En segundo lugar, cómpre analizarmos os tipos penais de **omisión do deber de socorro e homicidio en comisión por omisión**. No dereito penal español sanciónanse tanto as condutas activas como as omisivas. O feito de “non actuar” equivale en certos supostos a unha acción positiva (é o propio Código penal o que nos indica cando é posible criminalizar a pasividade dun suxeito).
- c) En terceiro lugar, cómpre examinarmos o concepto de **indución**. A indución á comisión dun delito é considerada polo lexislador penal como un xeito de **participación** no delito; no entanto, asimíllase á **autoría** para efectos de pena. Neste sentido, convencer outro suxeito de que cometa un delito converte o indutor en autor.

OS DELITOS DE ROUBO CON FORZA NAS COUSAS E APROPIACIÓN INDEBIDA NO CÓDIGO PENAL

Ambos e dous tipos penais regúlanse no Título XIII do Libro II do Código penal (CP) dedicado a “os delitos contra o patrimonio e a orde socioeconómica”. Segundo a opinión doutrinal dominante, o delito de roubo con forza nas cousas e o tipo penal de apropiación indebida presentan como ben xurídico protexido o patrimonio. Son, por tanto, delitos contra o patrimonio.

Comezando polo **delito de roubo con forza nas cousas**, cómpre ter presentes dúas notas básicas. En primeiro lugar que, xunto aos delitos de roubo, quen legisla tipificou o delito de furto. E, en segundo lugar, dentro da categoría dos delitos de roubo, a lexislación penal diferenciou entre o delito de roubo con forza nas cousas e o delito de roubo con violencia ou intimidación.

Todos os delitos enunciados presentan como característica común o feito de que a conduta típica consiste no apoderamento, con ánimo de lucro, de cousas mobles alleas (*vid.* arts. 234 e 237 do CP). A diferenza entre o delito de furto (arts. 234 a 236 do CP), roubo con forza nas cousas (arts. 237 a 241 do CP) e roubo con violencia ou intimidación (arts. 237 e 242 do CP) radica no xeito en que se realizar o apoderamento. Así, no delito de furto o autor apodérase da cousa moble allea sen mediar forza nas cousas, violencia ou intimidación. Haberá que comprobar, por tanto, a concorrencia destas últimas circunstancias para determinarmos en cada caso concreto o delito que ten que se aplicar. Para iso, cómpre coñecermos o significado dos termos “forza nas cousas” e “violencia e intimidación”.

Segundo o ditado do art. 237 do CP, o roubo con forza caracterízase polo dato de que quen delinque emprega forza nas cousas para “acceder” ao lugar onde estas se atopan. Seguidamente, nos arts. 238 e 239 descríbese o concepto de forza nas cousas. Para o Código penal constátase forza nas cousas cando se accede ao lugar onde se atopa a

cousa allea obxecto do apoderamento mediante: escalamento, rompedura de parede, teito ou chan, fractura de porta ou ventás, fractura de armarios, arcas ou outra clase de mobles ou obxectos pechados ou selados, así como o forzamento das súas pechaduras ou descubrimento das súas claves, a inutilización de sistemas específicos de alarma ou garda e, finalmente, o uso de chaves falsas. Respecto deste último concepto, o art. 239 do CP especifica que se consideran chaves falsas: as ganzúas ou outros instrumentos análogos, as chaves lexítimas perdidas polo propietario ou obtidas por un medio que constituía infracción penal, e calquera outras que non foren destinadas pola persoa propietaria para abrir a pechadura violentada.

Pola súa parte, o roubo con violencia e intimidación caracterízase porque o apoderamento do obxecto do delito se realiza usando violencia ou intimidación. Por violencia ten que se entender toda aplicación dunha forza física directamente sobre as persoas, mentres que a intimidación ten que se conceptualizar como toda ameaza de causar un mal inmediato de suficiente entidade como para causar medo na vítima e dobregar a súa vontade. En ambos os casos o que se pretende é que a vítima entregue inmediatamente a cousa que se pretende roubar ou non se opoña ao acto de apoderamento.

A teoría exposta é fácil de comprender de recorrermos a un exemplo. Así, comete delito de roubo con forza quen para se apoderar dos obxectos que se encontran dentro dunha maleta pechada rompe o mecanismo de peche, mentres que comete delito de roubo con violencia ou intimidación o suxeito que para se facer cos cartos doutro se serve de ameazas ou recorre á agresión. Pola súa banda, comete delito de furto quen, aproveitando o despiste do outro, lle subtrae a chaqueta. Como pode observarse, neste último caso a habilidade do autor do delito é o medio que permite o apoderamento.

Polo que se refire ao **delito de apropiación indebida**, regúlase no art. 252 do CP e sanciona a conduta de quen en prexuízo dun terceiro se apropia ou subtrae cartos, efectos, valores ou calquera outra cousa moble ou activo patrimonial que recibira en depósito, comisión ou administración, ou por título que produza obriga de devolución ou entrega, ou cando se nega ter recibido a cousa.

Como pode observarse, ten que existir un contrato polo cal se entregou unha cousa moble allea, que debe ser devolta ao seu propietario. O Código penal proporciónanos varios exemplos dos ditos contratos: os contratos de depósito, comisión ou administración. Porén, non se trata dunha enumeración pechada, senón que calquera outro contrato que implique obriga de devolución poderá servir de base ao delito. Por exemplo, un contrato de transporte de mercadorías.

De trasladarmos o dito até o momento á película obxecto deste estudo, debemos deternos na escena en que Leo, empregado de banca, se apodera dos títulos valores de Horace gardados na caixa forte do banco. Para iso, Leo emprega as chaves da caixa forte que están a cargo do director do banco.

Nunha das escenas finais, Regina alude a este feito como un roubo. As cuestións que nos debemos formular á luz do Código penal español son: está no certo Regina ao realizar esta afirmación? É a conduta constitutiva dun roubo ou dunha apropiación indebida? E, se é un roubo, que tipo de roubo é?

OS DELITOS DE OMISIÓN DO DEBER DE SOCORRO E HOMICIDIO EN COMISIÓN POR OMISIÓN

Segundo o artigo 10 do CP, son delitos ou faltas as accións ou omisións penadas pola lei. É posible, por tanto, cometer un delito ou falta “facendo algo” como “non facendo nada”, sempre e cando así o determinar quen legisla. Un exemplo do primeiro caso é a acción de matar alguén. Matar implica un facer. Un exemplo do segundo caso, é dicir, de delito cometido por omisión, é precisamente o suposto que nos ocupa nesta epígrafe, isto é, o **delito de omisión do deber de socorro**. Nos arts. 195 e 196 do CP sanciónase a quen non socorrer unha persoa que se atopar desamparada e en perigo manifesto e grave, cando puiden facelo sen risco propio nin de terceiros. Precísase, por tanto, que unha persoa se atope nunha situación de grave perigo para a súa vida ou integridade física e que esta non poida valerse por si mesma, nin conte coa axuda doutra. En tal situación, o suxeito que, sen risco propio, non socorra a persoa desamparada comete o delito de omisión do deber de socorro porque “non fai nada”. Por exemplo, vou camiñando polo bosque e atópome cun cazador gravemente ferido que non pode moverse e, no canto de o socorrer, paso de largo.

En relación co **homicidio** cómpre dicirmos que o art. 138 do CP sanciona a quen mate outro. En principio, matar é unha acción positiva. Por exemplo, comete homicidio o que acoitela outro no corazón e lle provoca a morte.

No entanto, en certos casos é posible falarmos de homicidio aínda cando quen comete o delito de homicidio realmente non realizou acción ningunha. Trátase dos supostos de **homicidio en comisión por omisión**. Para que se poida cometer o delito de homicidio en comisión por omisión teñen que se dar os requisitos do art. 11 do CP. Nel establécese a teoría xeral da comisión de delitos e faltas en comisión por omisión e que, a grandes trazos, pode dicirse que permite sancionar como accións determinadas omisións que en principio non serían delituosas. Para comprendermos mellor a que nos referimos, reparemos no caso dunha nai que non alimenta o seu fillo acabado de nacer. A nai que

non lle subministra alimentos ao seu fillo realmente non realiza acción ningunha, senón que omite o feito de alimentar o meniño. Como consecuencia desta omisión prodúcese un resultado de morte. Porén, e tendo en mente que o homicidio require unha acción positiva de matar, sucedería que a nai non mata o neno. A súa inacción non sería, en principio, delituosa e non podería ser considerada responsable do resultado de morte. Porén, para evitarmos a impiedade da nai podemos recorrer á previsión do art. 11 do CP, pola que certas omisións se consideran equivalentes a unha acción. O mesmo pode dicirse do profesional socorrista que non salva unha persoa que se está a bañar cando pode facelo. O socorrista asinou un contrato polo que se compromete a salvagardar a vida dos bañistas. Se conscientemente non o fai e deixa morrer o bañista pode dicirse que aínda que non fai nada, o resultado de morte se lle pode imputar.

En ambos os casos cúmprense os requisitos do art. 11 do CP: a posición de garante (que implica unha obriga ou deber de actuar), a produción dun resultado, e a posibilidade de o evitar. Respecto da posición de garante, a doutrina opina que esta se adquire de diversos xeitos: porque existe un mandato legal –por exemplo, a existencia dun contrato de socorrista–, porque en determinados supostos se entende que existe un deber de coidado específico –por exemplo, deber da nai de coidar os seus fillos– ou porque un suxeito creou unha situación de risco que pode comportar un resultado delituoso que debe evitarse –por exemplo, o deber do bañista de tentar salvar un neno ou nena que empurrou imprudentemente á auga–.

Como pode observarse, no delito de omisión de socorro sanciónase o feito de non socorrer outro e quen lexisla impón unha pena para esa omisión. Concretamente, prevese unha pena de multa de 3 a 12 meses. Pola súa banda, no delito de homicidio en comisión por omisión a pena prevista é a de homicidio. Se se determinar que o homicidio é doloso, a pena será de prisión de entre 10 a 15 anos; se se entender que o homicidio é imprudente a pena que se prevé é a de prisión de 1 a 4 anos.

Chegados a este punto debemos cuestionarnos en que medida todo o dito é aplicable á película *A loba*. A escena que agora cómpre lembrarmos é aquela en que Horace sofre un ataque ao corazón: nela, Horace e Regina discuten no salón. Malia que Regina coñece o delicado estado de saúde do seu marido, esta incrépao e diríxelle duras palabras. Froito da excitación da discusión Horace comeza a se sentir mal e dispónse a tomar a medicina que o médico lle receitou. Desafortunadamente cáelle e o contido da botella vértese. Horace precisa que Regina lle traia outro frasco que se atopa no andar de arriba. Porén, Regina non sobe a buscar a medicina, senón que fica queda vendo como Horace empeora. Ao día seguinte Horace morre.

Relatados deste xeito os feitos, debemos, a seguir, formularnos os seguintes interrogantes: a inacción de Regina é constitutiva de delito?, e se a resposta é afirmativa, que delito comete? Omisión do deber de socorro? Homicidio en comisión por omisión? Cómpre termos presente que de se optar polo homicidio en comisión por omisión ten que se constatar que se cumpren todos os requisitos antes mencionados de posición de garante, causación dun resultado e posibilidade de o evitar. Neste sentido, pode dicirse que Regina é garante porque existe un deber especial de coidado entre os cónxuxes? Ou é garante porque ela mesma creou a situación de risco para a vida do seu marido gravemente enfermo? Lémbrese en todo momento que a diferenza de pena é substancial.

OS CONCEPTOS DE AUTORÍA E PARTICIPACIÓN NO DEREITO PENAL

Seguindo o ditado do art. 27 do CP, son responsables criminalmente dos delitos e as faltas os autores e os cómplices. Seguidamente no art. 28, quen legisla define o concepto de autor. Así, é autor quen realizar o feito constitutivo de delito ou falta por si só, conxuntamente ou por medio doutro do que se servir como instrumento. E engade, a continuación, que tamén será considerado autor quen inducir directamente outro ou outros a executaren o feito e quen cooperar na súa execución cun acto sen o cal non se efectuaría. Pola súa banda, a definición de cómplice ten que se buscar no art. 29 do CP, segundo o cal son cómplices aqueles que, sen estaren comprendidos no art. 28 antes mencionado, cooperaren na execución do feito con actos anteriores ou simultáneos.

Hai que aclarar, porén, e segundo o criterio maioritario da doutrina penal, que as persoas indutoras e as que cooperan son partícipes no delito ou falta, e non autores. Quen legisla quere dicirnos no art. 28 do CP que á persoa indutora e á que coopera de xeito necesario imporáselles a mesma pena que á persoa autora do delito ou falta. Contrariamente, e seguindo o texto do art. 63 do CP, a persoa cómplice verá rebaixada a pena nun grao en relación coa pena que corresponder aos autores do delito ou falta. En definitiva, podemos dicir que no ámbito dos suxeitos responsables criminalmente pode distinguirse entre os autores e os partícipes.

É autor quen realizar o feito por si mesmo, conxuntamente ou empregando outra persoa como instrumento. Esta última clase de autoría é coñecida no ámbito do dereito penal como “autoría mediata”, pois utilízase outro suxeito como “medio” ou “instrumento” para cometer o delito ou falta. Así sucede cando, por exemplo, unha persoa introduce na maleta doutra, e sen o seu coñecemento, unha cantidade de droga para que a transporte e así cruzar a fronteira. Quen comete o delito de tráfico de drogas é o que introduce a droga na maleta e non quen a transporta.

Pola súa parte, son partícipes os indutores, cooperadores necesarios e os cómplices. Inducir implica facer xurdir noutra persoa a idea de cometer un ilícito penal. A persoa a que lle se induce non tiña a intención de delinquir antes de que a persoa indutora a convencera de o facer. Por exemplo, unha muller convence o seu amante de que o mellor xeito de estaren xuntos é que este mate o seu marido. O amante nunca antes considerara esta posibilidade, senón que é a raíz das peticións da muller cando accede. Á súa vez, a cooperación necesaria e mais a complicidade supoñen a realización dun acto ou varios de axuda ao autor do delito ou falta. A diferenza de pena vén determinada pola importancia dos actos de axuda. Cando a colaboración for imprescindible, aplicarase a figura da cooperación necesaria, mentres que nos demais supostos de axuda ao autor se apreciará a complicidade. En numerosas ocasións a distinción entre a cooperación necesaria e a complicidade non é fácil. Así, será cooperador necesario quen lle proporcionar o veneno ao amante que mata o marido, sempre que se poida probar que o homicida non tiña outro xeito de o conseguir. Se se demostrar que o podería obter por outros medios, daquela haberá que apreciar a complicidade.

De relacionarmos o dito coa película agora analizada, debemos deternos en dúas escenas. En primeiro lugar, é imprescindible prestármolle atención á escena en que Leo, cando está no baño con Oscar, lle comenta a este último que coñece o contido da caixa forte que o seu tío Horace ten no banco. Oscar descobre así que Leo ten acceso á caixa forte.

Posteriormente, nunha escena no salón da casa de Horace e Regina, Oscar, Leo e Ben falan da posibilidade de que Leo colla os títulos valores que pertencen a Horace, para así financiar o negocio do algodón que, coidan, os fará ricos. Finalmente, Leo apodérase dos títulos valores e comete unha infracción penal. Se contestamos as cuestións formuladas na epígrafe primeira, saberemos que infracción penal cometeu Leo. Porén, agora corresponde determinarmos como deben responder criminalmente Leo, Oscar e Ben. É dicir, haberá que cualificar a actuación de cada un deles como autores ou partícipes, no caso de o seren.

4. Actividade

O alumnado poderá traballar en grupos integrados como máximo por catro persoas.

Cada grupo deberá contestar un cuestionario de elección múltiple conformado por 12 preguntas:

1. Para poder contraer matrimonio requírese:
 - a) Ter alcanzada a maioridade
 - b) Ter cumpridos doce anos, sempre que mediar causa xusta
 - c) Estar emancipado

2. Cando se tratar de parentes, non poderán contraer matrimonio entre si:
 - a) Os parentes por consanguinidade en liña colateral até o terceiro grao en caso ningún
 - b) Os parentes por consanguinidade en liña recta
 - c) Os parentes por consanguinidade en liña colateral até o cuarto grao

3. Cal dos seguintes vicios non invalida o consentimento contractual?
 - a) O erro de conta ou numérico
 - b) A violencia e a intimación
 - c) O dolo

4. O contrato de préstamo:
 - a) É oneroso e deberánselle aboar, en todo caso, ao prestamista os correspondentes xuros
 - b) É indispoñible, no sentido de que as partes non poden regular o seu contido
 - c) Denomínase comodato se ten por obxecto cousas non funxibles

5. Cal das seguintes afirmacións sobre o testamento notarial é falsa?
 - a) Existen dúas modalidades de testamento notarial: o aberto e o pechado
 - b) Para poder outorgalo, requírese ser maior de 14 anos
 - c) O testamento aberto debe ser adverado para comprobar a identidade da persoa que testa

6. Cal das seguintes afirmacións sobre o testamento ológrafo é verdadeira?
 - a) O testamento ológrafo pode estar escrito todo el por calquera medio mecánico
 - b) Para que produza efectos, o testamento ológrafo debe adverarse e protocolizarse
 - c) As persoas maiores de 14 anos poderán outorgar testamento ológrafo

7. Segundo os arts. 238 e 239 do Código penal, o roubo con forza nas cousas require que se produza unha apropiación de cousa allea utilizando:
 - a) Violencia física sobre as persoas
 - b) Unha chave falsa –p.ex. a chave orixinaria obtida ilexítimamente–
 - c) Intimidación sobre as persoas

8. Cal das seguintes afirmacións sobre o delito de apropiación indebida –art. 252 do Código penal– non é certa?
- Cómpre que a cousa obxecto da apropiación fose recibida en depósito, comisión ou administración, ou outro título que produza obriga de a entregar ou devolver
 - Cómpre que se utilice unha chave falsa para realizar a apropiación
 - Poden ser obxecto de apropiación indebida os cartos, os títulos valores ou calquera outra cousa moble
9. A indución implica:
- Que se coopere co autor do delito con actos necesarios para a comisión do delito
 - Que a persoa indutora faga xurdir noutra persoa a idea de cometer un delito
 - Que se axude o autor ou autora do delito con actos non imprescindibles para a súa comisión
10. Cal das seguintes afirmacións sobre a indución é falsa?:
- O indutor, malia ser un partícipe, é sancionado coa mesma pena que o autor delito
 - O indutor convence o autor do delito para que o cometa
 - A pena que se lle impón ao indutor é inferior á do autor do delito
11. Cal dos seguintes elementos non é un requisito do delito de omisión do deber de socorro do art. 195.1 do Código penal?:
- Unha situación de perigo grave para a vida ou integridade física dunha persoa
 - Non auxiliar a quen se atopar desamparado e en grave perigo
 - A posición de garante de quen omite o auxilio fronte ao suxeito que se atopa nunha situación de grave perigo
12. Pode ser autor dun delito de homicidio doloso en comisión por omisión por ser considerado garante:
- A nai que deixa morrer de fame o seu fillo acabado de nacer
 - O socorrista que, podéndoo facer, non salva o bañista
 - Ambas as respostas, *a* e *b*, son correctas

5. Lecturas recomendadas, películas relacionadas e sitios web de interese

LECTURAS RECOMENDADAS

- Manuais de dereito civil:
 - ALBALADEJO GARCÍA, M. (2007¹³): *Curso de Derecho civil II, Derecho de obligaciones* (Madrid: EDISOFER).

- MARTÍNEZ DE AGUIRRE, C. / DE PABLO CONTRERAS, P. / PARRA LUCÁN, M.^a A. / PÉREZ ÁLVAREZ, M. A. (2008²): *Curso de Derecho civil (II). Derecho de obligaciones* (Madrid: Colex).
- LACRUZ BARDEJO, J. L. *et alii* (2007³): *Elementos de Derecho civil V. Sucesiones* (Madrid: Dykinson).
- Manuais de dereito penal:
 - MUÑOZ CONDE, F. (2007⁷): *Derecho Penal. Parte General* (Valencia: Tirant lo Blanch).
 - MUÑOZ CONDE, F. (2007¹⁶): *Derecho Penal. Parte Especial* (Valencia: Tirant lo Blanch).

PELÍCULAS RELACIONADAS E SITIOS WEB DE INTERESE

Polo que respecta á formación do consentimento no ámbito matrimonial e mais á promesa de matrimonio poderían destacarse, entre outras, as seguintes cintas: *Mr. & Mrs. Smith (Matrimonio orixinal)* de Alfred Hitchcock, *Holy Matrimony (Sagrado matrimonio)* do mestre do melodrama John M. Stahl, *O pisiño* de Marco Ferreri –onde tamén conflúen aspectos sucesorios– ou, en fin, a máis recente *Green Card (Matrimonio de comenencia)* de Peter Weir.

Canto ao roubo e á apropiación indebida, son numerosísimas as películas en que se aborda dun ou doutro xeito a temática aludida. Un elenco polo miúdo de “As 100 mellores películas de roubos” pode consultarse na sección de “As nosas listas” do web www.decine21.com. En calquera caso, vallan como destacados expoñentes do dito *The Killing (Atraco perfecto)* de Stanley Kubrik, *To Catch A Thief (Atrapa un ladrón)* de Alfred Hitchcock, *Butch Cassidy and The Sundance Kid (Dous homes e un destino)* de George Roy Hill, ou as máis recentes *Reservoir Dogs* de Quentin Tarantino e *The Italian Job* de F. Gary Gray.

Finalmente, no que atinxe á omisión do deber de socorro, considérase sumamente interesante, dado que constitúe o punto de partida de toda a trama, o visionamento de *Morte dun ciclista* de Juan Antonio Bardem.

LUZ MARÍA PUENTE ABA

Anatomía dun asasinato.

*Responsabilidade penal: entre a
xustificación e a exculpación do delito*

1. Película

TÍTULO

Anatomía dun asasinato (Anatomy of a murder)

FICHA TÉCNICO-ARTÍSTICA

Ano: 1959

País: Estados Unidos

Dirección e produción: Otto Preminger

Guión: Wendell Mayes

Música: Duke Ellington

Elenco: James Stewart, Lee Remick, Ben Gazzara, Arthur O'Connell, Eve Arden, Kathryn Grant, George C. Scott, Orson Bean, Russ Brown, Murray Hamilton, Brooks West, Ken Lynch, John Qualen, Howard McNear, Alexander Campbell, Ned Wever, Jimmy Conlin, Royal Beal, Joseph Kearns, Don Ross, Lloyd Le Vasseur, James Waters, Joseph N. Welch e Duke Ellington

Duración: 153 minutos

SINOPSE

Un avogado asume a tarefa de defender en xuízo un tenente do exército que matou o violador da súa muller. Tras realizar as primeiras pescudas sobre os feitos, que o avogado obtén basicamente das súas entrevistas co tenente e a súa dona, comeza a realiza-

ción do xuízo perante un xurado. Comezan, tamén, a comparecer no xuízo diferentes testemuñas, achegadas polo avogado defensor e mais polo fiscal acusador, e das súas declaracións van xurdindo novos e interesantes datos sobre os feitos, que serven de base ao continuo traballo do avogado no seu obxectivo de demostrar que o acusado non era responsable dos seus actos cando causou a morte da vítima.

2. Temática xurídica

Palabras clave: asasinato; trastorno mental; arrebatado; xustificación; imputabilidade; esixibilidade.

A película céntrase no axuizamento dun home acusado de matar o violador da súa muller. O protagonista fundamental é o avogado defensor, quen acepta o caso e se dedica a estudar as posibilidades de defensa do seu cliente. Gran parte da duración da película corresponde á celebración do xuízo, o cal supón unha mostra do sistema xudicial americano: as funcións do xuíz, o xurado, o fiscal e o defensor; a validez das probas, nomeadamente das testemuñas; e o xeito de resolución dos casos, xa que no dereito anglosaxón non só se toma como base a lei, senón tamén o precedente xurisprudencial, isto é, a resolución de casos similares por outros tribunais.

O tema fundamental sobre o que xira a inocencia ou culpabilidade do acusado é a determinación das súas facultades mentais no momento da execución da morte da vítima. Así, débatese fundamentalmente se o acusado era capaz de distinguir o ben do mal nesa concreta situación; tamén se analiza se, no caso de se demostrar que si tiña esta capacidade, podería non esixírselle ningunha responsabilidade por se atopar nun estado psíquico tal que non se podía dominar nin actuar respectando as normas. Non se trata só dun problema de proba da concorrencia dalgunha destas situacións no acusado, senón tamén da determinación de cales son os efectos xurídicos que poden provocar tales circunstancias, eximindo ou atenuando a responsabilidade do acusado.

3. Comentario

“Hai catro xeitos de defender un asasinato. Número un: non foi un asasinato, senón un suicidio ou un accidente. Número dous: vostede non o fixo. Número tres: estaba xustificado legalmente. Para protexer a súa casa ou en defensa propia. Número catro: o asasinato era desculpable”. (Paul Biegler, *Anatomía dun asasinato*)

O eixe fundamental da película consiste no xuízo dun home por asasinato e en determinar se é posible esixirlle responsabilidade penal por este acto. Por iso, cómpre examinarmos se realmente concorren as condicións que permiten afirmar que a actuación desta persoa foi plenamente consciente e que por iso pode ser considerado responsable. Vemos que o avogado defensor ao longo da película baralla diversos argumentos para eximir de responsabilidade o acusado, que, obviamente, terán que ser probados, como que o acusado “actuou en defensa propia ou da súa honra”, que “non podía distinguir o ben do mal”, que “actuou movido por un impulso irresistible” etc.

Un tema básico é determinarmos se o acusado tiña capacidade, no momento de executar a morte, para distinguir o ben do mal. Isto supón examinarmos cales eran as súas facultades mentais, é dicir, cómpre determinarmos a imputabilidade do suxeito, ou máis graficamente, a súa madurez psíquica e a súa capacidade para se motivar. A quen careza destas capacidades, xa for pola súa falta de madurez, xa por sufrir trastornos mentais, fundamentalmente, non se lle pode esixir responsabilidade penal polo acto cometido. De o suxeito non puiden comprender por algún motivo o que lle esixe o dereito (neste caso, a prohibición de matar), non se lle pode impor un castigo polo incumprimento da norma xurídica.

En segundo lugar, aínda cando se determinar que o suxeito si é imputable, é dicir, que ten as facultades mentais aptas para distinguir o ben do mal e comprender a norma xurídica, pode acontecer que no caso concreto o suxeito non poida adecuar o seu comportamento ao que pide o dereito. Así, aínda que existir imputabilidade, haberá que comprobar se concorre a denominada esixibilidade, é dicir, hai que ver se nese caso ao suxeito se lle podía esixir que respectase as normas. Pátese de que existen determinadas situacións extremas en que non se lle pode esixir ao suxeito que se comporte conforme á lei. Xeralmente trátase de situacións límite en que o suxeito, malia coñecer que o seu acto é ilegal, se ve arrastrado polos acontecementos e non se lle pode esixir que non realice o acto prohibido: por exemplo, este sería o caso en que un suxeito actúa movido por medo insuperable.

A película xira fundamentalmente ao redor da análise dos dous presupostos comentados; analízase o estado mental do acusado no momento de causar a morte para os efectos de determinarmos a súa responsabilidade penal. Debe terse en conta, en todo caso, que o sistema legal e xudicial americano non é igual ao sistema español; no entanto, a película serve como base para analizarmos a determinación da responsabilidade penal, atendendo ás posibilidades de atenuación ou de exención do castigo, en función da afectación das facultades psíquicas do suxeito.

Tendo en conta que o sistema legal e xudicial americano é diferente ao español, procede examinarmos os instrumentos que ofrecería o noso Código penal para permitirmos eximir ou atenuar a pena que lle correspondería a quen comete un asasinato. Poden sinalarse, nomeadamente, catro posibilidades:

- que o suxeito actuou en lexítima defensa da súa persoa ou dos seus intereses;
- que cando cometeu o asasinato non era imputable, é dicir, tiña as facultades mentais alteradas, de modo que non podía comprender a ilicitude dos seus actos ou non podía dominar a súa vontade para actuar de forma correcta;
- que cando cometeu o asasinato se atopaba nunha situación de inesixibilidade, é dicir, achábase nunha situación tan extrema e excepcional que era imposible esixirlle que actuase de forma correcta;
- que cando cometeu o delito se achaba dominado por un arrebatado, unha obcecación ou un estímulo pasional.

A continuación, examínanse brevemente estas catro posibles situacións, facendo referencia á base legal do Código penal.

Código penal español (Lei orgánica 10/1995, do 23 novembro)

Artigo 20

Están exentos de responsabilidade criminal:

1. O que no momento de cometer a infracción penal, a causa de calquera anomalía ou alteración psíquica, non poida comprender a ilicitude do feito ou actuar conforme a esa comprensión.
O trastorno mental transitorio non eximirá de pena cando for provocado polo suxeito co propósito de cometer o delito ou previse ou debese prever a súa comisión.
2. O que no momento de cometer a infracción penal estiver en estado de intoxicación plena polo consumo de bebidas alcohólicas, drogas tóxicas, estupefacientes, substancias psicotrópicas ou outras que produzan efectos análogos, sempre que non for buscado co propósito de a cometer ou non se previse ou debese prever a súa comisión, ou estea baixo a influencia dunha síndrome de abstinencia, a causa da súa dependencia de tales substancias, que lle impida comprender a ilicitude do feito ou actuar conforme a esa comprensión.
3. O que, por sufrir alteracións na percepción desde o nacemento ou desde a infancia, tiver alterada gravemente a conciencia da realidade.
4. O que obrar en defensa da persoa ou dereitos propios ou alleos, sempre que concorreren os requisitos seguintes:

- Agresión ilexítima. En caso de defensa dos bens reputarase agresión ilexítima o ataque a estes que constituír delito ou falta e os poña en grave perigo de deterioración ou perda inminentes. En caso de defensa da morada ou as súas dependencias, reputarase agresión ilexítima a entrada indebida naquela ou estas.
 - Necesidade racional do medio empregado para a impedir ou repeler.
 - Falta de provocación abonda por parte do defensor.
5. O que, en estado de necesidade, para evitar un mal propio ou alleo lesionar un ben xurídico doutra persoa ou infrinxir un deber, sempre que concorreren os seguintes requisitos:
- Que o mal causado non sexa maior que o que se trate de evitar.
 - Que a situación de necesidade non fose provocada intencionadamente polo suxeito.
 - Que o necesitado non teña, polo seu oficio ou cargo, obriga de sacrificarse.
6. O que actuar impulsado por medo insuperable.
7. O que actuar en cumprimento dun deber ou no exercicio lexítimo dun dereito, oficio ou cargo.
- Nos supostos dos tres primeiros números aplicaranse, se for o caso, as medidas de seguridade previstas neste código.

Artigo 21

Son circunstancias atenuantes:

1. As causas expresadas no capítulo anterior, cando non concorreren todos os requisitos necesarios para eximiren de responsabilidade nos seus respectivos casos.
 2. A de actuar o culpable a causa da súa grave adicción ás substancias mencionadas no número 2 do artigo anterior.
 3. A de actuar por causas ou estímulos tan poderosos que producisen arrebatos, obcecación ou outro estado pasional de entidade semellante.
 4. A de proceder o culpable, antes de coñecer que o procedemento xudicial se dirixe contra el, a confesar a infracción ás autoridades.
 5. A de proceder o culpable a reparar o dano ocasionado á vítima, ou diminuír os seus efectos, en calquera momento do procedemento e con anterioridade á celebración do acto do xuízo oral.
- Calquera outra circunstancia de análoga significación que as anteriores.

A XUSTIFICACIÓN

O Código penal no seu artigo 20 contén as denominadas “causas de xustificación”, concretamente nos seus puntos 4, 5 e 7. Esta regulación baséase no feito de que, nalgúns casos, a realización dun acto delituoso estará xustificada, é dicir, considerarase como algo lícito e, por tanto, o suxeito non vai ser castigado.

A causa de xustificación que aquí nos interesa é a lexítima defensa, contida no nº 4 do art. 20. De forma resumida, pódese dicir que de unha persoa cometer un delito e de o facer en “lexítima defensa” dunha persoa ou de calquera dereito propio ou alleo, considerárase que a súa actuación é lícita, correcta e, xa que logo, non vai ter ningún tipo de responsabilidade penal.

Para admitirmos que alguén actuou en lexítima defensa e, daquela, eximilo de castigo, cómpre comprobarmos que concorren tres requisitos:

- En primeiro lugar, debe existir unha persoa que executa unha agresión ilexítima contra outra persoa.
- En segundo lugar, o que se defende desa agresión ten que se defender de forma racional, é dicir, de forma máis ou menos proporcionada ao ataque de que é vítima.
- En terceiro lugar, cómpre que quen se defende non provocara previamente o agresor.

Así, por exemplo, se un suxeito A agride cun coitelo un suxeito B, observamos que A está a efectuar unha agresión ilexítima. Por tanto, a lei permítelle a B defenderse desa agresión, mesmo aínda que ao se defender cometa un acto delituoso, sempre que a súa defensa for proporcionada ao ataque e esixindo, alén diso, que B non provocara o ataque de A. Deste xeito, se B ataca a A coa finalidade de preservar a súa vida e acaba causando a morte de A, aínda que cometeu un delito de homicidio quedará exento de pena porque actuou en lexítima defensa.

Para concluírmos, debe sinalarse brevemente que a agresión ilexítima ten que ter unhas características determinadas: nomeadamente, é necesario que esa agresión sexa real e actual. Isto quere dicir, por unha banda, que non cabe a lexítima defensa fronte a agresións imaxinarias, senón que a agresión ten que ser real; pola outra, só cabe a lexítima defensa fronte a agresións que supoñen un perigo inminente ou xa efectivo para unha persoa, de modo que non é válida a defensa fronte a agresións que aínda non comezaron (a “defensa preventiva”) nin fronte a agresións que xa remataron.

A IMPUTABILIDADE

Cando un suxeito cometeu un delito, para o facer responsable del e imporlle un castigo hai que comprobar, entre outras cousas, que o autor do delito tivo a capacidade para comprender a ilicitude do feito e para actuar conforme a esa comprensión. Se o suxeito é perfectamente capaz de saber que o seu comportamento é ilícito e é capaz, así mesmo, de dominar a súa vontade e de actuar con respecto ao ordenamento xurídico, dicimos

que este individuo é imputable. A imputabilidade, por tanto, refírese á madureza psíquica do suxeito e á súa capacidade para se comportar racionalmente. Se un suxeito executa un acto delituoso, mais non é imputable, non se lle poderá facer responsable e, daquela, quedará exento de castigo.

O Código penal establece de forma taxativa aquelas situacións que poden determinar unha ausencia de imputabilidade no suxeito: son as recollidas nas alíneas 1.^a, 2.^a e 3.^a do art. 20 do Código penal. Así pois, o xuíz ou a xuíza terá que determinar se no caso concreto concorre algunha das tres situacións previstas no art. 20, do mesmo modo que terá que comprobar o efecto producido por esta situación na capacidade de resposta do suxeito aos mandatos normativos.

Para os efectos da película *Anatomía dun asasinato*, a causa de exclusión da imputabilidade que nos interesa é a da alínea primeira do artigo 20: anomalías ou alteracións psíquicas e trastorno mental transitorio. Ambas as circunstancias poden afectar as facultades mentais do suxeito no sentido anteriormente exposto.

Esta primeira alínea do art. 20 fai referencia, en primeiro lugar, ás anomalías ou alteracións psíquicas. Aquí inclúense, de entrada, as doenzas mentais en xeral, que foron definidas polo Tribunal Supremo como “trastornos mentais de etiología psíquica ou orgánica nos cales se presentan desorganización profunda da personalidade, alteracións do xuízo crítico e da relación coa realidade, trastornos do pensamento, ideas e construcións delirantes e, frecuentemente, perturbacións da percepción sensorial”. Á marxe das doenzas mentais propiamente ditas (por exemplo, a esquizofrenia) tamén cabería incluír aquí outras alteracións da mente ou a conciencia, que non foron consideradas tradicionalmente como doenzas, mais si supoñen certa alteración das facultades mentais, como por exemplo o atraso mental, as psicopatías ou determinados trastornos de control dos impulsos.

En segundo lugar, o art. 20.1 refírese ao trastorno mental transitorio. Trátase, fundamentalmente, dunha alteración da mente de carácter temporal, episódico, que aparece de xeito brusco e instantáneo, e que pode ter orixe patolóxica ou non (por exemplo, debido a estímulos externos); ten unha duración breve, mais supón unha abolición das facultades intelectivas ou das volitivas.

A ESIXIBILIDADE

Aínda que o autor dun delito for imputable, é dicir, aínda que for capaz de comprender a ilicitude do seu comportamento e tiver tamén capacidade de se abster desa actuación, para o facer responsable dos seus actos hai que comprobar tamén se concorre algunha “causa de inesixibilidade”.

Isto derivase de que normalmente o dereito esixe a realización de comportamentos máis ou menos incómodos ou difíciles, mais non imposibles, non pode esixir comportamentos heroicos. Debe terse en conta que ás veces hai situacións excepcionais en que é moi difícil esixirlle a un suxeito que se comporte con respecto do ordenamento xurídico. Por tanto, aínda que o autor ou autora pode coñecer e comprender a ilicitude do feito, e actuar conforme a esa comprensión, podería concorrer unha circunstancia excepcional que lle impedir poder comportarse respectando as normas: por exemplo, o medo insuperable considérase unha causa de inesixibilidade, porque a unha persoa que se atopa en tal situación lle resulta moi difícil dominar a súa vontade e actuar sempre con respecto do dereito, aínda que saiba que a súa actuación é realmente ilícita.

Unha causa de inesixibilidade recoñecida no Código penal é o estado de necesidade, regulado na alínea 5.^a do art. 20. Malia que hai dúas modalidades do estado de necesidade, aquí interésanos o denominado “estado de necesidade excusante ou desculpante”, derivado do citado art. 20.5. Atopamos un estado de necesidade excusante cando unha persoa se achar nunha situación de conflito, de tal modo que, para salvar un interese determinado, se ve obrigada a danar outro interese dun valor similar. O exemplo clásico que sempre se ofreceu é o caso dos dous náufragos agarrados a un bote salvavidas que só pode soportar o peso dun deles; ante esta situación, un dos náufragos mata o outro para poder sobrevivir. Obviamente este suxeito sabe que matar é ilícito, mais atópase nunha situación tan excepcional que resulta moi difícil esixirlle que actúe de forma correcta; para salvar a súa propia vida vese na obriga de sacrificar unha vida allea. Nestes supostos, a propia lei recoñece que sería absolutamente difícil e heroico esixirlle ao suxeito que se comporte axeitadamente e, en definitiva, admite eximilo do castigo previsto pola realización dese delito.

A ATENUACIÓN DA PENA

O Código penal enumera, no seu artigo 21, unha serie de circunstancias que permiten suavizar o castigo previsto para calquera delito. Así, se no momento en que un suxeito

cometer un delito, concorre algunha das circunstancias mencionadas neste precepto, poderase beneficiar dunha redución da pena prevista para ese concreto delito.

A circunstancia atenuante que aquí nos interesa é a contida na alínea 3.^a do art. 21: “actuar por causas ou estímulos tan poderosos que producen arrebatado, obcecación ou outro estado pasional de semellante entidade”. Aquí trátase de atenuar a pena porque existe unha pura motivación pasional que minora a responsabilidade criminal da persoa que delinque, xa que comete o delito nun momento en que non é tan imputable como o sería sen que certos estímulos a impulsasen a obrar. Enténdese que existe unha menor imputabilidade debido á intensidade emotiva ou pasional, que non supón unha afectación tan importante das facultades mentais como no caso do trastorno mental transitorio.

Interprétase que tales estímulos teñen que estar orixinados no precedente comportamento da vítima; é necesario que exista unha relación de causalidade entre os estímulos e o arrebatado ou obcecación, e, alén diso, que haxa unha conexión temporal entre a presenza dos estímulos e o xurdimento da emoción ou paixón.

A atenuante comprende tanto os casos de estímulos fugaces (arrebatado) como os de carácter persistente (obcecación, estado pasional).

4. Actividade

Trátase de que o alumnado reflexione con base nos datos que teñen do caso, ofrecidos na película, e que tenten ver que feitos se poden considerar probados, e até que punto poden afectar á responsabilidade do suxeito, tendo en conta tamén a normativa sobre este tema, isto é, o que dispón o Código penal español. En certo modo, trátase dun labor similar ao que debería facer un xurado, que tamén está presente na película. Este comentario, por tanto, farase con base no visionamento da película, na normativa existente, nalgunha lectura recomendada e mais tamén na propia reflexión persoal.

Así, unha vez examinados os posibles mecanismos legais que resultarían de aplicación (en España) ao caso visto en *Anatomía dun asasinato*, a actividade consistirá nun comentario persoal sobre este caso e sobre as posibles alegacións que cabería formular en defensa do acusado. Para iso, en principio, pódese partir das impresións obtidas tras ver a película e opinar sobre as alegacións efectuadas polo avogado defensor e sobre o veredicto do xurado; unha segunda parte do comentario persoal consistiría en analizar a posible solución do caso tendo como base o Código penal español e, especificamente, os preceptos e os mecanismos legais que se expuxeron con anterioridade.

Para efectuar este comentario, poden servir de guía os seguintes interrogantes:

1. Pódese xustificar a conduta do acusado polo feito de que actuaba en defensa dun ben ou interese propio?
2. Padecía o acusado algunha anomalía ou trastorno que alterase as súas facultades mentais e, daquela, o fixese perder a súa imputabilidade?
3. Pódese afirmar que o acusado se atopaba ante un conflito tan tenso e extremo que lle resultaba imposible comportarse de forma correcta, é dicir, era posible esixirle que se comportase respectando a lei?
4. O acusado actuaba impulsado por algún estímulo pasional tan relevante que lle produciu unha alteración dos impulsos da súa vontade? Até que nivel podía afectarlle?

5. Lecturas recomendadas, películas relacionadas e sitios web de interese

LECTURAS RECOMEDADAS

- LATORRE LATORRE, V. (2005): *Anatomía de un asesinato* (Valencia: Tirant lo Blanch).
- MIR PUIG, S. *Derecho penal. Parte general*, Barcelona (calquera edición dos últimos anos)
- MUÑOZ CONDE, F. *Derecho penal. Parte general*, (Valencia: Tirant lo Blanch) (calquera edición dos últimos anos).
- SOTO NIETO, F. / FERNÁNDEZ, F. J. (2004): *Imágenes y justicia: el derecho a través del cine* (Madrid:La Ley).

PELÍCULAS RELACIONADAS

Nunha liña semellante de estilo cinematográfico e cunha temática centrada no axuzamento (nomeadamente por xurado) de persoas acusadas de cometeren determinados delitos, poden citarse: *Matar un reiseñor* (*To kill a mockingbird*, Robert Mulligan, 1962), *Doce homes sen piedade* (*Twelve angry men*, Sidney Lumet, 1957), *Falso culpable* (*The wrong man*, Alfred Hitchcock, 1957), *A costela de Adán* (*Adam's rib*, George Cukor, 1949).

SITIOS WEB DE INTERESE

<http://www.uch.ceu.es/caleidoscopio/numeros/tres/chimo.htm>

Artigo sobre a película Anatomía dun asasinato, en que se fai referencia tamén a outras películas relacionadas:

SONIA GARCÍA VÁZQUEZ

*O xardineiro fiel. Dereitos humanos e
xustiza social*

1. Película

TÍTULO

O xardineiro fiel (The Constant Gardener)

FICHA TÉCNICO-ARTÍSTICA

Ano: 2005

País: Reino Unido

Dirección: Fernando Meirelles (Brasil)

Producción: Simon Channing Williams

Guión: Jeffrey Caine (baseado na novela de John Le Carré)

Música: Alberto Iglesias

Elenco: Ralph Fiennes (Justin Quayle), Rachel Weisz (Tessa Quayle), Danny Huston (Sandy Woodrow), Bill Nighy (Sir Bernard Pellegrin), Pete Postlethwaite (Lorbeer), Bernard Otieno Oduor (Jomo) e Donald Sumpter (Tim Donohue)

Duración: 129 minutos

SINOPSE

En Kenya asasinan unha cooperante internacional que pretende destapar coas súas investigacións graves irregularidades na zona vinculadas á actividade dunha multinacional farmacéutica. Os membros do Alto Comisionado Británico cren que o viúvo de

Tessa, o diplomático Justin Quayle, se conformará coa explicación oficial sobre o falecemento da súa dona e deixará o asunto nas súas mans, mais están errados. Profundamente contrariado e ferido polos rumores das supostas infidelidades da súa dona, Justin sorpréndese a si mesmo ao se lanzar á ardua tarefa de intentar despxear as incógnitas e descubrir a verdade sobre o acontecido. Para o conseguir, debe investigar como traballa a industria farmacéutica e destapar, asemade, as complicidades do goberno de Kenya e de Gran Bretaña. No transcurso deste labor descubrirá que a súa dona estaba a piques de destapar un grande escándalo e decatarse da existencia dunha conspiración, forxada ante a ollada de Nacións Unidas, que xa se cobrara a vida de moitos inocentes.

2. Temática xurídica

Palabras clave: solidariedade; compromiso; igualdade; xustiza social; dereito á vida; dereito á protección da saúde; dereito a non sufrir tratos degradantes e inhumanos; respecto aos dereitos básicos da infancia.

O filme achéganos á realidade da parte máis desfavorecida do mundo; denuncia contundentemente, sen deixar a ninguén impasible, o aumento da fenda Norte-Sur, a pauperización económica e a inseguridade crecente dalgúns países africanos. O argumento está ligado, tamén, ao recoñecemento das actitudes de profundo compromiso dalgúns activistas que traballan nas rexións máis desfavorecidas de África conxurando múltiples perigos, e concretamente, neste suposto, á súa loita hercúlea contra as multinacionais farmacéuticas que para maximizaren os seus beneficios poñen en risco impunemente a saúde da poboación.

DEREITOS HUMANOS

A conciencia universal da existencia do que se coñece como “dereitos humanos” é propia dos tempos modernos, é dicir, estamos ante unha idea que xorde e se consolida a partir do século XVIII, tras as revolucións americana e francesa. Os dereitos humanos son aquelas liberdades, facultades e reivindicacións relativas a bens primarios que toda persoa posúe, polo simple feito da súa condición. Son independentes de factores como o status, o sexo, a etnia ou a nacionalidade e non dependen exclusivamente do ordenamento xurídico vixente. Defínense como inherentes á persoa, irrevogables, inalienables, intransmisibles e irrenunciabes.

Os dereitos humanos a que deu lugar a Revolución francesa foron os denominados dereitos de primeira xeración: dereitos civís e políticos (liberdade de expresión, de-

reito de voto, dereito a non sufrir malos tratos etc...). Non será até fins do século XIX e principios do XX cando, por mor do auxe do movemento obreiro e da aparición de partidos de ideoloxía socialista, xurda unha segunda xeración de dereitos que esixen para a súa realización efectiva a intervención dos poderes públicos a través de prestacións e servizos.

Despois do fito marcado pola Declaración Universal de Dereitos Humanos de 1948, a intención da comunidade internacional era recoller nun só tratado tanto os dereitos civís e políticos como os dereitos económicos, sociais e culturais. Porén, o dito propósito enfrontouse á oposición que sobre este tema existía entre as grandes potencias, fundamentalmente entre o bloque capitalista e o bloque soviético. Finalmente, en 1966 aprobáronse dous instrumentos diferenciados: o Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos (PIDCP) e o Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais (PIDESC). Un estaba consagrado aos dereitos civís e políticos, e o outro aos dereitos económicos, sociais e culturais, o cal veu escachar, en certa medida, coa indivisibilidade de todos os dereitos humanos. No fondo, o que palpitaba nos diferentes estados da comunidade internacional era unha reticencia a aceptaren o control das súas actividades en materia de dereitos humanos.

Tras a fin da II Guerra Mundial en 1945 e o descubrimento dos horrores acontecidos nos campos de concentración, os dereitos humanos convertéronse nun dos obxectivos primordiais de Nacións Unidas; mais, dadas as enormes diferenzas culturais, ideolóxicas, relixiosas e doutros tipos, existentes entre os diferentes estados a nivel universal, axiña se viu que sería máis sinxelo cooperar en ámbitos máis reducidos e cun maior grao de homoxeneidade. Así, desde o Consello de Europa, a Organización de Estados Americanos (OEA) e a Organización para a Unidade Africana (OUA) creáronse cadanseu sistema de protección dos dereitos humanos. Neste sentido, en 1950 adoptouse a Convención Europea de Dereitos Humanos; en 1969 a Convención Americana de Dereitos Humanos; e en 1981 a Carta Africana dos Dereitos Humanos e dos Pobos.

DEREITO Á VIDA

A Constitución española de 1978 establece no seu artigo 15 que: “Todos teñen dereito á vida e á integridade física e moral, sen que, en ningún caso, poidan ser sometidos a tortura nin a penas ou tratos inhumanos ou degradantes”. Na actualidade este dereito está proclamado tamén polas principais declaracións internacionais de dereitos humanos:

- Artigo 3 da Declaración Universal de Dereitos Humanos: “Todo individuo ten dereito á vida...”
- Artigo 1 da Declaración Americana de Dereitos Humanos: “Todo ser humano ten dereito á vida...”
- Artigo 6.1 do Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos: “O dereito á vida é inherente á persoa humana. Este dereito estará protexido pola lei. Ninguén poderá ser privado da vida arbitrariamente”.
- Artigo 2 do Convenio Europeo de Dereitos Humanos: “O dereito de toda persoa á vida está protexido pola lei...”
- Artigo 4 da Carta Africana dos Dereitos do Home e dos Pobos, de 1981: “A vida humana é inviolable. Todo ser humano ten dereito ao respecto da vida e da integridade física e moral da súa persoa. Ninguén pode ser privado arbitrariamente deste dereito.”

DEREITO A NON SER TORTURADO NIN RECIBIR TRATOS DEGRADANTES NIN INHUMANOS

A tortura é unha violación grave dos dereitos humanos prohibida polas leis internacionais. Malia isto, segue a se practicar na meirande parte dos países do mundo, de modo que informes de Amnistía Internacional subliñan o uso da tortura por máis de cento corenta Estados.

Na Convención contra a Tortura e outros Tratos ou Penas Cruéis, Inhumanos ou Degradantes (1984), defínese como: “calquera acto polo cal se infrinxe intencionadamente un dano severo, tanto físico como mental, sobre unha persoa, co propósito de obter dela, ou dunha terceira persoa, información ou unha confesión; de a castigar por un acto que ela, ou unha terceira persoa, cometeu ou é sospeitosa de ter cometido; de a intimidar ou coaccionar a esa, ou a unha terceira persoa, por calquera razón baseada en discriminación de calquera tipo, cando tal dor ou sufrimento for infrinxido por un funcionario público ou outra persoa no exercicio de funcións públicas, ou mesmo por instigación súa ou co seu consentimento ou aquiescencia” (artigo 1).

- Artigo 5 da Declaración Universal de Dereitos Humanos: “Ninguén será sometido a tratos cruéis, inhumanos ou degradantes.”
- Artigo 3 do Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais: “Ninguén poderá ser sometido a tratos inhumanos ou degradantes.”
- Artigo 16 da Convención contra a Tortura e outros Tratos ou Penas Cruéis, Inhumanos ou Degradantes de 1984: “Cada Estado parte comprometerase a impedir, en

calquera territorio baixo a súa xurisdición outros actos que constitúan tratos crueis, inhumanos ou degradantes.”

DEREITO Á PROTECCIÓN DA SAÚDE

O dereito á protección da saúde obriga os Estados a xeraren condicións nas cales todos poidan vivir o máis saudablemente posible. Esas condicións comprenden a dispoñibilidade garantida de servizos de saúde, condicións de traballo saudables e seguras, vivenda axeitada e alimentos. Polo que respecta ao continente africano, debería tratarse con especial atención, alén doutras carencias de alta relevancia: a alimentación dos menores (cada tres minutos morre un neno por desnutrición), o coidado dos que acaban de nacer e das súas nais, maior cobertura vacinal contra o sarampelo e o tétano, loita contra a disentería, a pneumonía e a septicemia, loita contra a malaria co uso de mosquiteiros tratados con insecticida, tratamento preventivo intermitente durante a xestación, e tratamento inmediato da doenza; e prevención e atención da infección por VIH.

O dereito á saúde está consagrado en numerosos tratados internacionais e rexionais de dereitos humanos e nas Constitucións de países de todo o mundo. O artigo 12 do Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais (1966) pon de manifesto que, entre as medidas que se deberán adoptar co fin de asegurar a plena efectividade do dereito á saúde, figurarán as necesarias para: a redución da mortinatalidade e da mortalidade infantil, e o san desenvolvemento das crianzas; a mellora da hixiene no traballo e do ambiente; a prevención e o tratamento de doenzas epidémicas, endémicas, profesionais e doutra índole, e a loita contra elas; e a creación de condicións que aseguren o acceso de todos á atención da saúde.

DEREITOS DA INFANCIA

Desde comezos do século XX foi desenvolvéndose a conciencia sobre a necesidade de protexer os intereses e necesidades da infancia, como grupo particularmente vulnerable. A Asemblea Xeral da Sociedade de Nacións aprobou o 20 de setembro de 1924 unha Declaración sobre os Dereitos do Neno, mais o seu contido era vago e só implicaba unha obrigatoriedade relativa para os Estados, xa que non pretendeu ser un instrumento xurídico que establecera deberes específicos e concretos.

En 1949, a Comisión de Dereitos Humanos de Nacións Unidas incluíu na súa axenda a adopción dun instrumento especificamente dirixido aos dereitos da infancia. Tras intensas discusións, a Asemblea Xeral adoptou o 20 de novembro de 1959 a Declaración

sobre os Dereitos do Neno. O principio sobre o que descansa o contido fundamental desta declaración vén recollido no artigo 2, no cal se establece que “o neno gozará dunha protección especial e disporá de oportunidades e servizos, dispensado todo iso pola lei e por outros medios, para que poida desenvolverse física, mental, moral, espiritual e socialmente de forma saudable e normal, así como en condicións de liberdade e dignidade”.

Aínda que desde o intre mesmo da aprobación da Declaración se emprenderon iniciativas para aprobar un convenio internacional vinculante sobre os dereitos da infancia, este non chegou até trinta anos máis tarde. Así, o 20 de novembro de 1989, a Asemblea Xeral adoptou a Convención sobre os Dereitos do Neno, o texto que é hoxe a referencia en todo o que atinxe á protección dos dereitos da infancia.

Finalmente, non debemos esquecer a triste existencia do fenómeno dos nenos e nenas soldado. Malia a reiterada prohibición por parte da lexislación internacional, en lugares asolados por conflitos bélicosoclúense nenos e nenas menores de dez anos para as forzas do goberno, da oposición, das diferentes guerrillas, dos movementos de liberación nacional, ou das filas dos paramilitares, que se converten en robots deshumanizados que responden cegamente as ordes dun xefe xerárquico. Estes cincocentos mil nenos e nenas soldado, vítimas do medo e da violencia desmedida, foron, na súa ampla maioría, previamente vítimas do secuestro, ameazas e sometidos/as a crueis ritos iniciáticos para probar o seu valor e obediencia; menores que posteriormente requiren un arduo labor terapéutico de desprogramación psicolóxica para se poderen rehabilitar.

3. Comentario

Parece que existe unha clara relación entre a globalización capitalista e a agudización da pobreza no mundo: África, continente con recursos que están a ser sobreexplotados ao servizo de intereses estranxeiros, pasou de ser autosuficiente, hai vinte anos, a se caracterizar na actualidade polo déficit alimentario e por unha notable perda da súa importancia xeoestratéxica e xeopolítica, que parece ir recuperando, aos poucos e tristemente, grazas ao seu acceso ao petróleo.

A explotación polas multinacionais dos recursos mineiros, forestais, petroleiros e de gas vai acompañada de conflitos armados, violacións dos dereitos humanos máis fundamentais, destrución do medio, perda de calquera posibilidade de mellora das condicións de vida da poboación etc. Ao longo das últimas décadas, algúns países africanos ricos en recursos naturais, como Angola, Serra Leoa e a República Democrática do Congo,

sufriron conflitos armados moi violentos. Unha das súas causas foi o control dos recursos naturais (petróleo, diamantes, ouro), por unha parte da poboación (o Goberno ou os “rebeldes”, en moitas ocasións coa axuda económica prestada por certas multinacionais que explotan, ou pretenden explotar, os recursos naturais da zona).

Dende hai anos, todos os informes internacionais son unánimes sobre a extrema gravidade da situación pola que atravesamos o continente africano: fame, pandemias e interminables guerras acabaron por ser o seu escenario vital permanente. Segundo datos do Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento, de seguirmos o ritmo actual, reducir á metade a fame en África só será posible no ano 2150; alcanzar a alfabetización universal en 2129, e diminuír a mortalidade infantil en dous terzos, en 2165. Son cifras suficientemente esmagadoras e elocuentes por si mesmas.

O xardineiro fiel é unha película de suspense (*thriller*) político, con indubidable vocación de denuncia social, envolta nunha intensa historia de amor que logra transmitirnos tristeza, desacougo, profunda indignación e a esperanza plasmada na evolución dun dos seus personaxes: Justin Quayle, que ben podería ser calquera de nós.

A película presenta unha análise crítica do comportamento da industria farmacéutica cuxos inxentes beneficios se realizan á conta da saúde da poboación máis empobrecida do planeta; todo iso fronte á actitude de persoas anónimas, comprometidas coa transformación das situacións de desigualdade e coa loita contra a vulneración sistemática dos dereitos humanos.

O filme ofrece unha imaxe demoledora do comportamento das transnacionais, mais tamén dos gobernantes, que medran ou viven en conivencia con elas. Neste suposto, a trama vira sobre un escandaloso descubrimento: unha destas empresas está a probar, coa complicidade do goberno británico e keniano, un novo medicamento contra a tuberculose, malia que se sabe que ten efectos secundarios letais; mais paralizar esta fase de proba e regresar ao traballo de investigación sería negativo para os intereses da compañía porque a competencia podería adiantarse e perderíanse, así, grandes cantidades de cartos. A este respecto, cómpre lembrarmos que as multinacionais farmacéuticas dedican moitos menos recursos dos que afirman ao traballo de investigación, e, finalmente, estes fondos son empregados en campañas de publicidade. As prioridades de investigación concéntranse, adoito, en enfermidades do mundo occidental, de modo que se ignoran as pandemias dos países empobrecidos (vacina para a SIDA, a tuberculose ou a malaria) porque a poboación que as sofre non resulta interesante economicamente para as multinacionais. As persoas que habitan os países pobres transfórmanse, así, en

simples obxectos para a experimentación e a realización de ensaios clínicos con baixo custo e sen repercusións xudiciais en caso de erros ou “danos colaterais”.

Os sucesos denunciados remóntanse a feitos reais acontecidos en 1996 cando África estaba a ser sacudida por unha virulenta epidemia de meninxite que se cobrou a vida de 25 000 persoas na zona coñecida como o cinto da meninxite africano, que vai desde Senegal e Gambia até o leste de Etiopía. A compañía Pfizer desenvolveu un ensaio clínico en nenos e nenas cun novo antibiótico inxectable (Trovan), que estaba na última fase de desenvolvemento, sen o consentimento informado escrito das persoas voluntarias, manipulando datos e pasando por alto a autorización do comité ético nixeriano e mais do hospital onde se fixeron os ensaios. O resultado foi a morte de once nenos e graves malformacións físicas e mentais en centos deles. Estes feitos abriron unha enorme fenda de desconfianza cara ao medicamento occidental que orixinou que moita poboación africana se negase a someter os seus fillos e fillas a programas seguros de vacinación capitaneados pola Organización Mundial da Saúde.

As multinacionais comezaron a desprazar as súas investigacións cara aos países emerxentes para reduciren custos no recrutamento de persoas voluntarias. E é que o lanzamento dun novo medicamento pode custar 800 millóns de euros. O problema radica en que as persoas que aceptan tratarse co medicamento concreto son moitas veces analfabetas e limítanse a asinar na liña de puntos para obteren unha ganancia mínima a un prezo demasiado alto, iso no caso de que alguén lles entregue unha folla de papel para que a rubriquen.

A historia sitúase xeograficamente en Kenya (aínda que podería ser Mozambique, Uganda, Etiopía, Sudán, Liberia, Serra Leoa etc...) onde o 60% da poboación, uns vinte millóns de persoas, é pobre. O país rexistra un alto grao de corrupción, rivalidades políticas, enormes desigualdades e un crecente desemprego. Nos últimos tempos, Mwai Kibaki e mais o líder opositor Raila Odinga axitaron as pantasma étnicas e afondaron nas feridas de enfrontamento entre os membros da etnia *luo* (como Odinga) e os *kikuyu* (á que pertence Kibaki); conflitos que se sucederon sen apenas tregua ao longo do tempo. Por unha banda, enfrontáronse os *kalenjin* cos *kikuyu*. Posteriormente, os *kikuyu*, xunto aos *luo* e *luhya*, fronte aos *masai* e os *kalenjin*. Ao final, isto tivo consecuencias graves: nas eleccións presidenciais do 27 de decembro de 2007 rexistráronse numerosas mortes e desprazamentos forzosos por mor da espiral de violencia dos *kalenjin* contra supostos “inmigrantes” *kikuyu* no val do Rift.

As secuencias da película foron filmadas durante máis de dous meses no suburbio de Kibera e amósannos unha zona de infravivendas onde reside máis dun millón de persoas en condicións infrahumanas, sen servizos básicos de auga, luz, rede de sumidoiros, separados polas vías do tren, e a mercé das mafias de asaltadores, de tráfico de nenos e órganos. En lugares coma este, a fame e as mortes por desnutrición medran á velocidade da luz, grazas á pobreza extrema, aos conflitos armados, á inestabilidade, á incapacidade dos gobernos para reconduciren a situación, e ao incremento das doenzas graves como o virus da sida (cálculase que dous de cada seis kenianos é seropositivo, o cal afecta gravemente calquera proceso de desenvolvemento, mais en barrios como Kibera, a porcentaxe de infectados é do dobre).

En África hai ao redor de 30 millóns de persoas afectadas pola síndrome de inmunodeficiencia adquirida e menos de cen mil reciben un tratamento axeitado. No Estado de Botswana, por exemplo, o 40% das mulleres están infectadas polo VIH, e no de Lesotho estano máis dun terzo do total da poboación. Por falta de medicamentos anti-retrovirais, tres millóns de africanos morren todos os anos de VIH. As organizacións internacionais e as organizacións non-gobernamentais tratan de achegar solucións, mais vense acosadas polos grupos de presión (*lobbys*) farmacéuticos e a pasividade dos gobernos de moitos países.

Para o tratamento desta inmensa poboación enferma, é fundamental a industria de xenéricos, que abaratan dez veces os custos, mais as multinacionais farmacéuticas exercen presión sobre os países occidentais para reforzaren as patentes e eludiren a competencia dos xenéricos, de xeito que todos os medicamentos creados a partir de 1995 están protexidos e o seu prezo pode encarecerse sen límite, ao non teren competencia ningunha con xenéricos libres.

4. Actividade

O alumnado debe realizar un comentario crítico da película e valorar a actitude de Tessa e o seu amigo médico; fronte á posición dos gobernos implicados (Gran Bretaña e Kenya).

Así mesmo, tomará en consideración os seguintes extremos:

- Vulneración sistemática dos dereitos humanos en África (que dereitos se vulneran?; posibles vías de solución para saír deste escenario mundial inxusto, insolidario, excluínste e insostible?: plans de investimento desinteresados en países en desenvol-

vemento, reducción ou desaparición da débeda externa, reestruturación de impostos, imposición dun canon económico ás transaccións das multinacionais etc...)

- Papel da Organización de Nacións Unidas
- Papel das ONG
- Evolución do personaxe de Justin Quayle

5. Lecturas recomendadas, películas relacionados e sitios web de interese

LECTURAS RECOMENDADAS

- ALSTON, P. (1992): *The United Nations and Human Rights* (Oxford: Clarendon Press)
- AMIN, S. (2006): *Por un mundo multipolar* (Madrid: El viejo topo)
- ARAGÓN REYES, M. (coord.) (2001): *Temas básicos de Derechos Constitucional* (Madrid: Civitas)
- BUERGENTHAL, T. / KISS, A. (1991): *La protection internationale des Droits de l'Homme* (Estrasburgo: Précis, N.P. Engel)
- CARRILLO SALCEDO, J. A. (1995): *Soberanía de los Estados y Derechos Humanos en el Derecho Internacional Contemporáneo* (Madrid: Tecnos)
- COHN, Y. /GOODWIN-GILL, G. (1997): *Child Soldiers. The Role of Children in Armed Conflicts* (Oxford: Oxford University Press)
- DRZEWICKI, A. / KRAUSE, C. / ROSAS, A. (eds.) (1994): *Social Rights as Human Rights: A European Challenge* (Åbo: Åbo Akademi University Institute for Human Rights)
- FERRAJOLI, L. (2004): *Derechos y garantías* (Madrid: Ed. Trotta)
- GARCÍA VÁZQUEZ, S. (2007): *El estatuto jurídico-constitucional del extranjero en España* (Valencia: Tirant lo Blanch)
- NEGRI, A. / HARDT, M. (2002): *Imperio* (Barcelona: Paidós Estado y Sociedad)
- VILLÁN, C. (1996): “El futuro del sistema de protección de los derechos humanos en Naciones Unidas”, en MARIÑO, F. (ed.), *Balance y Perspectivas de Naciones Unidas en el Cincuentenario de su Creación* (Madrid: Universidad Carlos III)
- VVAA (2004): *Inmigración y derechos humanos* (Barcelona: Ed. Icaria)
- VVAA (2005): *El nuevo orden americano. ¿La muerte del Derecho?* (Córdoba: Almuzara)
- VVAA (1999): *Consolidación de derechos y garantías: los grandes retos de los derechos humanos en el Siglo XXI* (Madrid: Consejo General del Poder Judicial)
- VVAA (2001): *Textos básicos de Derechos Humanos* (Navarra: Aranzadi)

SITIOS WEB DE INTERESE

- <http://www.displacement.net/>
- <http://www.theconstantgardener.com/>
- <http://www.who.int/>
- <http://www.unesco.org/>
- <http://www.fao.org/inicio.htm>
- <http://www.unicef.org/spanish/>
- <http://www.derechos.org/nizkor/>
- <http://www.un.org/spanish>
- <http://www.unimondo.org/AfricanRights/>
- <http://www.derechos.org/human-rights/afr/>
- <http://www.iepala.es>
- <http://www.sosracisme.org/reflexions/pdfs/doprensafronterasur.pdf>

LISTAXE DE FILMES RELACIONADOS

- *Un lugar no mundo* (1991), de Aristaráin, sobre o dereito a loitar pola terra.
- *A lista de Schindler* (1993), de Spielberg, sobre o dereito a un trato digno, a denuncia do xenocidio e a defensa da vida.
- *Pena de morte* (1995), de Tim Robins, sobre o dereito á vida e a loita contra a pena de morte.
- *Bwana* (1996), de Imanol Uribe, sobre a inmigración e un trato xusto e digno.
- *Amizade* (1997), de Steven Spielberg, sobre o tráfico de escravos.
- *A vendedora de rosas* (1998), de Víctor Gaviria, sobre a vida dos nenos da rúa.
- *Saïd* (1998), de Lorenzo Soler, a vida da poboación marroquí inmigrante en España.
- *Garaxe Olimpo* (1999), de Marco Bechis, sobre as torturas na represión argentina.
- *A milla verde* (1999), de Frank Darabont, sobre o trato no corredor da morte, en Estados Unidos.
- *Flores doutro mundo* (1999), de Iciar Bollain, sobre a acollida de traballadoras inmigrantes.
- *Cidade de Deus* (2002), de Fernando Meirelles, sobre a vida nun suburbio violento de Río de Janeiro, entre finais dos anos sesenta e até comezos dos oitenta.
- *Hotel Rwanda* (2004), de Terry George, sobre o xenocidio en Ruanda (obxecto de estudo nesta obra).

RAFAEL GARCÍA PÉREZ

*O mercador de Venecia. As orixes do
dereito mercantil*

1. Película

TÍTULO

O mercador de Venecia (The Merchant of Venice)

FICHA TÉCNICO-ARTÍSTICA

Ano: 2004

Países: Reino Unido, Luxemburgo e Italia

Dirección: Michael Radford

Producción: Cary Brokaw, Barry Navidi, Jason Piette e Michael Cowan

Guión: Michael Radford (baseado na obra de William Shakespeare)

Música: Jocelyn Pook

Elenco: Al Pacino (Shylock), Jeremy Irons (Antonio), Joseph Fiennes (Bassanio), Lynn Collins (Porcia), Zuleikha Robinson (Jessica), Kris Marshall (Graciano), Charlie Cox (Lorenzo), Heather Goldenhersh (Nerissa), Mackenzie Crook (Lancelot Gobbo), John Sessions (Salerio), Gregor Fisher (Solanio) e Allan Corduner (Tubal).

Duración: 138 minutos

SINOPSE

Venecia, século XVI. O nobre Bassanio pídelles cartos ao prestamista Shylock para emprender a conquista da bela Porcia. Antonio ofrécese como fiador e acorda con Shylock que de non devolver o diñeiro o día convidado “a pena será unha libra xusta da vosa bran-

ca carne cortada e arrincada da parte do voso corpo que eu queira” (fonte da tradución galega de Manuel Pérez Romero publicada pola Xunta de Galicia en 1989).

2. Temática xurídica

Palabras clave: comercio; dereito mercantil; cumprimento das obrigas.

A película permite abordar diferentes aspectos do nacemento e desenvolvemento do dereito mercantil. Este orixínase precisamente nas cidades italianas (século XII aproximadamente), polo que a película, aínda que se enmarca no século XVI, permite comprender as necesidades históricas que deron lugar ao nacemento dun novo dereito.

3. Comentario

O dereito mercantil xurdiu nas cidades italianas no medievo, no século XII aproximadamente. Con iso non se quere significar que antes desa época non existisen leis que regulasen o comercio, porque os pobos desenvolven actividades comerciais desde a antigüidade, e as normas que disciplinan o comercio remóntanse a tempos moi afastados. Cal é a pedra de toque, daquela, que permite constatar a existencia do chamado “dereito mercantil”? Galgano explica que só se pode falar de “dereito mercantil” cando nos atopamos en presenza dun corpo de normas específico que teña a exclusiva función de regular a actividade comercial.

Fieis a este criterio, podemos afirmar, por exemplo, que en Roma non existiu o “dereito mercantil”. Non existía, en efecto, un dereito especial para o comercio, que repugnaría, como sinalou Vivante, á tendencia unificadora do xenio xurídico romano. As diversas expresións en que o comercio se manifestaba atopaban acomodo no dereito civil, e as normas que supuñan unha excepción resultan insignificantes. Nas cidades italianas medievais xorde, pola contra, un dereito de clase que emana dos comerciantes e que é aplicado polos comerciantes aos comerciantes; un dereito diverso daquel que rexe as relacións non-comerciais. Este dereito, máis flexible que o dereito civil, nace para facer fronte ás necesidades do tráfico mercantil e nítrese do costume mercantil, dos estatutos das corporacións en que se agrupaban os comerciantes e da xurisprudencia da xurisdición corporativa.

Nun principio, as corporacións e as súas normas estendían a súa autoridade a aqueles comerciantes que estaban inmatriculados nelas, mais este carácter subxectivista inicial foise perdendo progresivamente, e o novo dereito e a xurisdición corporativa esten-

deron a súa eficacia ao non-comerciante mediante unha *fictio iuris*: tomábase o non-comerciante por comerciante⁶.

O fenómeno nacido nas cidades italianas axiña se estendeu a outros lugares. Cidades europeas de claro sinal comercial camiñaron polo mesmo vieiro: cidades francesas do Mediodía, como Montpellier, cidades flamengas, como Bruxes e Anveres, cidades alemás, como Hamburgo, e, por suposto, cidades españolas, como Barcelona e Valencia. As relacións comerciais abundantes e continuas entre estas urbes contribuíron, alén diso, a lograr unha certa consonancia no dereito mercantil inicial, que se manifesta como un dereito substancialmente uniforme (Uría e Menéndez).

É na Idade Media, por tanto, cando xorde un dereito especial, un dereito creado polos mercadores para atender ás súas necesidades, un dereito aplicado polos mercadores, un dereito diferenciado daqueloutra gran rama do dereito privado que é o dereito civil. Desde aquela podemos falar xa, con propiedade, de dereito mercantil.

O alumnado, durante o visionamento da película, e grazas á súa coidada ambientación, poderá apreciar as circunstancias históricas e sociais que provocaron o nacemento do dereito mercantil. Deberá fixarse especialmente en todos os aspectos relacionados co comercio: que clases sociais se dedicaban ás actividades comerciais, que negocios xurídicos se celebraban, quen impartía xustiza nos asuntos relacionados co comercio, por que razón se lle concedía tanta importancia ao cumprimento dos pactado polos comerciantes etc. Iso permitiralle comprender as peculiaridades históricas que provocan que xurda un novo dereito que aínda persiste nos nosos días.

BIBLIOGRAFÍA:

GALGANO, F. (2001): *Lex mercatoria*: páxs. 22 e ss. (Boloña: Il Mulino)

GUASTINI, R. (2004): *L'interpretazione dei documenti normativi, Vol. LI Trattato dei diritto civile e commerciale*: páx. 166, n°. 77 (Milán: Giuffrè)

URÍA, R / MENÉNDEZ, A. (1999): *Curso de Derecho Mercantil. Tomo I*: páxs. 29-30 (Madrid: Civitas)

VIVANTE, C. (1893): *Trattato dei Diritto Commerciale. Vol. I* (Torino: Fratelli Bocca Editore)

6 As ficcións xurídicas adoitan ser curiosas, como por exemplo a que realizou no seu día un tribunal inglés, que para confirmar a súa xurisdición sobre un caso, “finxiu” que a illa de Menorca era unha parte da cidade de Londres.

4. Actividade

1. Lectura da obra de William Shakespeare: breve estudo da fidelidade da película ao texto orixinal.
2. Conteste as seguintes preguntas de xeito razoado:
 - a) Por que se lle concede tanta importancia na película ao cumprimento do pactado?
 - b) Sería válido o negocio xurídico celebrado entre os protagonistas segundo o dereito español actual?
 - c) Por que motivos históricos se relaciona aos xudeus coa práctica da usura?

5. Lecturas recomendadas, películas relacionadas e sitios web de interese

LECTURAS RECOMENDADAS

- SHAKESPEARE, W. (1989): PÉREZ ROMERO, M. (trad.): *Soño dunha noite de verán. O Mercader de Venecia* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia)
- SHAKESPEARE, W. (2003): ASTRANA MARÍN, L. (ed.): *Obras completas*. (Madrid: Aguilar)
- SHAKESPEARE, W. (2006): *Obras Completas. Tomo II. Comedias*. (Oviedo: Editorial Losada)
- GALGANO, F. (1980): *Historia del Derecho Mercantil* (Barcelona: Laia)

SITIOS WEB DE INTERESE

- <http://www.mangafilms.es/elmercaderdevenecia/web.htm>
- <http://www.sonypictures.com/classics/merchantofvenice/flash.html>

EDUARDO CEBREIROS ÁLVAREZ

*O nome da rosa. Dereito e institucións
medievais*

1. Película

TÍTULO

O nome da rosa (Der name der Rose)

FICHA TÉCNICO-ARTÍSTICA

Ano: 1986

Países: Alemaña, Francia e Italia

Dirección: Jean-Jacques Annaud

Producción: Bernd Eichinger

Guión: Gerard Bach, Alain Godard, Howard Franklin e Andrew Birkin (baseada na novela do mesmo nome de Umberto Eco)

Música: James Horner

Elenco: Sean Connery (Guillermo de Baskerville), Christian Slater (Adso de Melk), Feodor Chaliapin (Jorge de Burgos), F. Murray Abraham, (Bernardo de Gui), Michael Losdale (o abade), Valentina Vargas, (rapaza), Elya Baskin (Severino), Helmut Qualtinger (Remigio de Varagine), Volker Prechtel (Malaquíás), William Hickey (Ubertino de Casale), Ron Perlman (Salvatore), Michael Habeck (Berengario) e Urs Althaus (Venancio).

Duración: 120 minutos

SINOPSE

Nunha abadía beneditina, perdida nalgún lugar inhóspito da Italia setentrional, producíronse uns estraños asasinatos. Un monxe franciscano e antigo inquisidor, Guillermo de Baskerville, que acode a unha reunión de clérigos para debater sobre certos aspectos teolóxicos, será o encargado de resolver os crimes en compañía dun novo discípulo, Adso de Melk, que aprenderá que os sucesos acontecidos teñen unha explicación racional e non se deben a estraños fenómenos sobrenaturais, tal e como defendían boa parte dos monxes da abadía.

2. Temática xurídica

Palabras clave: dereito común; Inquisición; relacións emperador-papado; feudalismo.

A película sitúase na Baixa Idade Media, no período de desenvolvemento do dereito común, o que nos permitirá coñecer ese relevante fenómeno xurídico. Igualmente, poderemos analizar as importantes relacións entre o poder civil e o eclesiástico, así como os cambios producidos na igrexa medieval, sen esquecermos institucións de tanta importancia como a Inquisición. Así mesmo, no ambiente medieval teñen lugar as relacións señoriais e as feudais.

3. Comentario

Durante os primeiros séculos medievais, a hexemonía do ambiente rural sobre o urbano, o que se veu en denominar “predominio do campo sobre a cidade”, provocou todo un conxunto de relacións feudais que se estenderon por Europa, coa excepción da península Ibérica, onde só Cataluña coñeceu este fenómeno pola súa vinculación ao poder franco. No resto do territorio, foron as relacións señoriais as que predominaron, debido á recuperación territorial e posterior repoboación que os seus habitantes levaron a cabo fronte ao poder musulmán. Esta circunstancia especial provocou que a península se desmarquase, parcialmente, dun fenómeno xeneralizado polo continente europeo durante o medievo. A situación en que cada persoa se atope en relación coa terra marcará a súa mellor ou peor posición. Uns gozarán de poder –por variadas razóns– e someterán os máis desfavorecidos que, neste ambiente de autotutela provocado pola falta dun poder público forte tras a caída da monarquía visigoda, buscarán a protección do poderoso mediante lazos de fidelidade. O poder do señor exercerase tanto sobre a terra que posúe como sobre o individuo que procura amparo e protección nun ambiente pouco propicio (períodos de grandes fames, peste e guerras). Os súbditos lograrán unha maior seguridade e uns medios de subsistencia que sempre serán escasos e pobres.

Mais, en contraprestación, deberán entregarlle ao seu señor todo un conxunto de cartos ou bens en especie, así como contribuír con diferentes servizos cara á súa persoa. Estas relacións señor-vasalo aprécianse en varios fragmentos da película, nos cales o binomio dominio-suxeición se mostra claramente nas relacións que manteñen os monxes beneditinos e a poboación que vive extramuros da abadía. De todos os xeitos, pode resultar unha imaxe un tanto anacrónica posto que a acción se sitúa en 1327 e, neste intre, o desenvolvemento urbano provoca que a escena onde se desenvolve a trama da película sexa máis propia de etapas pretéritas. O illamento da zona, por mor do seu carácter agreste e montañoso, pode axudar a lle outorgar verosimilitude.

Europa sufrirá cambios relevantes a partir da data máxica do ano 1000 en moitos ámbitos –civil, relixioso, económico, social–. As cidades renaceron da súa crise e comezaron a revitalizarse da man de comerciantes e artesáns, sobre todo a finais do século XI. A sociedade viu emerxer profesións novas, nomeadamente a dos médicos e os xuristas, que se estableceron nestes puxantes núcleos urbanos. Aínda que algo máis tarde, os mesmos cambios se produciron na península Ibérica. O papel dos xuristas foi cobrando cada vez máis protagonismo, co que o dereito abandona unha etapa de escura postergación durante os primeiros séculos medievais para conseguir autonomía propia como ciencia. Antes do primeiro milenio, a chamada etapa sen xuristas asistiu ao apoxeo do dereito consuetudinario de carácter atécnico, que se verá reflectido en multitude de disposicións que se aproban por toda Europa cun marcado carácter local e privilexiado (*foros, costumes, coutumes, statuti...*). A partir do século XII, ese xurista formado nas universidades que se estenden por toda Europa seguindo o ronsel de Boloña (Toulouse, Montpellier, Palencia, Padua, Salamanca, Lleida, Huesca...) púxose ao servizo do monarca e foise consolidando un dereito novo, escrito, máis xeral, un dereito rexio que atopará nos principios do *ius commune* o mellor expoñente para reivindicar o seu protagonismo. Este dereito chocou, en moitos casos de forma violenta, co vello, defendido pola cidadanía e pola nobreza que vían con perigo o fortalecemento da institución rexia.

O dereito medieval sufriu un importante cambio en toda Europa durante os séculos XII e XIII. Foi neste momento cando un xurista de nome Iherio e os seus discípulos recuperarán en Boloña uns vellos textos xurídicos elaborados polo emperador Xustiniano no século VI que deron lugar ao fenómeno do dereito común (*ius commune*). A reorganización e depuración destas fontes derivou no que se denominará, *corpus iuris civilis*, que se plasmou en cinco grosos volumes. Nos tres primeiros recóllese o *Digesto*, a doutrina máis relevante dos xuristas; o cuarto está dedicado á parte das leis que Xustiniano recollera no seu Código, mentres que no quinto, e último, se mostra o resto de disposicións do *Codex* (os chamados *Tres Libri*), as leis *posteriores a Xustiniano* (*Novellae*),

as *Institucións* (dirixidas ao ensino) e o dereito feudal (*Libri Feudorum*). Igualmente, a Igrexa buscou un texto xurídico seguro e fiable. Esta é a finalidade que move a Graciano a publicar o seu famoso Decreto e a que perseguiron, xa con impulso oficial, diferentes papas que elaboran obras canónicas relevantes: *Liber Extra* de Gregorio IX, *Liber Sextus* de Bonifacio VIII, Clementinas... Todo este conxunto normativo deu lugar ao *Corpus Iuris Canonici*. Ambos os textos supoñen o expoñente máis claro do dereito común, o *utrumque ius*, e serán os estudados nas universidades europeas por aqueles que desexaren graduarse en leis ou en canons até a aparición dos cambios liberais.

Con esta normativa conviviu, por toda Europa, un conxunto plural de disposicións particulares de variado ámbito (rexio, territorial, municipal...) que se denominan dereitos propios (*iura propria*). Este dobre conxunto normativo non vive illado, senón que forma un sistema tal e como, con singular agudeza, advertiu Francesco Calasso o século pasado e foi desenvolvido posteriormente e até a actualidade por Manlio Bellomo, ao que lle seguen outros autores tanto en Europa como en América. En España, estas formulacións gozaron de especial difusión a través da obra de Emma Montanos Ferrín. Este *sistema iuris* conecta inseparablemente o dereito común e os dereitos propios. Como menciona o citado profesor Bellomo, sen a variedade dos *iura propria* o *ius commune* non disporía dun campo de actuación. Sen este, os dereitos propios non terían tanta vitalidade. O dereito común non pode verse desde a óptica do dereito positivo como un elemento máis da xerarquía de fontes, senón que se sitúa noutro nivel. É o que se encarga de establecer os conceptos e de explicar as figuras xurídicas, de modo que cando calquera disposición de dereito propio utiliza termos como “compravenda” ou “propiedade” emprégaos co significado proveniente do dereito común. Por tanto, dá igual o lugar onde se coloque o *ius commune* nunha prelación xurídica. Sempre se situará en primeiro lugar, por ser a fonte inspiradora de todo o dereito.

Os cambios medievais tamén chegaron ao seo da Igrexa, que sufriu reformas de transcendencia que lle afectaron. Tras o cisma de Oriente (século XI), aparecen novas ordes relixiosas e consolídase a estrutura xerárquica da Igrexa romana en tempos do papa Gregorio VII. A rivalidade entre ordes, que de xeito tan claro se palpa na película, afectou, tamén, a organización eclesiástica. Cobrou relevancia a pugna entre franciscanos e dominicos; os primeiros firmes defensores da pobreza da xerarquía e os segundos máis centrados en defenderen os privilexios e riquezas como garantes do poder da Igrexa no mundo terreal.

Á súa vez, o poder temporal do emperador compite co espiritual que recae no Papa na procura da primacía, o cal continúa un ronsel problemático que se remonta aos primeiros

séculos da cristiandade e que en tempos do papa Xelasio (século V) se resolvera mediante a doutrina das dúas dignidades distintas: o Papa goza de poder espiritual e *auctoritas*, e o emperador do poder terreal grazas á súa *potestas*. Neste ambiente medieval a pugna estará representada polo papa Xoán XXII e mais o monarca Luís de Baviera.

A inquisición medieval, que se pode atopar na película, deuse en Europa sobre todo no sur de Francia e Italia, mentres que na península Ibérica só nos territorios da Coroa de Aragón. Nada ten que ver esta, a chamada papal, coa propiamente denominada inquisición española, que xurdiu no reinado dos Reis Católicos e que foi controlada polos monarcas. A medieval apareceu ante a necesidade de frear a herexía e consolidar a fe cristiá en momentos en que se estaban a pór en dúbida determinadas doutrinas da xerarquía eclesiástica.

Por último, convén salientar a relevancia do mosteiro como centro e foco cultural do medievo. Nomeadamente nos primeiros séculos, o único lugar de desenvolvemento das letras no mundo rural sitúase tras os muros deses centros relixiosos. Alí, os monxes transcriben libros no *scriptorium* e custodian bibliotecas que poden chegar a ter certa importancia. Sen dúbida, entre os exemplares gardados están moitas das fontes xurídicas do dereito común mencionadas con anterioridade, aínda que, neste caso, a trama da película se centra nun aspecto máis filosófico, a importancia da risa na *Poética* de Aristóteles.

4. Actividade

O alumnado realizará un comentario persoal sobre a película en que se analicen os aspectos xurídicos de relevo. En todo caso, deben tratarse os seguintes:

- As relacións señoriais-feudais
- O dereito común
- A inquisición medieval
- A situación pola que atravesamos a Igrexa neste momento e as súas relacións co poder civil
- O ambiente monástico, en especial, a relevancia do *scriptorium*

Deberá centrarse na descrición destes aspectos na trama da película.

Para poder afrontar o comentario cómpre realizar as seguintes lecturas:

MONTANOS FERRÍN, E. (1997): *España en la configuración histórico-jurídica de Europa. Tomo I*: páxs. 99-108 / 145-178 (Roma: Il Cigno Galileo Galilei)

MONTANOS FERRÍN, E. (1999): *España en la configuración histórico-jurídica de Europa. Tomo II*: 217-248 (Roma: Il Cigno Galileo Galilei)

5. Lecturas recomendadas, películas relacionadas e sitios web de interese

LECTURAS RECOMENDADAS

- BELLOMO, M. (1999²): *La Europa del derecho común*: páxs. 61-85 (Roma: Il Cigno Galileo Galilei)
- BELLOMO, M. (2001): *La Universidad en la época del derecho común*: páxs. 1-19 (Roma: Il Cigno Galileo Galilei)
- MORENO CARTELLE, E. (1986), “El mundo medieval en El nombre de la rosa de Umberto Eco”, *Revista de filología románica*, 4: 141-158

SITIOS WEB DE INTERESE

<http://www.cinehistoria.com>

Web de Tomás Valero Martínez con interesantes comentarios conceptuais acerca da didáctica do cinema na aula e sobre a análise do cinema histórico en xeral. É un espazo web moi completo, que conta con seccións de diapositivas, entrevistas, fontes, cronoloxía de España, etc. Nel cobran especial relevancia as propostas didácticas para algo máis dunha decena de películas deste xénero.

<http://www.educared.net/primerasnoticias/recur/cine/cine.htm>

Páxina da Fundación Telefónica dirixida a lle facilitar recursos didácticos ao profesorado interesado na utilización das novas tecnoloxías no ensino. Conta cunha sección dedicada á análise de películas que pode servir para a aprendizaxe do alumnado. Está pensada, fundamentalmente, para o estudantado de niveis non-universitarios.

<http://www.amnistiacatalunya.org/edu/pelis/lista.html>

Páxina da sede catalá de Amnistía Internacional que conta cunha sección dedicada ao estudo do cinema e os dereitos humanos. Algunhas das películas examinadas dispoñen dunha ligazón a unha proposta didáctica.

<http://www.auladecine.com/>

A páxina nace coa idea de impulsar o uso do cinema nas aulas. A película O nome da Rosa conta cunha ficha didáctica elaborada por Katia Torrent e Enric Pla, pensada, especialmente, para o estudantado de bacharelato, mais útil pola análise histórica e filosófica que achega.

<http://www.uhu.es/cine.educacion/cineyeducacion/historiatemas.htm>

Páxina elaborada por Enrique Martínez-Salanova Sánchez en que se analizan os grandes temas que tratou o cinema, un dos cales é a historia. Enuméranse películas que se poden encadrar no xénero histórico e salienta o desenvolvemento que recibe a Guerra Civil española.

<http://clio.rediris.es/n32/historiaycine/historiaycine.htm>

Páxina sobre historia e cinema cuxa autoría corresponde a Ricardo Ibars Fernández e Idoya López Soriano. Trátase dun artigo que analiza os seguintes aspectos: cinema e historia, relacións entre cinema e historia, cinema histórico e o cinema como documento histórico.

LUÍS M.^a CRUZ

*O señor das moscas. Dereito,
poder e sociedade*

1. Película

TÍTULO

O señor das moscas (Lord of the Flies)

FICHA TÉCNICO-ARTÍSTICA

Ano: 1990

País: Estados Unidos

Dirección: Harry Hook

Producción: Castle Rock Entertainment

Guión: Sara Schiff (baseado na novela de William Golding)

Música: Philippe Sarde

Elenco: Balthazar Getty, Chris Furrh, Danuel Pipoly, Andrew Taft, Edward Taft e Gary Rule

Duración: 90 minutos

SINOPSE

Debido un accidente aéreo, un grupo de nenos de entre 6 e 14 anos –cadetes dunha academia militar– foi parar a unha pequena illa deserta onde terán que se valer por si mesmos. Unha vez na illa deciden adoptar unha serie de principios organizativos. Para iso, elixen un xefe e establecen unhas normas para sentaren as bases da súa convivencia. Deciden construír uns refuxios, establecer un grupo de cazadores e facer un lume

que sirva para que os rescaten. Nese primeiro momento todos son optimistas e confían en ser rescatados. Porén, ao pouco tempo esta sociedade democrática convértese nunha ditadura gobernada por outro dos nenos, o xefe dos cazadores. Este rapaz sèrvese da súa forza e dos medos dos nenos para impoñer o seu criterio. Aos poucos os rapaces van perdendo toda a súa humanidade e toda a súa inocencia. Caen nunha espiral de crimes que vai desde o roubo ao asasinato, pasando pola tortura e a violencia.

2. Temática xurídica

Palabras clave: sociedade; poder; funcións sociais do dereito; forza; orde; autoridade; regras; obediencia ao dereito; seguridade.

Baixo o peso da Segunda Guerra Mundial, William Golding (autor da novela que serve de guión á película) imaxinou a condición humana sumida nunha illa que se afunde lentamente na inxustiza. Ao comezo do seu naufraxio, os rapaces senten que a vida non consiste nun simple vivir, senón en convivir, para o cal cómpren normas e proxectos comúns. De aí que a primeira necesidade que traten de satisfacer non sexa a comida, senón a autoridade. Unha vez elixido o xefe, reparten o traballo e establecen pautas básicas de comportamento: un grupo de cazadores, unha quenda para manter acesa a cacharela, a caracola como medio para convocar asembleas. No entanto, tamén xorde desde o principio o particularismo, o desinterese polo común e un corrosivo afán de poder.

Por que é necesaria a autoridade? Onde radica a obrigatoriedade última das normas? Que sentido ten o dereito na existencia humana? É o home malo por natureza?

3. Comentario

Na película créase o xeito en como un nenos se constitúen nun grupo organizado, coas súas normas, as súas relacións de poder e as súas tensións internas, onde pasenionalmente se van enfrontando dous modelos de autoridade. Por unha banda, a de Ralph e Porqui, principais defensores de que a norma substitúa a forza, de que a convivencia sexa baixo regras e non baixo o poder a forza violenta. Pola outra, a de Jack, o máis violento dos rapaces e o xefe do grupo dos cazadores, quen se apoia na forza e no seu carisma para se enfrontar a Ralph e Porqui.

Neste sentido, esta película mostra como, nunha situación de crise como a formulada, cada persoa pode captar o outro de dous xeitos: como oposto a el ou como igual a el. No

primeiro caso, o conflito é inevitable e a solución é a forza violenta. No segundo caso, pola contra, conduce a admitir unha medida común nas relacións cos outros.

MOMENTOS CLAVE:

1. Primeira asemblea:
 - a) Establécese a primeira regra: “Quen quixer falar, deberá ter a caracola.”
 - b) Nova regra: “Faremos unha cacharela e manterémola sempre ardendo.”
 - c) Elixen a Ralph como xefe
 - d) Deciden facer un campamento
2. Segunda asemblea:
 - a) Establecemento de novas regras (traballo, necesidades fisiolóxicas, pesca por quendas)
 - b) Necesidade de sancións e de regras máis estritas
3. Terceira asemblea:
 - a) O grupo de cazadores descoidou as súas obrigas (manter o lume aceso), de modo que o helicóptero non os viu
 - b) Jack establécese co grupo de cazadores noutro campamento
4. Suceso da cova e ofrenda ao monstro
5. Reunión no campamento dos cazadores:
 - a) Discusión entre Jack e Ralph
 - b) Baile arredor do lume
 - c) Morte de Simon (confundido co monstro)
6. Conversas entre Ralph e Porqui:
 - a) Tras a morte de Simon: sobre a culpabilidade do acontecido (Porqui pensa que foi un accidente; Ralph séntese culpable, xa que non fixo nada por a impedir)
 - b) Tras o roubo dos lentes: Porqui pregúntase por que non deu resultado comportarse como terían feito os adultos (establecendo unhas regras, unha autoridade...)
7. Última reunión no campamento de Jack:
 - a) Morte de Porqui
 - b) Diálogo entre Ralph e Jack
 - c) Ralph foxe

PERSONAXES IMPORTANTES:

1. Ralph: aínda que non é o maior en idade nin o máis forte, é elixido como xefe por ser o máis veterano e máis pola súa capacidade de mando e organización.
 - a) “Quen quixer falar, deberá ter a caracola. Esa será a regra”
 - b) “Dá igual quen tiver o mando; o importante é estarmos unidos. Faremos un campamento”
 - c) “Teremos regras máis estritas e aplicaremos sancións. Supoño”.
 - d) “Iso é unha loucura, debemos seguir xuntos.”
 - e) “Cres que é mellor fartarse de comida no canto de que nos rescaten? Temos que unirmos outra vez? (...) Nosoutros non queremos carne, queremos que volvades connosco. Sós non faredes nada.”
 - f) “Si que a tivemos [a culpa pola morte de Simon]. Estabamos alí e non fixemos ren para o impedir.”
 - g) [Aos xemelgos] “Se ao final me matan será porque vós o permitides. De non vos enfrontardes a el, sempre sereades os seus escravos”.

2. Jack: é o maior e o máis forte. Será o líder do grupo dos cazadores. Impónse a través da forza, o medo e a mentira.
 - a) [A Porqui] “Será mellor que aprendas a te valeres por ti mesmo, porque non creo que nos rescaten.”
 - b) [Ante a doenza do capitán Benson] “Mellor preocupármonos de nós mesmos.”
 - c) “Nin a miña banda nin eu temos por que te aturar. Se sabes o que che convén terás que deixar de dar ordes.”
 - d) “Farei un campamento para os meus cazadores e todo o que se queira unir a min.”
 - e) “De acordo, vinde connosco e comeredes toda a carne que quixerdes.”
 - f) “A caracola xa non vale nada (...). A ninguén lle interesa xa o que dicides nin a túa maldita caracola.”
 - g) “Non? E, daquela, que pensas facer? A quen pensas recorrer? Non hai ninguén. Estás só.”

3. Porqui: todos se rín del. É o máis firme defensor da caracola.
 - a) “Temos que ser precavidos ou non servirá de nada que nos rescaten.”
 - b) “Non solucionaremos nada lamentándonos. Estaba escuro e tiñamos medo (...). Podería acontecer calquera cousa. Non tivemos a culpa (...). E que podíamos facer. Eles eran demasiados (...). Foi un accidente, un terrible accidente.”
 - c) “Fixemos as cousas como as terían feito as persoas adultas, por que non deu

resultado? Todo nos iría mellor de ese canalla de Jack non estiver aquí. Oxala estivese morto. Non sei se o home é bo ou malo, mais el é un canalla. Ódoo con todas as miñas forzas.”

- d) “Teño a caracola, deixádeme falar! Se imos medrar nesta illa non podemos seguir actuando como uns salvaxes.”

4. Actividade

O alumnado terá que responder de modo individual as seguintes cuestións:

1. Que simbolizan a caracola, o lume e a cabeza de porco?
2. Cal é a razón pola que rompen as regras? Por que a sociedade da illa se dissolve no primitivismo e a forza avasaladora?
3. Que sentido ten respectar as regras para cada un dos grupos?
4. Cando Ralph decide establecer sancións, o grupo de Jack rise, por que pensas que o fai? Por que Ralph non é quen de facer cumprir as regras de organización que impuxera? Porén, case ao final da película vese como Jack manda castigar un dos rapaces e cúmprese a execución, por que agora ten eficacia? Que diferenza pensas que hai, neste contexto, entre as sancións que pretende Ralph e os castigos que infrinxe Jack?
5. Por que cres que Ralph non entra a formar parte do grupo de Jack? E Porqui?
6. Por que Jack odia a Ralph e a Porqui?
7. Que representa cada un dos tres personaxes principais: Ralph, Jack e Porqui?
8. O grupo de Jack, toma conciencia nalgún momento das atrocidades cometidas? Cando? Por que nese intre?
9. Cal pensas que é a mensaxe do autor/director?

5. Lecturas recomendadas, películas relacionadas e sitios web de interese

LECTURAS RECOMENDADAS

- COTTA, S. (1987): *El Derecho en la existencia humana* (Pamplona: Eunsa)
- COTTA, S. (1987): *Las raíces de la violencia. Una interpretación filosófica* (Pamplona: Eunsa)
- GARCÍA AMADO, J.A. (1997): “Las reglas, la razón y la fuerza. A propósito de *El Señor de las Moscas*, de William Holding”, *Anales de la Facultad de Derecho de la Universidad de León*, 1: 115-132.

- GOLDING, W. (1996²): GÓMEZ CLEMENTE, X. M.^a (trad.): *Señor das moscas* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- GOLDING, W. (1984): VERGARA, C. (trad.): *El Señor de las Moscas* (Madrid: Alianza)

SITIOS WEB DE INTERESE

<http://www.aresearchguide.com/lord.html>

<http://www.sparknotes.com/lit/flies/>

<http://us.imdb.com/title/tt0100054/>

PELÍCULAS RELACIONADAS

Apocalypse Now (Francis Ford Coppola, 1979)

JORGE QUINDIMIL LÓPEZ E MARTA SOBRIDO PRIETO

*Hotel Rwanda. Nacións Unidas,
conflictos internacionais e operacións
de mantemento da paz*

1. Película

TÍTULO

Hotel Rwanda

FICHA TÉCNICO-ARTÍSTICA

Ano: 2004

Países: Reino Unido, Sudáfrica, Estados Unidos e Italia

Dirección: Terry George

Producción: A. Kitman Ho; Terry George

Guión: Keir Pearson; Terry George

Música: Andrea Guerra; Rupert Gregson-Williams; Afro Celt Sound System

Elenco: Don Cheadle (Paul Rusesagabina); Nick Nolte (coronel Oliver); Sophie Okonedo (Tatiana); Joaquin Phoenix (Jack); Desmond Dube (Dube), David O'Hara (David), Cara Seymour (Pat Archer), Fana Mokoena (xeneral Augustin Bizimungu), Hakeem Kae-Kazim (George), Tony Kgoroge (Gregoire) e Ofentse Modiselle (Roger).

Duración: 122 minutos

Premios: Proposta a tres premios Óscar 2005: mellor actor (Don Cheadle); mellor actriz de elenco (Sophie Okonedo); mellor guión orixinal. Gañadora AFG *People's Choice Award* Toronto International Film Festival. Gañadora *Audience Award Best*

Feature AFI Festival 2004. Gañadora *One of the top films of the year* National Board of Review. Gañadora *Stanley Kramer Award*, Producers Guild Awards. Gañadora IFP Gotham Awards *Actor of the Year*. Proposta a tres globos de ouro 2005: mellor canción orixinal, mellor actor (Don Cheadle) e mellor película.

SINOPSE

Rwanda, primavera 1994. A unhas horas da sinatura dos acordos de paz de Arusha, certos acontecementos preocupantes comezan a perturbar a vida do país. Tras a sinatura dos devanditos acordos, o atentado que causa a morte do presidente ruandés motiva que soldados hutus instiguen por radio a “erradicar a invasión asasina dos tutsis” o cal provoca, de inmediato, o inicio da matanza.

Paul Rusesabagina, hutu e xerente do hotel Mille Collines, propiedade das aeroliñas belgas Sabena, vese persoalmente involucrado no conflito cando ameazan a súa muller tutsi, os seus fillos e veciños. Paul logra protexer os seus no hotel, ao que comezan a chegar miles de persoas pedindo auxilio e logra, tamén, sortear os primeiros obstáculos mediante o suborno, coa esperanza de que as forzas internacionais cheguen en calquera momento para evitar a guerra civil. Porén, a situación recrúase...

A película baséase en feitos reais. Paul Rusesabagina recibiu o 15 de xuño de 2005 o Premio Humanitario do Alto Comisionado de Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR), a primeira vez que o organismo concedía tal distinción.

2. Temática xurídica

Palabras clave: soberanía estatal; principio de non-intervención; Organización das Nacións Unidas; mantemento/imposición da paz; dereito internacional humanitario; tribunais penais internacionais.

Nesta película pónense de manifesto as dificultades e limitacións, tanto políticas como xurídicas, ante as que se atopa o dereito internacional á hora de facer respectar os dereitos humanos en situacións de conflito. Así mesmo, permite reflexionar outras dúas importantes cuestións: o papel da ONU neste tipo de situacións e o axuízamento das persoas responsables destes crimes por tribunais internacionais.

3. Comentario

ANTECEDENTES E DESENCADEANTE DO XENOCIDIO

A seguir, presentamos un resumo elaborado a partir dos parágrafos 78-111 da primeira sentenza ditada polo Tribunal Penal Internacional para Ruanda (decisión do 2 de setembro de 1998, asunto contra Jean-Paul-Akayesu).

Durante o **período precolonial e colonial** (Alemaña: 1897-1917; Bélxica: 1917-1962) Ruanda estaba gobernada por unha **monarquía** que contaba co apoio da nobreza tutsi. A distinción hutu/tutsi baseábase máis na pertenza a clans familiares que a grupos étnicos. Por iso, un hutu podía chegar a pertencer aos tutsis e viceversa (segundo se converter en rico ou pobre; ou, tamén, por matrimonio). Tanto a colonización alemá como belga, aínda que só nun primeiro tempo polo que se refire á belga, se apoiou nunha elite composta esencialmente de tutsis. Os colonos consideraban que os tutsis, que eran os que máis se parecían a eles pola estatura e a cor de pel, eran, por esta razón, máis intelixentes e estaban máis capacitados para gobernaren.

A comezos dos anos 30 os colonos belgas decidiron establecer unha distinción **permanente** e clasificar a poboación en tres grupos supostamente “étnicos”: os **hutus** (preto do 84% da poboación), os **tutsis** (aproximadamente o 15%), e os **twas** (preto do 1%). Instituíuse, así mesmo, unha carta de identidade para cada ruandés en que figuraba a súa pertenza “étnica”; esta mención á identidade étnica non foi abolida até despois dos trágicos acontecementos de 1994.

Desde finais dos anos 40, co movemento da descolonización, os tutsis decatáronse de que podían tirarlle moito proveito á súa situación privilexiada e tentaron desmarcarse da tutela política belga. Estas veleidades de independencia provocaron un cambio de alianzas –dos tutsis aos hutus– por parte de Bélxica.

Baixo a presión do Consello de Administración Fiduciaria da ONU e enmarcado no cambio de alianza ao que nos acabamos de referir, Bélxica permitiu o acceso dos hutus ao ensino e á Administración.

En 1956, e en cumprimento das orientacións dadas polo Consello de Administración Fiduciaria de Nacións Unidas, Bélxica institúe o sufraxio universal para a renovación dos órganos locais. Estas eleccións deron lugar a un voto puramente étnico, que lles asegurou unha forza maioritaria aos hutus que, deste xeito, se deron conta da súa forza política.

Contra 1957 naceron as primeiras **formacións políticas** e, como era de agardar, respondían máis a consignas étnicas que ideolóxicas.

O 1 de xullo de 1962 proclámase a **independencia** de Ruanda. Nacía así a **Primeira República**, cuxo presidente era o dirixente do partido hutu maioritario.

A vitoria dos partidos hutus conduciu moitos tutsis ao **exilio** cara aos países veciños, desde os cales realizaban incursións en Ruanda; cada ataque dos exiliados era seguido de represalias contra os tutsis que vivían en Ruanda.

Non tardaron en se producir diferenzas dentro do poder hutu, problemas que conduciron a unha situación de anarquía que permitiu ao xeneral **Habyarimana**, xefe do exército, tomar o poder a través dun golpe de estado, o 5 de xullo de 1973, e proclamar, así, a disolución da Primeira República e a instauración da **Segunda República**.

Seguindo unha tendencia habitual nesta época en África, o presidente Habyarimana instaura un sistema dun **partido único** creando o Movemento Revolucionario Nacional para o Desenvolvemento (**MRND**), do cal todos os ruandeses eran membros automaticamente.

A chegada ao poder de Habyarimana suscitara moitas expectativas no interior e exterior do país, mesmo entre os tutsis. Con todo, aínda que nos seus inicios o réxime se desmarcou da anterior política antitutsi, cos anos volveuse claramente antitutsi e mesmo estendeu a política de discriminación respecto a aqueles hutus que non pertencían á rexión do presidente. A crecente oposición de ambos os grupos (hutus discriminados e tutsis) foi debilitando o poder de Habyarimana até alcanzar o seu punto álxido o 1 de outubro de 1990 co ataque perpetrado desde Uganda pola Fronte Patriótica Ruandesa (FPR), partido creado polos exiliados tutsis en Uganda co obxectivo de regresaren a Ruanda. Ante estes feitos, xunto coa presión social e dos investidores, o presidente Habyarimana viuse obrigado a aceptar o **multipartidismo**. Mais como o presidente se seguía a opor ao retorno dos exiliados tutsis, a FPR continuou realizando ataques armados e chegou mesmo a se aliar politicamente cos partidos da oposición. Así foi até que, baixo presión da oposición, o MRND aceptou negociar coa FPR un **cesamento do fogo** en xullo de 1992, a través dos **primeiros acordos de Arusha** que supuñan un recoñecemento tácito ao control da FPR sobre o nordés do país, alén de establecer un goberno e unha asemblea de transición, con participación da FPR en ambos os órganos; aínda que a experiencia demostrou que o presidente aceptara tales acordos obrigado e forzado, e que nunca tivera a intención de os respectar. Así se oficializaba a participa-

ci3n dos tres bandos protagonistas: o do presidente Habyarimana, o bando da oposici3n interior e o da FPR.

Por3n, a FPR nunca renunciara aos seus obxectivos de tomar o poder e multiplicou os seus **ataques militares**. O ataque masivo do 8 de febreiro de 1993 estragou gravemente as relaci3ns da FPR cos partidos de oposici3n hutu, o que lle deu a oportunidade ao presidente Habyarimana para chamar 3 unidade de todos os hutus. As3 comeza a prevalecer o v3nculo baseado na identidade hutu sobre os intereses pol3ticos. Deste modo, os tres bloques pol3ticos citados deixan paso a s3 dous bloques 3tnicos: a FPR, que agrupaba os tutsis, e os demais partidos, integrados esencialmente por hutus.

Un elemento esencial do proceso de transformaci3n do conflito econ3mico, social e pol3tico en conflito 3tnico foi a chamada “**pol3tica do espello**”, consistente en lles atribuir aos outros os actos que un mesmo comet3a, o que deu lugar 3 comisi3n de m3ltiples matanzas.

O 4 de agosto de 1993, o goberno ruand3s e a FPR asinan os **acordos finais de Arusha** e po3nen, as3, fin 3 guerra comezada o 1 de outubro de 1990. Tales acordos prev3an o seguinte: a creaci3n dun **goberno de transici3n** con participaci3n da FPR, a integraci3n dos dous ex3rcitos existentes (13 000 soldados da FPR e 35 000 das FF. AA. de Ruanda), a creaci3n dunha zona desmilitarizada entre a zona nord3s controlada pola FPR e o resto do pa3s, e o despregamento, en catro fases, dunha forza de mantemento da paz das Nacións Unidas cun mandato de dous anos (Misi3n das Nacións Unidas para a Asistencia a Ruanda, **MINUAR**).

O 23 de outubro de 1993, o presidente de Burundi, que era hutu, 3 asasinado durante un intento de golpe de estado por militares tutsis de Burundi. Este asasinato foi aproveitado en Ruanda polos extremistas hutus para mostraren que era imposible entenderse cos tutsis, que sempre tentar3an destruir os hutus. As3 mesmo, o asasinato serviulle de pretexto ao presidente de Ruanda, Habyarimana, para denunciar os acordos de Arusha.

En febreiro de 1994 varios dirixentes de partidos af3ns ao presidente foron asasinados, o que levou 3s xuventudes dos partidos hutus radicais (que actuaban como **milicias** baixo os nomes de “Interahamwe” e “Impuzamungambi”) a masacraren na capital (Kigali) a poboaci3n tutsi e hutu opositora a Habyarimana.

O ministro belga de Asuntos Exteriores informou o seu representante ante a ONU do agravamento do conflito indicando que “poder3a desembocar nunha explosi3n de vio-

lencia irreversible”. Tamén o xeneral Dallaire, comandante da **MINUAR**, alertara a ONU en Nova York do descubrimento de zulos de armas e solicitara un cambio de normas no seu mandato que lle permitise á MINUAR actuar ante esta situación, o cal lle foi denegado.

En marzo de 1994, xa non funciona o goberno en transición, de modo que Ruanda se sitúa ao bordo da quebra, o que leva aos doadores de fondos internacionais e aos países veciños a exercer presión no presidente Habyarimana para que aplique os acordos de Arusha. O 4 de abril, o presidente e outros xefes de Estado da rexión reúnen na veciña Tanzania para discutiren a aplicación dos acordos de paz.

O avión que levaba os presidentes de Ruanda e de Burundi, de volta aos seus países tras a reunión, estrelouse preto do aeroporto da capital ruandesa (Kigali) sen que houbera superviventes. De inmediato, o exército ruandés e as milicias hutus bloquearon todas as estradas arredor da capital e comezaron, en diversas rexións do país, a matar os tutsis e mais os hutus moderados (hutus que estaban a favor dos acordos de paz e de compartiren o poder cos tutsis). Entre as primeiras vítimas mortais da matanza atopábanse importantes personalidades (altos cargos do goberno de coalición e dirixentes das máis altas institucións), entre as que destaca a primeira ministra. A partir dese momento, toda a vida institucional pasa a ser dirixida por un **goberno provisorio** de tendencia hutu radical e dirixida por un militar retirado.

Soldados das forzas armadas ruandesas executan dez cascos azuis belgas, o cal provoca a retirada de todo o continxente belga, que constituía o núcleo da MINUAR. O 21 de abril de 1994, o Consello de Seguridade da ONU decidiu reducir as forzas de mantemento da paz a só 450 soldados.

O 7 de abril de 1994, as tropas da FPR desprázanse desde o norte cara ao sur para emprenderen unha guerra aberta coas forzas armadas ruandesas, de modo que o 12 de abril chegan á capital (Kigali) e obrigan o goberno provisorio a fuxir. A partir do 12 de abril, despois de que **Radio Ruanda** (emisora do goberno) sinalase os tutsis como principal obxectivo a ser destruído, os **masacres** chegan ao seu punto álxido (prodúcense masacres mesmo contra poboación civil que, baixo falsas promesas de protección, se refuxiara en igrexas, hospitais, escolas e edificios administrativos). Non era máis que unha estratexia para exterminar de xeito rápido un maior número de persoas. Tales masacres continuaron até que o **18 de xullo de 1994** a FPR entrou vitoriosa na capital (Kigali).

As estimacións do número total de vítimas oscilan entre 500 000 e máis dun millón.

CLAVES XURÍDICAS

Descolonización. Podemos distinguir tres grandes procesos descolonizadores. O primeiro é o americano (Estados Unidos e estados latinoamericanos 1783-1900). O segundo é o dos territorios que formaban parte do imperio otomano (boa parte dos actuais estados de Oriente Medio e do Magreb: 1920-1945). E o terceiro o de numerosos territorios suxeitos a dominación colonial en África, Asia, o Pacífico e Caribe (fundamentalmente entre 1945-1970, mais aínda non concluíu).

Delimitación das fronteiras.

- a) criterio: á hora de acceder á independencia, a delimitación territorial dos novos estados foi a mesma que no seu momento estableceran as potencias coloniais; unha delimitación que as potencias coloniais non realizaran sobre a base de criterios étnicos, lingüísticos ou relixiosos, senón que era o resultado de loitas e negociacións entre as propias potencias coloniais occidentais.
- b) razón: a razón de continuar coa delimitación territorial establecida en tempos coloniais era a de evitar reclamacións territoriais entre os novos estados; de xeito que só se deron por válidas as modificacións que contasen co apoio de todas as partes interesadas.
- c) inconveniente: o inconveniente é que a convivencia de diferentes grupos étnicos ou relixiosos nun mesmo estado, así como o espaxamento dun mesmo grupo en dous ou máis novos estados xerou unha grande inestabilidade.

Soberanía. Todo estado é soberano. A soberanía identifícase coa noción de “independencia”. Unha independencia que, desde unha perspectiva xurídico-internacional, se adoita concretar en tres elementos: plenitude (o estado pode exercer sobre o seu territorio todas as competencias lexislativas, executivas e xudiciais que cumpriren para o exercicio das súas funcións estatais), exclusividade (monopolio do poder público no territorio estatal) e autonomía (absoluta liberdade de decisión na esfera de competencia propia). O único límite á soberanía estatal é o dereito internacional. E é por iso polo que todos os estados son, desde esta perspectiva, iguais (igualdade soberana) e ninguén pode inmiscirse nos seus asuntos (non-intervención).

Organización das Nacións Unidas. A Organización das Nacións Unidas (ONU) é unha organización internacional a que actualmente pertencen practicamente todos os estados do mundo. Conta cunha serie de órganos, dos cales hai cinco que teñen o carácter de principais; agora queremos salientar tres: o Consello de Seguridade, a Asemblea Xeral, o Secretario Xeral.

Consello de Seguridade da ONU. O uso da forza está prohibido, salvo en dous supostos (en realidade, é máis complexo, mais para os efectos desta práctica imos quedar con esta idea principal). O primeiro suposto é o da lexítima defensa fronte a un ataque armado: se un estado for obxecto dun ataque armado, poderá usar a forza para se defender. O segundo suposto é o da autorización do Consello de Seguridade da ONU: de o Consello de Seguridade considerar que unha determinada situación constitúe un perigo para a paz ou un quebrantamento da paz e a seguridade internacional, poderá autorizar o uso da forza para asegurar a paz e seguridade internacional.

Operacións de mantemento da paz. As chamadas operacións de mantemento da paz (OMP) da ONU comezaron configurándose como forzas militares que, sen poderen usar a forza, tiñan como función principal a de conxelaren os conflitos alí onde as partes enfrontadas deren o seu consentimento. Unha vez finalizada a guerra fría, estas operacións evolucionaron cara a operacións multidisciplinares (compoñente militar, policial, civil) que tamén poden ocuparse do *antes* (prevención) e o *despois* (consolidación) dun conflito; e que, en consecuencia, diversificaron as súas tarefas. Alén diso, desde finais dos anos 90 o Consello de Seguridade da ONU concede –se así o considerar conveniente– unha autorización expresa ás OMP para que empreguen a forza na defensa do seu mandato.

Mantemento da paz/imposición da paz. Como acabamos de explicar, as OMP poden contar unha autorización para usaren a forza en defensa do seu mandato. Mais esta autorización non debe confundirse coa autorización que, chegado o caso, pode conceder o Consello de Seguridade para “impor a paz”. As OMP contan co consentimento e colaboración das partes en conflito, mentres que as operacións de imposición non.

ACNUR. O Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados (coñecido como ACNUR e con sede en Xenebra) foi creado en 1950 co fin de axudar aos reasentamentos das persoas refuxiadas europeas que aínda estaban sen fogar como consecuencia da Segunda Guerra Mundial. Desde aquela, o ACNUR non deixou de traballar para satisfacer as necesidades cada vez maiores dos refuxiados e persoas desprazadas no mundo. Na actualidade, o ACNUR é unha das principais axencias humanitarias no mundo. O seu persoal ascende a máis de 5 000 funcionarios e funcionarias que asisten uns 22 millóns de persoas en máis de 120 países. Nestes cincuenta anos de traballo, a axencia prestoulles asistencia a polo menos 50 millóns de persoas, o que a fixo merecedora do Premio Nóbel da Paz en 1954 e mais en 1981.

Dereito internacional dos conflitos armados e dereito internacional humanitario. Aínda que historicamente a guerra foi un medio lexítimo de solución de conflitos, hoxe en

día xa non é así (o uso da forza só se admite nos dous supostos xa explicados: lexítima defensa e autorizaci3n do Consello de Seguridade). Con todo, cando se produce unha guerra existen unha serie de normas que deben ser respectadas; normas que teñen un carácter humanitario no sentido de que perseguen salvagardar o ser humano ou minimizar os danos.

Podemos distinguir dous tipos de normas; por unha banda, as normas relativas a toda a dimensi3n militar do conflito: tipos de armamentos, tácticas de combate, obxectivos militares... (por exemplo, est3n prohibidas as bombas de acio). E, pola outra, as normas conectadas directamente coa dimensi3n humana do conflito: persoas feridas e prisioneras de guerra, poboaci3n civil... (por exemplo, é obrigatorio permitir a asistencia sanitaria ás persoas feridas). Estas normas aplícanse tanto aos conflitos internacionais como aos conflitos internos.

Exércitos regulares/milicias paramilitares/rebeldes. O dereito internacional humanitario regula a noci3n de combatente ao tratar de delimitar e distinguir figuras como, por exemplo, os exércitos regulares, as forzas armadas disidentes (rebeli3n do exército), os grupos armados organizados (milicias paramilitares, grupos de resistencia), os espías ou os mercenarios. Por exemplo, os mercenarios non teñen a condici3n de combatentes e, por tanto, non teñen dereito ao estatuto de prisioneros de guerra.

Principio de non-intervenci3n/inxerencia humanitaria. En conexi3n co principio de prohibici3n do uso da forza, debe terse en conta tamén a controvertida cuesti3n das intervenci3ns humanitarias, relacionadas directamente co principio de non-intervenci3n. Neste sentido, a Asemblea Xeral da ONU aprobou en 1970 unha resoluci3n en que se declaraba que “ningún estado ou grupo de estados ten dereito de intervir directa ou indirectamente, sexa cal for o motivo, nos asuntos internos ou externos de calquera outro. Por tanto, non soamente a intervenci3n armada, sen3n tamén calquera outras formas de injerencia ou de ameaza atentatoria da personalidade do estado, ou dos elementos políticos, económicos e culturais que o constituíren, son violaci3ns do dereito internacional” (Resoluci3n 2625; a traduci3n é nosa).

Crimes internacionais. Trátase de violaci3ns que afectan a valores tan transcendentos para a comunidade internacional como a paz (crime de agresión), o respecto dos dereitos humanos fundamentais (escravitude, trata de persoas, xenocidio, crimes de lesa humanidade) e as esixencias das normas de dereito humanitario (crimes de guerra). Dada a súa gravidade, estes crimes considéranse imprescritibles e exclúen o xogo de toda clase de inmunidade. Alén diso, pola súa propia natureza, reclaman a aplicaci3n

do principio de xustiza universal polos tribunais internos de calquera estado en que o delincente for aprehendido.

Tribunais penais internacionais. Aínda que os crimes internacionais son xulgados polos tribunais nacionais, ás veces estes non queren ou non poden xulgar os devanditos crimes; esta é a razón de ser dos tribunais penais internacionais. Os primeiros tribunais penais internacionais da historia foron os que xulgaron os crimes de guerra cometidos por alemáns (Tribunal de Nuremberg: 1945-1949) e xaponeses (Tribunal de Toquio: 1946-1948) durante a segunda guerra mundial. Os seguintes tribunais foron os creados polo Consello de Seguridade da ONU a comezos dos anos 90: Tribunal Penal Internacional para a antiga Iugoslavia (1993); Tribunal Penal Internacional para Ruanda (1994). Ambos os tribunais responden a conxunturas de urxencia derivadas de violacións gravísimas do dereito internacional humanitario ás que había que responder con celeridade. Con posterioridade constituíronse outros tribunais penais internacionais.

4. Actividade

O alumnado traballará en grupos dun máximo de catro membros.

Cada grupo ten que responder un cuestionario (véxase o anexo) integrado por 20 preguntas.

Todas as preguntas poden responderse perfectamente coas claves xurídicas que se ofrecen na ficha (alínea 3: *Comentario*) e as indicacións do enunciado das preguntas (datos, explicacións, remisións a páxinas web...).

5. Lecturas recomendadas, películas relacionadas e sitios web de interese

LECTURAS RECOMENDADAS

- Obras xerais
 - DÍEZ DE VELASCO, M. (2007): *Instituciones de Derecho Internacional Público* (Madrid: Tecnos)
 - DÍEZ DE VELASCO, M. (2008): *Las Organizaciones internacionales* (Madrid: Tecnos)
- Obras específicas
 - ESCUDERO ESPINOSA, J. F. (2004): *La Corte Penal Internacional y el Consejo de Seguridad. Hacia la paz por la justicia* (Madrid: Dilex)
 - QUESADA ALCALÁ, C. (2005): *La Corte Penal Internacional y la soberanía estatal* (Valencia: Tirant lo blanc)

- o SCHABAS, W. A. (2006): *The UN Internacional Criminal Tribunals* (Cambridge: Cambridge Univesity Press)

SITIOS WEB DE INTERESE

Organizaci3n das Naci3ns Unidas (ONU)

<http://www.un.org/>

Alto Comisionado das Naci3ns Unidas para os Refuxiados (ACNUR)

<http://www.acnur.org/>

Tribunal Penal Internacional para Ruanda

<http://www.icttr.org/>

Anexo. Cuestionario

1. Descolonizaci3n. Consulta o termo “Descolonizaci3n” da secci3n “Temas do programa” da p3xina web de Naci3ns Unidas (<http://www.un.org/spanish/descolonizacion>) e **indica cantas ex-colonias obtiveron a independencia desde 1945: m3is de 20? M3is de 80? M3is de 300?**
2. Delimitaci3n de fronteiras. Ruanda delimita cos seguintes pa3ses: Burundi, Uganda, Tanzania e Rep3blica Democr3tica do Congo (case a totalidade da coñecida como rexion dos Grandes Lagos, que incl3e: a totalidade de Ruanda, Burundi e Uganda; e parte da Rep3blica Democr3tica do Congo, Tanzania e Kenya).
 - a) Burundi: o territorio administrado por B3lxica era o de Ruanda-Urundi (onde conviv3an os tres grupos 3tnicos xa citados: twa, hutus e tutsis). En 1962 este territorio pasou a se constitu3r en dous estados independentes: Ruanda e Burundi.
 - b) Uganda: constitu3do en estado independente en 1962, 3 onde se constitu3u a chamada “Fronte Patri3tica Ruandesa” (FPR), integrada fundamentalmente por tutsis ruandeses que foran expulsados de Ruanda polos hutus. En 1990, a FPR invadiu Ruanda desde Uganda.
 - c) Tanzania: en Tanzania (concretamente, en Arusha) 3 onde se asinaron os acordos de paz de 1994. A colonia brit3nica de Tanganica independizouse en 1961, mais en 1964 uniuse a Zanz3bar (antiga colonia brit3nica independizada en 1963) para formar un 3nico estado que 3 a actual Tanzania.
 - d) Rep3blica Democr3tica do Congo: O chamado Congo belga era unha colonia belga que se constitu3u en estado independente en 1960 (denominada Zaire durante 1971-1997).

Debuxa un mapa de África e sitúa: Ruanda, Burundi, Uganda, Tanzania e a República Democrática do Congo. Ademais, indica entre parénteses de que potencia occidental eran colonias cada unha delas.

3. Soberanía. Durante o período 1945-1962, o territorio de Ruanda-Urundi estaba baixo a administración de Bélxica, que administrará o territorio a través da monarquía tradicional tutsi. En 1961 celébrase un referendo de abolición da monarquía. En 1962, independízase de Bélxica.

Sinala en que momento e por que podemos comezar a falar de soberanía: en 1945? En 1961? En 1962?

4. Soberanía. Tras a constitución de Ruanda como estado independente, **Bélxica pode obrigar a Ruanda a gobernar os seus asuntos dun modo determinado?** Cando teñen lugar os feitos que se reflicten na película (matanza de tutsis e hutus moderados), **Bélxica, na súa condición de antiga potencia colonial, podería enviar soldados belgas a Ruanda sen a autorización do goberno ruandés?**
5. Organización das Nacións Unidas. Consulta a epígrafe “Órganos principais” da sección “Acerca das Nacións Unidas” da páxina web de Nacións Unidas (<http://www.un.org/spanish/>) e indica: **cantos estados forman parte actualmente da ONU? Cantos estados forman parte do Consello de Seguridade? Cantos estados forman parte da Asemblea Xeral? Quen é o actual secretario xeral da ONU?**
6. Organización das Nacións Unidas. Consulta o mapa “Mapa do mundo na actualidade” dispoñible no espazo destinado a “Descolonización” da sección “Temas do programa” da páxina web de Nacións Unidas (<http://www.un.org/spanish/descolonizacion>) e **indica cantos estados non forman parte da ONU.**
7. Consello de Seguridade da ONU. O Consello de Seguridade está formado por 15 estados: cinco con carácter permanente e 10 que van rotando. Os cinco membros permanentes teñen dereito de veto. Consulta a sección “Órganos principais” (dentro da de “Acerca das Nacións Unidas”) da páxina web das Nacións Unidas (<http://www.un.org/spanish/>) e indica: **cales son estes cinco estados que teñen a condición de membros permanentes do Consello de Seguridade da ONU? Que estados africanos son actualmente membros do Consello de Seguridade?**
8. OMP: uso da forza. Tras ver a película, responde a seguinte pregunta: **As operacións de mantemento da paz (OMP) da ONU despregadas en Ruanda tiñan autorización para usar a forza?**
9. OMP: imparcialidade. Desde un principio, entendeuse que as OMP teñen que ser imparciais (o obxectivo da operación non é rematar co conflito, senón facilitar que as partes cheguen a un acordo); mais co tempo, e tras dramáticas experiencias como a que se mostra na película, viuse a necesidade de distinguir entre “imparcialidade” (as OMP deben ser imparciais) e “neutralidade” (as OMP non deben ser necesaria-

mente neutrais: se as partes non estiveren constituídas por elementos moralmente equiparables, sen3n que un se constituíe como esencialmente agresor e o outro como esencialmente agredido, a OMP non pode quedar á marxe). Tras ver a película, responde razoadamente a seguinte pregunta: **As OMP da ONU despregadas en Ruanda comportáronse dun modo imparcial e/ou neutral?**

10. Mantemento/imposici3n da paz. Nun momento da película o coronel Oliver di claramente que as forzas da ONU non tiñan a misi3n de imporen a paz, sen3n de manteren a paz.

Explica brevemente cal é a diferenza entre “manter” a paz e “impor” a paz.

11. ACNUR. Desde a década dos 80, o Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR) comezou a traballar coa figura dos embaixadores de boa vontade do ACNUR. Tras consultar, a ligaz3n “Embaixadores de boa vontade do ACNUR” colgado na secci3n “Informaci3n xeral” da páxina web de ACNUR (<http://www.acnur.org/>), responde as seguintes preguntas: **Cantos hai actualmente? e en que consiste o seu labor?**

12. Desprazados internos/refuxiados. Tras consultar o folleto informativo “Os desprazados internos (2007)” colgado na secci3n “Informaci3n xeral” da páxina web de ACNUR (<http://www.acnur.org/>), responde a seguinte pregunta: **En que se diferencian os “desprazados internos” dos “refuxiados”?**

13. Desprazados internos/refuxiados. Nos últimos minutos da película Paul e a súa familia chegan a un campamento da ONU, situado en territorio ruandés e onde se acolle poboaci3n ruandesa. **Trátase dun campamento de desprazados internos ou de refuxiados?**

14. Xenocidio. O Consello de Seguridade creou en 1994 o Tribunal Penal Internacional para Ruanda (TPIR) mediante a Resoluci3n 955 (1994); as resoluci3ns do Consello de Seguridade p3dense consultar na secci3n “Documentos, mapas” da páxina web da ONU (<http://www.un.org/spanish/>). No anexo desta resoluci3n recóllese o Estatuto do Tribunal Penal internacional para Ruanda. Tras consultar a alínea 2.^a do art. 2 do devandito estatuto, **explica brevemente a través dos feitos narrados na película en que consiste o crime de xenocidio.**

15. Tribunais penais internacionais. A Revista Electr3nica de Estudos Internacionais (<http://www.reei.org/>) ten unha “Cr3nica de Tribunais internacionais”. Consulta calquera dos seus últimos números e, á vista do sumario, **indica que tribunais penais internacionais existen actualmente.**

16. Tribunal Penal Internacional para Ruanda. Tras consultar o art. 1 do Estatuto do TPIR (explicamos como acceder ao documento no enunciado da pregunta 14), responde a seguinte pregunta: **A que persoas pode axuizar o TPIR e pola comisi3n de que tipo de crimes?**

17. Tribunal Penal Internacional para Ruanda. Mediante a Resolución 955 (1994) o Consello de Seguridade da ONU decidiu a creación do TPIR. Tras consultar o *Preámbulo* da dita resolución (as resolucións do Consello de Seguridade pódense consultar na sección “Documentos, mapas” da páxina web da ONU: <http://www.un.org/spanish/>), expón brevemente as **razóns que levaron á ONU a establecer o Tribunal**.
18. Conflito de Ruanda (1994). Tendo en conta o visto na película, responde a seguinte pregunta: **Cales son as partes ou grupos que se enfrontaron no conflito de Ruanda e como se organizaban?**
19. Política do espello-observadores internacionais. Reflexiona sobre a chamada “política do espello” (atribuírles aos outros os actos que un mesmo cometía, o que deu lugar á comisión de múltiples matanzas), e a **postura que pensas que debería adoptar a comunidade internacional**.
20. Tribunais penais internacionais. Fai unha breve **reflexión persoal** acerca da importancia dos tribunais penais internacionais, como o Tribunal Penal Internacional para Ruanda (máximo 150 palabras).

ELOY GAYÁN RODRÍGUEZ

*A pequena Lola.
Adopción internacional.*

1. Película

TÍTULO

A pequena Lola (Holy Lola)

FICHA TÉCNICO-ARTÍSTICA

Ano: 2004

País: Francia

Dirección: Bertrand Tavernier

Producción: Frédéric Bourboulon

Guión: Tiffany Tavernier e Dominique Sampiero; coa participación de Bertrand Tavernier

Música: Henri Texier

Elenco: Jacques Gamblin (Pierre), Isabelle Carré (Géraldine), Bruno Putzulu (Marco), Lara Guirao (Annie), Frédéric Pierrot (Xavier), Maria Pitarresi (Sandrine), Jean-Yves Roan (Michel), Séverine Canele (Patricia), Giles Gaston-Dreyfus (Yves Fontaine) e Anne Loiret (Nicole).

Duración: 130 minutos

SINOPSE

Unha parella de mozos francesa comeza unha tortuosa viaxe a Camboxa para conseguir a través dunha adopción internacional a súa ansiada intención de seren pais. Inmersos na complexa realidade política-social dun país que aínda vive a sombra e os recordos da guerra, comezan a deambular tratando localizar en diferentes orfanatos un neno que lles poida ser dado en adopción.

Envoltos nunha relación persoal que atravesa altibaixos forzados polos meses de tensa busca e espera, refúxianse nun grupo de parellas que, con idénticos obxectivos, comparten hotel.

A aventura da súa pretendida paternidade complicase como consecuencia da pasividade das autoridades, das mafias que trafican con menores, da complexa burocracia que rodea os procesos de adopción e do medo a que Camboxa peche a súa cota de adopcións internacionais.

2. Temática xurídica

Palabras clave: adopción internacional; entidades de colaboración de adopción internacional (ECAI); convenio internacional; visados.

O número de adopcións internacionais aumentou de forma espectacular en todo o mundo. Concretamente, España foi durante os últimos anos o país que máis adopcións levou a cabo. Porén, moitos dos países que ofrecen nenos e nenas en adopción, como consecuencia de guerras, desastres naturais ou situacións de crise económica, non dispoñen dunha regulación que garanta a protección dos menores, o cal produce en numerosas ocasións situacións de plena ilegalidade, xa que se dan en adopción menores que lles foron mercados aos seus pais biolóxicos ou mesmo arrebatados sen o seu consentimento.

A defensa dos dereitos de menores adoptados atópase na actualidade garantida polo Convenio da Haia de 1993, relativo á protección e á cooperación en materia de adopción internacional, do que aínda numerosos países non son parte.

3. Comentario

As dificultades con que se atopa a parella francesa para adoptar en Camboxa teñen unha causa inicial moi evidente desde o comezo da película. Inician a súa viaxe ao disporen dunha autorización do goberno camboxano para poderen adoptar, mais co paradoxo

de que non lles foi asignado, previamente, ningún menor. Parece deducirse que as leis camboxanas non lles facilitan aos futuros adoptantes ningún tipo de colaboración. Porén, trátase dunha circunstancia pola que dificilmente atravesarían uns potenciais adoptantes españois. En España os trámites dunha adopción internacional inicianse ante as autoridades autonómicas correspondentes, aínda que se conta coa participación das chamadas ECAI (entidades colaboradoras de adopción internacional), que sen ánimo de lucro, facilitan a burocracia propia dunha adopción internacional mesmo con apoio no país en que se pretenda adoptar.

Na película pódense enxergar, aínda que tenuemente, algunhas cuestións básicas da adopción internacional. Por unha parte, reflíctese a necesidade de contar co chamado “certificado de idoneidade”, documento que acredita que as persoas adoptantes reúnen unha serie de condicións que as capacitan para adoptaren, para o cal se prepara un informe que contén datos sobre a súa identidade, capacidade etc. Formúlanse moitas dúbidas ao respecto, xa que este tipo de certificados que se considera no art. 15 do Convenio da Haia, os profesionais da psicoloxía e traballadores/as sociais, nalgúns casos, elabóranos sobre parámetros propios dunha adopción nacional e non internacional en que as condicións varían considerablemente. Trátase dunha situación controvertida, xa que poden existir diferenzas no xeito de realizar a devandita valoración, non só entre estados, senón tamén entre autoridades de países como España en que existe unha autoridade por cada comunidade autónoma que pode expedir o certificado. *A pequena Lola* pretende ser reflexo dunha situación que, lamentablemente, se iniciou hai algúns anos e que aínda se mantén en determinados países que abren as súas fronteiras ás adopcións internacionais, e onde a falta dun rigoroso control permite a proliferación de mafias que trafican con menores para seren dados en adopción. A comunidade internacional, consciente da necesidade de eliminar este tipo de situacións, e despois de numerosas dificultades, creou o Convenio da Haia do 29 de maio de 1993, xa citado anteriormente, e do que España é parte. É evidente que as garantías que ofrece no seu articulado convidan a que se adopte sempre no marco de países que sexan parte do convenio, ou, se non for así, de realizar adopcións cos que cando menos existan convenios bilaterais.

O articulado do Convenio da Haia pretende, tal e como interpretou a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, establecer un procedemento imperativo, de modo que obedece á finalidade de evitar que as adopcións internacionais se realicen en ámbitos privados (cos graves perigos de abusos e de desprotección dos menores tantas veces denunciados) e de establecer un procedemento mediante o cal as autoridades colaboraran estreitamente. Estas últimas son cuestións que sen dúbida quedan reflectidas n’*A pequena Lola*.

No entanto, malia os claros obxectivos do convenio, estes non sempre se cumpren, xa que a súa normativa non uniforma as lexislacións dos países asinantes, senón que cada estado pode impor condicións diferentes de aplicación, como pode ser a idade para adoptar ou ser adoptado, o tipo de persoa que o pode facer ou, mesmo, a prohibición de que adopten matrimonios de persoas do mesmo sexo.

Non debe esquecerse que en España se publicou no BOE do 29 de decembro de 2007, a Lei 54/2007, do 28 de decembro, de adopción internacional. Con ela preténdense conxugar “os principios e valores constitucionais coas disposicións dos instrumentos internacionais en materia de adopción”. Toda a súa normativa ten como obxectivo salvagardar o interese do/da menor en consonancia coa Convención dos Dereitos da Infancia do 20 de novembro de 1989 e o xa mencionado Convenio da Haia de 1993.

4. Actividade

Tras a exposición da película o profesor realizará unha serie de comentarios e incentivará un debate que lle permita ao alumnado centrarse nos problemas de carácter xurídico-social reflectidos na película e a súa adaptación á normativa internacional. Cada alumno e alumna seleccionará un dos temas analizados e realizará un comentario dunhas 1200 palabras.

5. Lecturas recomendadas, películas relacionadas e sitios web de interese

LECTURAS RECOMENDADAS

- RODRÍGUEZ GAYÁN, E. M. (2003): “La actuación de la administración ante las adopciones internacionales en el marco del Convenio de La Haya de 29 de mayo de 1993” en *Anuario da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña*, 2003, páxs. 671-684.
- CARRILLO CARRILLO, B. (2003): *Adopción internacional y Convenio de La Haya de 29 de mayo 1993* (Granada: Comares)
- ÁLVAREZ GONZÁLEZ, S. (2008): “Reflexiones sobre la Ley 54/2007, de adopción internacional” en *Diario La Ley*, 6908-6910
- CALVO CARAVACA, A. L. (2008): *La Ley 54/2007 de 28 de diciembre 2007 sobre adopción internacional* (Granada: Comares)
- CALVO CARAVACA, A. L. / CARRASCOSA GONZÁLEZ, J. (2008): “Constitución de la Adopción internacional en la Ley 54/2007 de 28 de diciembre: aplicación de la ley española” en *Diario La Ley*, 6953

PELÍCULAS RELACIONADAS

Casa dos babys. Dirección e guión: John Sayles, Países: EEUU e México. Ano: 2003.
Duración: 95 minutos.

Seis mulleres norteamericanas conviven nun hotel sudamericano á espera de poderen adoptar, imbuídas no complexo mundo da burocracia e dunhas relacións persoais ameazadas polo desespero propio da tensa espera.

SITIOS WEB DE INTERESE

<http://www.mjusticia.es/cs>

Páxina web do Ministerio de Xustiza sobre adopción internacional

<http://vicepresidencia.xunta.es>

Páxina web da Vicepresidencia da Xunta de Galicia sobre os procesos de adopción. Nela detállanse os procedementos que cómpre seguir, así como os requisitos establecidos por diferentes estados.

XOSE MANUEL CARRIL VÁZQUEZ E RICARDO PEDRO RON LATAS

*Lección de dignidade. Precariedade
laboral como causa de conflitos
sociais.*

1. Película

TÍTULO

Lección de dignidade. 121 días de folga en Transportes La Unión

FICHA TÉCNICO-ARTÍSTICA

Ano: 2006

País: Galiza

Dirección: César Caramés

Edición e produción: Fundación para o Estudo e a Divulgación da Cuestión Social e Sindical en Galiza (FESGA), en colaboración coa Confederación Intersindical Galega (CIG)

Guión: Manuel Mera

Son: Xoán Carlos Garrido

Duración: 55 minutos

SIPNOSE

A través das persoas que protagonizaron os feitos recollidos neste documento audiovisual, analízase a folga en Transportes La Unión, sociedade anónima do grupo empresarial Monbus dedicada ao transporte de pasaxeiros e escolar nas bisbarras de Pontevedra, O Salnés e mais O Morrazo. Unha folga convocada pola Confederación Intersindical Galega que durou 121 días e se converteu nunha das máis longas do sector rexistradas

na Galiza. En definitiva, unha folga laboral que, a pesar de se xudicializar, contou co apoio da poboación das comarcas afectadas.

2. Temática xurídica

Palabras clave: dereito do traballo e da seguridade social; contrato de traballo; dereito fundamental de folga; precariedade laboral e despedimento.

A folga é un dereito fundamental –de titularidade individual aínda que de exercicio colectivo, na medida en que se lles atribúe ás persoas que traballan, mais ten que se exercitar colectivamente por acordo entre elas– que aparece recollido no artigo 28.2 da Constitución española, en que se declara que “se recoñece o dereito á folga dos traballadores para a defensa dos seus intereses”, e ademais, que “a lei que regule o exercicio deste dereito establecerá as garantías precisas para asegurar o mantemento dos servizos esenciais da comunidade” (lei, por certo, que nunca chegou a se promulgar, aínda que as Cortes Xerais estiveron a piques de o facer en 1993, razón pola que, no esencial, o dereito fundamental da folga continúa a se regular nunha norma preconstitucional, que o Tribunal Constitucional tivo o deber de “depurar”). Supón unha presión sobre o empresariado –que pode intensificarse co emprego de piquetes de folga informativos e, tamén, coa recollida de fondos de resistencia–, que implica a paralización das actividades da empresa ao se deixar de traballar, mais respectando a liberdade de traballo de quen non se quixer sumar á folga. O seu exercicio non extingue o contrato de traballo –só queda suspendido e as persoas declaradas en folga permanecen en situación de alta especial na Seguridade Social–, nin pode dar lugar a sanción ningunha, aínda que durante a súa vixencia non se cobra o salario.

3. Comentario

A presión que exercen as traballadoras e os traballadores sobre o empresariado, cando recorren ao exercicio do seu dereito fundamental da folga para a defensa dos seus intereses, implica prexuízos para tal empresariado, mais tamén supón para as persoas declaradas en folga un sacrificio substancialmente económico. En efecto, un sacrificio porque, ao se deixar de traballar para a protección dos dereitos e intereses que estiveren en xogo, non poderá cobrarse a remuneración que corresponder en concepto de salario. Por iso, a planificación, a coordinación e a constancia no exercicio deste dereito constitucional resultan estratéxicas para a consecución dos obxectivos perseguidos coa declaración da folga, o que –por certo– non sempre resulta fácil, tendo en conta que a empresa pode reaccionar hostilmente de moi diversas formas. É sobre todo isto no

que incide o documental obxecto da proxección: unha folga que foi provocada por un intencionado proceso de precarización das condicións laborais que padecían as persoas que traballaban na empresa Transportes La Unión, logo da súa compra polo grupo empresarial Monbus.

Malia ao intento de criminalización da folga por parte da empresa, hai que indicar que o prolongadísimo paro realizado polas persoas afectadas –cuxos efectos excederon o ámbito estritamente empresarial– non deixou de ser un éxito, para o cal xogou un papel fundamental o xeito en que as persoas declaradas en folga levaron a cabo a súa loita reivindicativa, pois mesmo se chegou a facer partícipe activo nela ao sector da po-boación das comarcas implicadas que era usuario dos servizos de transportes ofrecidos pola empresa.

Así pois, é un caso real do exercicio do dereito á folga e as súas consecuencias en imaxes. Trátase dunha ferramenta concreta para se aproximar ao estudo do conflito social que pode provocar a precariedade laboral. E todo iso nunha época en que resulta frecuente a afirmación de que a folga, como medio de defensa das persoas que traballan, está aparentemente en crise.

4. ACTIVIDADE

Asistencia á proxección da película.

Participación nun coloquio posterior, con presenza de persoas protagonistas dos feitos.

Elaboración dun informe con base nun cuestionario, entregado previamente, que ten o seguinte contido:

1. En caso de conflitos laborais, cales son os principais medios que teñen as persoas que traballan para defenderen os seus dereitos e intereses?
2. De forma moi breve, describe a temática tratada na película.
3. Que personaxes interveñen e que posturas adoptan no conflito aquí existente?
4. Que implicacións ten a folga sobre as persoas que traballan e sobre a persoa para quen traballan?
5. A que medios poden acudir as persoas que traballan para atenuaren as consecuencias económicas da folga e garantiren a eficacia das súas medidas de presión?
6. Cal foi o momento desta película que máis che gustou? Explicao
7. Cita outros casos reais que coñezas e que sexan análogos aos feitos recollidos nesta película.

5. Lecturas recomendadas, películas relacionadas e sitios web de interés

LECTURAS RECOMENDADAS

- Manuais

- MARTÍNEZ GIRÓN, J. / ARUFE VARELA, A / CARRIL VÁZQUEZ, X. M. (2006²): *Derecho del Trabajo* (A Coruña: Netbiblo). Nesta obra expónse o que adoita integrar o contido de até catro manuais distintos: a introdución ao dereito do traballo (incluída a súa historia), o dereito do contrato de traballo, o dereito sindical e o dereito procesual do traballo. Recómendanse os temas 7 (“O movemento obreiro”) e 32 (“Os dereitos de folga e peche patronal”).
- MARTÍNEZ GIRÓN, J. / ARUFE VARELA, A. / CARRIL VÁZQUEZ, X. M. (2008²): *Derecho de la Seguridad Social* (A Coruña: Netbiblo). Esta obra amosa o conxunto das institucións do dereito español da Seguridade Social. Recómendase o tema 3 (“A constitución e dinámica da relación xurídica de Seguridade Social no Réxime Xeral”).

- Monografías

- MONTERDE, J.E. (1997): *La imagen negada: representaciones de la clase trabajadora en el cine* (Valencia: Filmoteca Generalitat Valenciana). Volume que aborda o papel secundario do traballo no cinema, por causa do labor de distracción encomendado a este, do mínimo interese das principais fontes de financiamento do cinema tradicional en exhibiren os conflitos e contradicións do traballo ou en faceren reflexionar sobre as condicións laborais.
- NOGUEIRA, X. (1997): *O cine en Galicia*, (Vigo: Edicións A Nosa Terra-Promocións Culturais Galegas). Obra de consulta xeral e divulgativa para aquelas persoas interesadas en coñeceren a andaina do cinema en Galiza nas súas variadas e diferentes facianas.
- RUÍZ CASTILLO, M.^a M. / ESCRIBANO GUTIÉRREZ, J. (2007): *La Huelga y el cine: Escenas del conflicto social* (Valencia: Tirant lo Blanch). Análise xurídica dunha escolma de filmes para coñecer aspectos básicos da folga (convocatoria, ocupación do centro de traballo e o crebafolguismo, entre outros), sen esquecer as súas implicacións sociais e humanas.
- SÁNCHEZ NORIEGA, J. L. (1996): *Desde que los Lumiére filmaron a los obreros. El mundo del trabajo en el cine* (Salamanca: Nossa y Jara Ediciones). Estudo dun conxunto de películas sobre o traballo nos seus máis variados aspectos (paro, folgas e sindicatos, entre outros), con índices que facilitan a súa consulta.

- Artigos en revistas científicas
 - Cegarra Cervantes, F. J. (2005): “Responsabilidad Civil del sindicato por los daños ocasionados al patrimonio de la empresa durante la huelga. Comentario de la STSJ Galicia de 26 abril 2005” en *Aranzadi Social*, volume II: páxs. 2654-2658. Artigo sobre a acción de responsabilidade civil por danos ocasionados durante unha folga e os feitos e fundamentos xurídicos da citada sentenza da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, ditada a propósito da folga realizada na entidade mercantil Transportes La Unión.
 - López Gandía, J. (2005): “La representación del trabajo en el cine entre fordismo y postfordismo” en *Revista de Derecho Social*, 31: 231-256. Obra básica para coñecermos a imaxe do traballo no cinema, desenmascarando a falacia da fin da historia e a loita de clases e amosando como o conflito de clases non só non desapareceu, senón que se fixo máis complexo no presente.
 - Ron Latas, R. P. (2002): “Los descuentos retributivos al personal laboral, funcionario y estatutario por participación en huelgas” en *Anuario da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña*, volume 6: 637-641. Artigo que, con rigor, trata a casuística dos descontos salariais por participación en folgas.

- Artigos en obras colectivas
 - ARUFE VARELA, A. (2007): “El artículo 5.2 de la Ley Orgánica de Libertad Sindical y su interpretación por nuestra jurisprudencia laboral más reciente” en *Actas XII Jornadas Luso-Hispano-Brasileñas de Derecho del Trabajo. Facultad de Derecho de la Universidad de A Coruña, 13 y 14 de octubre de 2005*: 147-149 (A Coruña: Gesbiblo). Artigo modélico sobre as responsabilidades dos sindicatos por danos e perdas causados por folgas, que toma como punto de partida a sentenza da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza do 26 de abril de 2005, que é obxecto de análise mediante a comparación co que sucede no caso do dereito laboral dos Estados Unidos de Norteamérica.

PELÍCULAS RELACIONADAS

A folga. Serguei Mikaïlovitch Eisenstein. 1925. Sobre a acción e organización da clase obreira nunha folga revolucionaria, por causa dun conflito laboral nunha fábrica da Rusia tsarista e do suicidio dun obreiro acusado inxustamente de roubo.

A sal da terra. Herbert Biberman. 1954. Filme que recolle a loita duns mineiros de Novo México para melloraren as súas condicións laborais nunha sociedade formalmente democrática. Tivo moitos problemas pola súa rodaxe, até o punto de que as persoas

responsables da súa realización ficaron rexistradas na “listaxe negra” do comité de actividades antiamericanas do senador McArthur.

O efecto Iguazú. Pere Joan Ventura. 2003. Película que reflicte a loita dos traballadores da empresa Sintel, no denominado “Campamento da Esperanza” do Paseo da Castellana de Madrid, contra a especulación financeira causante dos seus despedimentos, sen a axuda das centrais sindicais españolas máis representativas e co silencio cómplice do goberno español.

200 Km. Discusión14. 2004. Obra que aborda como os traballadores de SINTEL volven a Madrid a reclamaren o traballo digno prometido, case dous anos despois do levantamento do “Campamento da Esperanza”, por incumprimento dos acordos entre goberno e Telefónica para súa recolocación.

The take. Avi Lewis e Naomi Klein. 2004. «Ocupar, resistir e producir»: grupo de obreiros que, debido á brutal crise sufrida por Arxentina, toma a súa antiga fábrica pechada, vólvea abrir e forma unha cooperativa.

SITIOS WEB DE INTERESE

www.auladecine.com/filmos.htm

Páxina que contén propostas de apoio para o emprego do cinema nas aulas.

XULIO FERREIRO BAAMONDE

*Matar un reiseñor. O dereito a un
proceso xusto*

1. Película

TÍTULO

Matar un reiaseñor (To kill a mockingbird)

FICHA TÉCNICO-ARTÍSTICA

Ano: 1962

País: USA

Dirección: Robert Mulligan

Producción: Alan J. Pakula

Guión: Horton Foote (adaptación da novela homónima de Harper Lee)

Música: Elmer Bernstein

Elenco: Gregory Peck (Atticus Finch), Mary Badham (Scout), Phillip Alford (Jem), John Megna (Dill Harris), Frank Overton (Sheriff Heck Tate); Rosemary Murphy (Maudí Atkinson), Brock Peters (Tom Robinson), Estelle Evans (Calpurnia) e Robert Duvall (Boo Radley)

Duración: 129 minutos

SINOPSE

Matar un reiaseñor é a adaptación da obra homónima da escritora Harper Lee, un dos cumios da narrativa norteamericana do século XX, a pesar de ser a primeira –e única–

novela da escritora sureña (mesmo se ten dubidado da súa autoría e esta ténselle atribuído a Truman Capote, amigo seu da infancia). A novela –e por tanto a película– está baseada nas propias experiencias vitais de Lee nacida nunha pequena vila do estado de Alabama (o mesmo onde ten lugar a acción do filme) –Monroeville, onde precisamente se rodou a película–. De feito, o papel protagonista (Atticus Finch) interpretado maxistralmente por Gregory Peck, semella ser un reflexo do propio pai de Lee a quen lle dedica a novela, tamén viúvo, tamén avogado, e tamén representante da súa vila no lexislativo estatal; e mesmo hai quen ve o seu amigo Truman Capote como a inspiración do amigo dos pequenos Finch. A través dos ollos da narradora –Scout Finch– Harper Lee tenta amosar na súa obra os prexuízos raciais existentes na sociedade norteamericana da súa infancia (a novela está ambientada en 1932, durante a Gran Depresión) tomando como punto de partida, alén da súa propia experiencia vital, un acontecemento real, coñecido como o caso Scottsboro (por ter sucedido na vila de Scottsboro, Alabama), en que claramente se inspira para crear o suceso central da trama: o axuízamento de Tom Robinson, un negro acusado de violar unha muller branca. De todos os xeitos, non se pode entender a repercusión da novela se non se contextualiza na época da súa estrea, cando o problema racial nos EE UU estaba lonxe de ter sido superado e en pleno auxe do movemento polos dereitos civís e da loita polos dereitos dos afroamericanos, o que dotaba dunha grande actualidade ao tema principal da obra.

A novela, publicada en 1960 tivo un éxito fulgurante e axiña se converteu nun supervendas que chamou a atención do produtor Alan J. Pakula, quen se fixo cos seus dereitos cinematográficos, pouco antes de ser galardonada co Premio Pulitzer en 1961 (o cal seguramente tería encarecido o seu prezo).

Tras unha serie de negativas dos grandes estudos a financiaren a rodaxe da película, Pakula e Mulligan conseguiron facer chegar unha copia do guión a Gregory Peck, quen se viu fascinado co proxecto e isto facilitou en gran medida a súa ascensión por parte de Universal.

A adaptación da novela foi un auténtico éxito e deu inicio a unha serie de seis películas do dúo Mulligan-Pakula, da que, sen dúbidas, esta primeira é a mellor e máis exitosa, como proban os tres premios Óscar (á mellor interpretación masculina, para Gregory Peck, á mellor dirección artística e ao mellor guión adaptado), e cinco nominacións máis, incluída a de mellor director e mellor película, de modo que se pode dicir, como fixo Harper Lee, que é posiblemente unha das mellores adaptacións ao cinema dunha obra literaria feita nunca. A autora asistiu asiduamente á rodaxe e chegou a trabar

grande amizade con Peck, quen recibiu o que foi o seu único Óscar de mans de Sophia Loren, portando o reloxo do pai de Lee, agasallo da propia escritora.

A trama sitúase na pequena vila sureña de Maycomb, onde Atticus Finch, viúvo e con dous fillos (Jem e Scout) exerce a súa profesión de avogado e é un cidadán respectado e puntal da súa comunidade. A súa apracible vida vaise ver conmocionada cando o xuíz Taylor desígnao para defender a Tom Robinson, traballador negro acusado de ter violado unha moza branca, Mayella Ewel.

A asunción do encargo, que Finch toma como deber inescusable que acompaña á súa profesión de avogado, provócalle un enfrontamento con parte da poboación da vila, para quen a asunción da defensa de Tom supón unha traizón á súa propia xente e un aliñamento coa comunidade negra.

Finch tenta demostrar a inocencia de Robinson, que polo demais semella clara abondo, ao tempo que pon en evidencia a miseria moral dos Ewel, mais débese enfrontar aos prexuízos da poboación e a un xurado composto exclusivamente por homes brancos. A historia é narrada en todo momento pola filla pequena de Finch, Scout, de modo que a película está tinxida dunha visión infantil e inocente dos feitos, non exenta de admiración pola figura paterna. Xunto con esta trama principal vanse mesturando outras que teñen que ver coa vida cotiá dos nenos e nenas, e o seu proceso de aprendizaxe, como a de Boo Radley, o discapacitado que vive agochado na súa casa e que inspira terror aos cativos.

Ao igual que a novela, a aollida da película foi sensacional, como demostran os seus numerosos premios e a súa consideración actual como un verdadeiro clásico, incluída polo American Film Institut entre as 100 mellores películas do cinema norteamericano, co número 25.

2. Temática xurídica

Palabras clave: agresión sexual, asistencia xurídica gratuíta, autotutela, avogacía, control social, declaración do imputado, declaración da vítima, dereito de defensa, deontoloxía profesional, discriminación por razón de raza, garantismo, igualdade diante da lei, ministerio fiscal, opinión pública, pena de morte, presunción de inocencia, proba de cargo suficiente, verdade e proceso penal, xuíz, xurado.

Matar un reiseñor pode ser incluída entre as películas de xuízos, mais é desde logo moito máis que iso. A parte central da trama está composta efectivamente polo xuízo a Tom Robinson, onde Finch debe convencer o xurado composto por 12 homes brancos da inocencia do acusado. Para isto, Atticus acode á apreciación en conciencia das probas presentadas fronte ao tribunal para vencer os prexuízos que este poida ter. Neste sentido é memorable o interrogatorio que lle fai á presunta vítima, no cal, sen perder nunca a boa forma e a cortesía, acaba pondo en evidencia as feblezas da súa historia, aínda que sen afondar e chegar á humillación desta.

No entanto, máis que un típico filme de xuízos, xuridicamente falando, *Matar un reiseñor* é unha película sobre a avogacía e sobre o recto proceder de quen se dedica honradamente a esta profesión. De feito, Atticus Finch é aínda hoxe en Estados Unidos toda unha icona da avogacía e un referente ético e moral para quen se dedica a ela.

Tense dito que Finch ten feito máis para honrar a profesión de avogado que calquera outro letrado, mesmo aqueles que son de carne e óso. Neste sentido, cómpre salientar como Finch, sen ter sobresaído anteriormente –polo que semella na historia– por ser un defensor especialmente implicado na loita contra a desigualdade racial, senón mesmo por ser unha persoa conservadora, comprométese no exercicio do dereito de defensa do caso que lle é asignado –gratuitamente– aínda que iso lle supoña ver exposto o seu status social e a súa privilexiada posición na comunidade.

3. Comentario

Partindo destes dous eixos principais, podemos atopar na película, directa ou indirectamente abordados, unha gran cantidade de aspectos xurídicamente relevantes. Sen ánimo de os esgotar, poden sinalarse os seguintes:

- O **exercicio da avogacía** e, nomeadamente, da asistencia xurídica gratuíta, como representación dun dereito fundamental que é o **dereito de defensa**. O filme é un alegato do recto desenvolvemento da profesión e da dedicación honrada a ela, até o punto de converter a Atticus Finch, como sinalaba anteriormente, nun verdadeiro superheroe de tinturas case míticas dentro da cultura xurídica norteamericana. Neste sentido pode centarse o debate sobre a necesidade de asegurar a correcta defensa xurídica das persoas imputadas, sobre todo daquelas que teñen menos recursos. Tería posto o mesmo empeño no caso de Tom Robinson un típico avogado de oficio? É considerada como cotiá a actitude de Finch? É un prototipo de avogado? Responde a mala fama da profesión a actitudes e comportamentos reais? Son estas algunhas

das cuestións que poden formularse ao respecto, do visionamento da película. Cómpre reflexionarmos se hoxe en día a nosa sociedade lles está a outorgar aos centos de Tom Robinson existentes (culpables ou inocentes) un verdadeiro Atticus Finch que os defenda ou, pola contra, a **defensa de oficio** é unha das grandes vergoñas ocultas do sistema xurídico español.

- **Igualdade diante da lei.** O tema principal da película é, sen dúbida ningunha, a discriminación por razón da raza e a segregación racial –cómpre prestármolle especial atención á distribución do público na sala do xuízo durante o proceso a Robinson– nos EEUU e, especialmente, no sur. Este debe ser conectada, necesariamente, coa igualdade dos cidadáns e cidadás diante da lei. O filme expón claramente como a igualdade formal que a lei garante vese conculcada na práctica polos prexuízos existentes no seo da sociedade. Neste sentido, cómpre cuestionarse, tamén, se o **xurado** é unha institución que ten as suficientes garantías para asegurar este trato igualitario á cidadanía. A obra pon en dúbida a imparcialidade dun xurado formado por homes brancos para xulgaren un negro. Isto debería conectarse, necesariamente, coa imprescindible extensión dos dereitos cívicos a todos os cidadáns, sen que poidan existir persoas diminuídas dentro do corpo social. Neste sentido, podemos cuestionarnos sobre se hoxe non se produce un apartheid con parte das persoas que viven entre nós –inmigrantes– sen **dereito a participaren nas institucións democráticas** e alimentando exponencialmente a poboación penitenciaria etc. Existe igualdade diante da lei penal? Garante o xurado o dereito a un xuíz imparcial?
- **A presunción de inocencia.** Outro aspecto que hai que analizar é a proba de cargo suficiente para vencer a presunción de inocencia e o xeito de se practicar no xuízo, ou o seu equivalente, a fórmula norteamericana “beyond reasonable doubt” (máis alá da dúbida razoable) –pode verse para o efecto o marabilloso film de Fritz Lang, do mesmo título, filmado en 1956–. A película presenta a validez de diversos instrumentos de proba para fundar unha condena penal, principalmente no que se refire á declaración a vítima e mais á declaración do propio imputado no seu descargo. Son dous momentos memorables protagonizados por un Atticus Finch que pretende sacar todo o partido a ambos os medios de proba para defender a inocencia do imputado. Cómpre non esquecermos que no proceso penal, e en virtude da presunción de inocencia, é o acusador, o ministerio fiscal, o que debe demostrar a veracidade dos feitos que afirma. É o que se chama a **carga da proba**. Consegue isto o Fiscal na película? Ou ofrece Finch suficientes contraprobos para crear a “dúbida razoable”? Debe lembrarse que moi ligada á presunción de inocencia está a máxima “in dubio pro reo”, que obriga a resolver as dúbidas do tribunal do xeito máis favorable ao

acusado; é dicir, alí onde o tribunal –ou o xurado– non alcance unha convicción suficiente, debe resolver de acordo cos intereses da persoa sometida a proceso, como unha regra que deriva do principio supremo da liberdade, inspiradora dos ordenamentos xurídicos constitucionais. Por outra banda, a proba de cargo principal que presenta a acusación é a propia declaración da vítima –corroborada en aspectos parciais polo testemuño visual do seu pai–, con ausencia de calquera tipo de recoñecemento médico forense. Isto lévanos a propor a seguinte cuestión: é abonda a declaración da vítima para fundar unha condena?

Fronte ao clásico brocardo “*testus unus, testus nullus*”, a doutrina do TS español vén admitindo tradicionalmente esta declaración como suficiente para fundamentar unha condena, sempre e cando se ver corroborada por unha serie de factores circunstanciais e externos.

O mesmo Atticus Finch sinala nun determinado momento que non se pode condenar unha persoa sen a existencia de, cando menos, un par de testemuñas imparciais. Mais o certo é que diante da imposibilidade deste tipo de corroboración externa, canto máis en delitos que adoitan ser cometidos de xeito reservado –como é o de agresión sexual– e onde, mesmo, un dos elementos do tipo é unha manifestación puramente volitiva da propia vítima, como constitúe o consentimento ao intercambio sexual, a negativa a considerar proba de cargo suficiente a declaración a vítima tería como consecuencia inevitable a impiedade destas condutas. É isto aceptable? Pode ser suficiente a palabra da vítima fronte á do acusado para vencer a presunción de inocencia? Cales son os elementos externos que deben corroborar a súa declaración, segundo o TS? Cumpríronse neste caso?

- **Pena de morte.** Aínda que na película non aparece explicitamente mencionado, é un tema que sobrevoa en todo momento o xuízo a Tom Robinson. Desde logo, a lexislación vixente no momento histórico en que se sitúa a acción no Estado de Alabama, facía plenamente previsible a pena de morte para o cargo de violación, moito máis nas circunstancias que se daban neste caso concreto, tal e como demostra o caso Scottsboro, xa mencionado, onde oito dos nove acusados foron condenados a morte. Por tanto, pode considerarse o debate ao redor da pena de morte, malia estar hoxe superado en Europa –aínda que non deixou nunca de ter certo apoio social en certas circunstancias– non é así en EE.UU. En xeral, a defensa da pena de morte non pode desvincularse das políticas penais represivas e da extensión do chamado “dereito penal do inimigo”. Neste sentido podemos cuestionarnos a efectividade destas medidas puramente represivas –pena de morte, cadena perpetua, cumprimen-

to íntegro das penas etc.– e a súa incidencia na redución da delincuencia, ou se, pola contra, responde unicamente a modelos inspirados no **control social** a través da pena e do proceso penal, pouco acordes cos principios inspiradores dun sistema democrático.

4. Actividade

Para a avaliación desta sesión poderán terse en conta diversos criterios. En primeiro lugar, a propia intervención do estudantado no coloquio posterior ao filme. Ademais, o alumnado debe entregar un comentario de análise xurídica da película que poderá abordar calquera dos temas aquí sinalados como orientación ou calquera outro (con relevancia xurídico-procesual).

De todos os xeitos, para aqueles e aquelas que non teñan moi claro por onde comezar, propónse a seguinte actividade, simplemente para efectos orientativos –non é necesario cinxirse a ela–: procurar os criterios do Tribunal Supremo español polo que fai á proba de cargo suficiente para vencer a presunción de inocencia, nomeadamente, con relación á declaración da vítima e ver se se cumpren neste caso tales criterios, de xeito que se analice se a declaración de Malleya Ewel cumpre tales criterios e, en consecuencia, abonda para condenar a Tom Robinson.

A escolla de calquera outro tema de comentario é perfectamente válida, sempre e cando reunir uns mínimos de profundidade, orixinalidade e calidade.

5. Lecturas recomendadas, películas relacionadas e sitios web de interese

LECTURAS RECOMENDADAS

Á hora de recomendarmos material complementario non pode deixar de se ter en conta a novela orixinal que inspira a película, LEE, H., *Matar un ruiseñor*, Ediciones B., Barcelona, 2006, ou mellor aínda, o orixinal en inglés: *To Kill a Mockingbird*, Aroww (Random), Londres, 2007.

Sobre os aspectos xurídicos da película e da novela hai múltiples comentarios e artigos, pois xa se ten comentado da fascinación que Atticus Finch espertou na cultura xurídica norteamericana. Poden consultarse, entre outros, os seguintes recursos:

- RIVAYA, B. / DE CIMA, P. (2004): “Matar un ruiseñor” en *Derecho y cine en cien películas. Una guía básica*: 263-266 (Valencia: Tirant lo Blanch)

- SOTO NIETO, F. / FERNÁNDEZ, F. J. (2004): “Matar un ruiseñor”, en *Imágenes y Justicia. El derecho a través del cine*: 237-249 (Madrid: La Ley)
- JOHNSON, C. D. (1994): *To kill a Mockingbird. Threatening boundaries* (Nova York: Twayne Publishers)
- FEEDMAN, M. H. (1994): “Atticus Finch-Right and Wrong” en *Alabama Law Review* 45, 2: 473-482
- JOHNSON, C. (1994): “Without Tradition and Within Reason: Judge Horton and Atticus Finch in Court” en *Alabama Law Review*, 45, 2: 483-510
- JONES, C. (1996): “Atticus Finch and the Mad Dog: Harper Lee’s To Kill a Mockingbird” en *The Southern Quarterly*, 34, 4: 53-63
- ASIMOW, M. (1996): “When Lawyers were Heroes” en *University of San Francisco Law Review* 30, 4: 1131-1138
- OSBORN, J. J. JR. (1966): “Atticus Finch-The End of Honor: a Discussion of To Kill a Mockingbird” en *University of San Francisco Law Review*, 30, 4: 1139-1142
- LUBET, S. (1999): “Reconstructing Atticus Finch” en *Michigan Law Review*, 97: 1339-1362
- NAVARRO, A. J. (2000): “Justicia y racismo. A propósito de *El sargento negro* y *Matar un ruiseñor*”, *Nosferatu*, 32: 10-15

PELÍCULAS RELACIONADAS

- Sobre a discriminación por motivos de raza poden verse tamén:
 - *Sergeant Rutledge*, (*O sarxento negro*), John Ford, 1960.
 - *Eyes on the Prize*, Henry Hampton, 1987. Documental de 14 horas sobre o movemento polos dereitos civís nos Estados Unidos
 - *American History X*, Tony Kaye, 1997, un tratamento actual sobre o tema do racismo nos Estados Unidos
 - *Gotejar da Luz*, Fernando Vendrell, 2002. Película portuguesa sobre a problemática racial en Mozambique, gañadora dun Globo de Ouro e dun premio no Festival de Cinema de Ourense.
 - *Africans in America: America’s Journey Through Slavery*, 1998, Documental televisivo sobre a incidencia da escravitude na economía norteamericana.
 - *The Long Walk Home*, Richard Pearce, 1990. Ambientada nos acontecementos de 1955-1956, cando a poboación afroamericana boicotou os sistemas de transporte público en resposta á segregación racial.
 - *Guess who is coming to dinner*, Stanley Kramer, 1967, Magnífica película protagonizada por Sidey Poitier, Spencer Tracy e Katherine Hepburn, que pode axudar a situar o ambiente racial na época de estrea da película e do libro.

- Sobre o desenvolvemento da profesión de avogado, pode verse:
 - *Young Mr. Lincoln*, (*O mozo Lincoln*), John Ford, 1939, narra a actividade como avogado en Springfield, Kansas, de quen sería logo presidente de Estados Unidos.
 - *The Godfather* (*O padriño*), Francis Ford Coppola, 1972, unha visión diferente da profesión.
 - *Paths of Glory* (*Camiños de gloria*), Stanley Kubrick, 1957, a avogacía no ámbito militar.
 - *Beyond a reasonable doubt*, (*Máis alá da dúbida*) Fritz Lang, 1956, demostra non só os problemas do exercicio da avogacía, senón tamén as dificultades do proceso penal para descubrir a verdade.
 - *Witness for the Prosecution*, Billy Wilder, 1957, con Charles Laughton excelente no papel de avogado. Unha das visións máis acedadas sobre o proceso penal.

- Son moitas outras as temáticas xurídicas sinaladas. Un breve apuntamento sobre as súas correspondentes referencias cinematográficas:
 - **O xurado.** *12 Angry Men* (*12 homes sen piedade*), Sidney Lumet, 1957. O clásico entre os clásicos das películas sobre o xurado. Maxistral interpretación de Henry Fonda.
 - **A pena de morte.** Dúcias de películas teñen tratado este tema de xeitos moi diversos e meritorios, mais talvez sexa *Dead Man Walking* (*Pena de morte*), Tim Robbins, 1995, a que mellor resume os conflitos que esta fórmula, ademais das súas indubidables calidades artísticas, sobre todo a interpretación dos protagonistas, Susan Sarandon e Sean Penn.
 - **A vinganza e a autotutela.** Dúas películas poden axudar a reflexionar sobre a necesidade de institucionalizar a resposta fronte ao crime: *The man who shot Liberty Valance* (*O home que matou a Liberty Valance*), John Ford, 1962, no proceso de civilización do *wild west* americano, e *Death and the Maiden* (*A morte e a doncela*), Roman Polanski, 1994, rodada na costa ferrolá, a partir dunha obra teatral do chileno Ariel Dorfman, sobre a resposta fronte aos abusos do Estado.

- Canto á filmografía de Robert Mulligan, poden salientarse:
 - *The great impostor* (*O gran impostor*) (1961)
 - *Summer of '42* (*Verán do 42*) (1971)
 - *The Other* (*O outro*) (1972)

- *Kiss me Goodbye* (1982)
- *Man on the Moon* (1991)

- Para rematar, algunhas das máis brillantes películas de Gregory Peck
 - *Days of Glory (Días de gloria)*, de Jaques Torneur, 1944
 - *Duel in the Sun (Duelo ao sol)*, de King Vidor, 1946.
 - *The Paradine Case (O proceso Paradine)*, de Alfred Hitchcock, 1947
 - *The Snows of Kilimanjaro (As neves do Kilimanjaro)*, de Henry King, 1952.
 - *Roman Holiday (Vacacións en Roma)*, de Billy Wilder, 1953
 - *Moby Dick*, de John Huston, 1956
 - *The Big Country (Horizontes de grandeza)*, de Billy Wilder, 1958
 - *The Guns of Navarone (Os cañóns de Navarone)*, de J. Lee Thompson, 1961
 - *Cape Fear (O cabo do terror)*, de J.Lee Thompson, 1962.
 - *Arabesque*, de Stanley Donen, 1966
 - *Mackenna's Gold (O ouro de Mackenna)*, de J. Lee Thompson, 1969.
 - *The Omen (A profecía)*, de Richard Donner, 1976.
 - *Old Gringo (Gringo Vello)*, de Luis Puenzo, 1989
 - *Cape Fear (O Cabo do medo)*, de Martin Scorsese, 1991

ELOY GAYÁN RODRÍGUEZ

Matrimonio de comenencia.

Matrimonio de compracencia.

1. Película

TÍTULO

Matrimonio de comenencia (Green Card)

FICHA TÉCNICO-ARTÍSTICA

Ano: 1990

País: Estados Unidos

Dirección, producción e guión: Meter Weir

Música: Hans Zimmer

Fotografía: Geoffrey Simpson

Elenco: Gérard Depardieu, Andie MacDowel, Bebe Neuwirth, Gregg Edelman, Robert Proxy, Mary Louise Wilson, Ethan Phillips e Lois Smith.

Duración: 108 minutos

SINOPSE

Unha moza estadounidense pretende alugar un luxoso piso en Nova York en que só admiten arrendatarios casados. Desesperada decide contraer matrimonio cun compositor francés que pretende conseguir, así mesmo, a tarxeta de residencia e permanecer en EE UU. O mesmo día do fraudulento matrimonio inician vidas separadas até que a moza recibe a

visita do persoal inspector do Servizo de Inmigración de EE UU. Ao sospeitar de que se trata dun matrimonio simulado, son citados a unha entrevista en que terán que demostrar a súa convivencia e coñecemento persoal. Coa intención de a superaren e non perderen os seus arelados soños, deciden vivir xuntos durante un tempo. O descoñecemento mutuo converte a súa vida nunha divertida espiral de controvertidos sentimentos.

2. Temática xurídica

Palabras clave: matrimonio; consentimento; adquisición de nacionalidade.

A película, aínda que datada en 1990, trata un tema que segue actualmente vixente e que mantén unha relevancia total no ámbito do dereito de familia: os matrimonios de comenencia. Neles préstase un consentimento non válido para tentar lograr unha certificación de matrimonio que conduza á obtención do permiso de residencia ou á adquisición da nacionalidade dun país concreto.

Desenvólvense ao longo da película as distintas fases propias dun matrimonio destas características: aparición dun intermediario, falta de convivencia e descoñecemento da vida das persoas contraentes, sospeita por parte das autoridades ao se tratar dun matrimonio mixto en que intervén un nacional e un estranxeiro.

Este tipo de matrimonio proliferou de forma considerable en toda Europa e, especialmente en España, o que orixinou a intervención das nosas autoridades para pór fin a este tipo de condutas fraudulentas. A Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado ditou a Instrución do 31 de xaneiro de 2006 sobre matrimonios de compracencia (BOE do 17 de febreiro de 2006) na cal afirma que “o número de resolucións ditadas por este centro directivo en relación con tales matrimonios é incontable, especialmente desde o ano 1995”. Non se trata dunha medida illada, senón que a propia Unión Europea ditou unha resolución do Consello do 4 de decembro de 1997 sobre as medidas que cómpre adoptar en materia de loita contra matrimonios fraudulentos e, mesmo, a Comisión Internacional do Estado Civil constituíu en 2004 un grupo de traballo para tentar combater este fenómeno.

3. Comentario

Como xa se sinalou anteriormente, a película é un fiel reflexo do que actualmente está a acontecer en España e ofrece as pautas que unha parella debe seguir para levar a bo termo un matrimonio destas características: preparar a entrevista a que serán sometidos

polos xuíces encargados do rexistro civil, de o matrimonio se levar a cabo en España, ou os cónsules españois cando o matrimonio tiver lugar no estranxeiro. O considerable aumento deste tipo de matrimonios xerou unha obsesiva intervención das autoridades españolas, ao se orixinaren sospeitas polo feito de unha persoa de nacionalidade española contraer matrimonio cunha persoa estranxeira. Esta tendencia é evidente de consultarmos o contido da Instrución da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado anteriormente mencionada. No seu punto IX describe as presuncións que deben ser tidas en conta como medio para acreditar a existencia dun matrimonio simulado. Para iso deben empregarse uns datos de feito obxectivos que acrediten a existencia dun auténtico consentimento matrimonial.

De analizarmos algúns dos “datos básicos” a que se refire a Instrución podemos atopar certas similitudes co visto na película. Neste sentido, a Instrución dispón que “Os datos básicos dos que cabe inferir a simulación do consentimento matrimonial son dous: a) o descoñecemento por parte dun ou ambos os contraentes de ‘datos persoais e/ou familiares básicos’ do outro e b) a inexistencia de relacións previas entre os contraentes. [...] A persoa encargada [do Rexistro Civil] dispón dunha necesaria marxe de apreciación” sen que poida “fixarse unha ‘listaxe pechada’ de datos persoais e familiares básicos” senón que pode ser “un coñecemento do ‘núcleo conceptual’ dos devanditos datos, sen que for preciso descender aos detalles máis concretos”.

É evidente que unha entrevista como a que se realiza na película, moi similar ás que se levan a cabo polas nosas autoridades, a través de audiencia separada, pode nalgúns casos servir como elemento esencial para descubrir condutas fraudulentas que resultan moi evidentes. Porén, sería conveniente cuestionarse se non é probable que en numerosas ocasións as nosas autoridades se poidan equivocar e declarar nulo un matrimonio en que realmente exista auténtico “amor” entre os contraentes a pesar de certo descoñecemento que puideren demostrar na entrevista. É máis, comezan a alzarse algunhas voces da doutrina española que consideran que un matrimonio, aínda cando se leve a cabo coa intención de adquirir a nacionalidade española, non debería ser anulado, xa que se presta consentimento libremente, aínda que for cunha intención concreta. Non debería esquecerse que ao longo da historia e mesmo en pleno século XXI, aínda existen numerosos matrimonios que se contraen con claros fins económicos ou de perpetuación de liñaxe e, malia todo, non son declarados como matrimonios de comenencia. É evidente que as autoridades españolas perseguen este tipo de matrimonio co ánimo de evitaren a adquisición da nacionalidade española.

4. Actividade

Ao termo da proxección entregaráselle ao alumnado unha resolución da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, na cal deberán detectar as similitudes que atoparen coa película, así como determinaren se eles consideran que existe, no caso concreto, un matrimonio de comenencia á vista dos datos achegados na entrevista.

A devandita apreciación entregarase por escrito.

5. Lecturas recomendadas

- CALVO CARAVACA, A. L. / CARRASCOSA GONZÁLEZ, J. (2007): “Los matrimonios de complacencia y la Instrucción de la DGRN de 31 de enero de 2006” en *La Ley*, 6622
- OREJUDO PRIETO DE LOS MOZOS P. (2002): *La celebración en España y el reconocimiento de la validez del matrimonio en el Derecho internacional privado español* (Navarra: Aranzadi)
- SÁNCHEZ LORENZO, S. (2003): “La inconveniente doctrina de la DGRN acerca de los matrimonios de conveniencia” en *Derecho registral internacional*: 247-273 (Madrid: Iprolex)

JOSÉ PERNAS GARCÍA

*Unha verdade incómoda. Dereito
ambiental e cambio climático global*

1. Película

TÍTULO

Unha verdade incómoda (An inconvenient truth)

FICHA TÉCNICO-ARTÍSTICA

Ano: 2006

País: Estados Unidos

Dirección: Davis Guggenheim

Producción: Lawrence Bender, Laurie David e Scott Z. Burns

Música: Michael Brook

Duración: 93 minutos

SINOPSE

O documental analiza o problema do cambio climático global da man das explicacións de Al Gore, que tenta mostrarnos a gravidade dos riscos dunha problemática ambiental que representa un dos retos máis relevantes das xeracións actual e futuras.

Este documental mostra as evidencias científicas sobre a incidencia da actividade humana no cambio climático global, así como os efectos derivados deste fenómeno. Así

mesmo, analiza os diferentes aspectos que interveñen na loita contra o cambio climático, como o papel da comunidade científica e as investigacións desenvolvidas até o momento, as implicacións políticas e sociais, a manipulación da información pública por axentes económicos e políticos ou a importancia da actuación individual. É unha chamada á corresponsabilidade e á reacción inminente a todos os niveis; económico, social, político e individual.

2. Temática xurídica

Palabras clave: dereito ambiental; desenvolvemento sustentable; principios de precaución, integración e responsabilidades comúns, mais diferenciadas; convención marco; Protocolo de Quioto; PNUMA; cooperación/soberanía; relación ciencia e dereito; instrumentos de protección ambiental.

O documental remítenos á resposta do dereito ambiental fronte ao cambio climático de orixe humana. Este marco permítenos analizar diversas cuestións básicas sobre os caracteres, principios e instrumentos do dereito ambiental.

A estratexia internacional de loita contra o cambio climático global está recollida en declaracións e convenios internacionais que establecen as pautas básicas de cooperación internacional. O marco institucional de cooperación para o desenvolvemento do dereito internacional ambiental é a ONU, a través do Programa de Nacións Unidas para o Medio (PNUMA).

A relación entre ciencia e dereito, o carácter de soft law do dereito internacional ambiental, ou a prevalencia do principio de soberanía fronte á cooperación no marco internacional son algunhas das reflexións que quedan evidenciadas na problemática do cambio climático global.

Os principios de precaución, integración ou de responsabilidade comúns, mais diferenciadas están no centro das actuacións políticas e normativas desenvolvidas para loitar contra o cambio climático global. Estes principios maniféstanse a través da adopción de diferentes mecanismos normativos. O dereito ambiental recorre a diferentes instrumentos para loitar contra o cambio climático global: o establecemento de valores límite de emisión nacionais; o acceso á información da cidadanía e dos consumidores sobre a incidencia climática de determinados procesos e produtos; a achega de mecanismos económicos que permitan “internalizar” os custos ambientais, e incentivar a modificación da conduta dos axentes económicos; o fomento das enerxías renovables

e do aforro, así como da eficiencia enerxética; a transferencia de tecnoloxías aos países empobrecidos; etc.

Este documental remítenos a outras cuestións que se escapan ao ámbito puramente xurídico, como a validez do concepto de desenvolvemento sustentable e do actual modelo de desenvolvemento socioeconómico, o papel da sociedade civil, a incidencia da prelación de valores sociais na adopción e evolución das políticas ambientais, a modificación dos comportamentos políticos e de consumo etc.

3. Comentario

O cambio climático reflicte a incidencia do coñecemento científico no desenvolvemento do dereito ambiental. Desde a década dos setenta, a comunidade científica alertou a comunidade internacional sobre a necesidade de adoptar medidas preventivas. Tras un longo período de reticencias amparadas na ausencia de certezas científicas, en xuño de 1992, aprobouse a Convención Marco sobre o Cambio Climático no marco do cumio de Río de Janeiro de 1992, sobre a base do principio de precaución. Cinco anos despois, aprobouse o Protocolo de Quioto en que se recolle un compromiso de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, que afecta fundamentalmente aos países máis desenvolvidos. Na actualidade este protocolo atópase en proceso de revisión coa finalidade de alcanzar un novo compromiso de redución de emisións. Aínda que queden moitas cuestións científicas que cómpre precisar, semella pecharse xa o debate ao redor da realidade deste fenómeno, á responsabilidade humana e á relevancia dos riscos que se aveciñan. Os científicos manifestan a súa preocupación dun xeito cada vez máis contundente e consensuado. Cun obxectivo cada vez máis claro, o debate na esfera política internacional tende a se centrar máis nos medios para facer fronte ao cambio climático. Instrumentos voluntarios e superficiais ou mecanismos obrigatorios e de profundo calado?

Os principios de integración, de precaución e de responsabilidades comúns, mais diferenciadas, e a súa plasmación en instrumentos xurídicos eficaces son a clave para desenvolver un marco normativo internacional válido para reducir os efectos dun cambio climático en marcha. Estes principios funcionais teñen sentido na medida en que están orientados á realización do obxectivo de desenvolvemento sustentable.

O principio de precaución é a base para o desenvolvemento da actual política e dereito ambiental. A ausencia dunha certeza científica absoluta non debe ser un obstáculo para a adopción de medidas ambientais, cando existen indicios científicos suficientes de ris-

cos económicos, sociais e ambientais graves polo que as políticas e normas ambientais deben adoptar medidas preventivas.

O principio de integración supón a incorporación plena da variable ambiental no deseño e a aplicación das políticas e actuacións económicas. A política enerxética, de transportes, industrial, de cooperación ao desenvolvemento e o restos das políticas sectoriais deben tomar en consideración os obxectivos de loita contra cambio climático como un factor condicionante do seu desenvolvemento. O obxectivo da sustentabilidade depende dunha relectura e redefinición ambiental das políticas económicas e sociais.

A existencia de indicios científicos irrefutables, o cumprimento do principio de precaución e a especial responsabilidade dos países desenvolvidos converten o cambio climático nun punto de referencia básico e ineludible na dirección da política socioeconómica deste século. De acordo co principio de responsabilidades comúns mais diferenciadas, os países máis desenvolvidos teñen que adoptar medidas político-xurídicas dirixidas a adecuaren un modelo económico-social á capacidade de carga do planeta, e que permitan, á súa vez, o dereito lexítimo dos países empobrecidos a alcanzaren niveis aceptables de desenvolvemento económico e de calidade de vida.

O calado deste fenómeno reflicte, por unha banda, o potencial do dereito como factor de ordenación e orientación social cara á consecución de obxectivos de interese colectivo, mais asemade móstranos a limitación da súa capacidade con relación a unha problemática que afunde as súas raíces nos valores e obxectivos do modelo actual de desenvolvemento socioeconómico. A modificación dos comportamentos de produción e consumo é unha tarefa colectiva que depende do xurdimento dunha conciencia individual. Sen isto a política e o dereito ambiental non serán máis que un parche paliativo fronte ao cambio climático e, en definitiva, unha vía de lexitimación dun modelo de progreso non-sustentable. Urxe, como sinalou o “pai” do dereito ambiental en España Martín Mateo, a afirmación dunha ética intrinsecamente racional, científica e humana.

4. Actividade

O docente poderá aproveitar a proxección do documental para organizar un seminario sobre cambio climático. Coa finalidade de o preparar, o alumnado terá que facer unha actividade individual e unha de grupo. En primeiro lugar, para o desenvolvemento axeitado do seminario o alumnado terá que realizar unha lectura xeral sobre a regulación internacional do cambio climático. Recomendamos neste sentido o seguinte manual:

LOZANO CUTANDA, B. (2007): *Derecho ambiental administrativo* (Madrid: Dykinson)

En segundo lugar, o alumnado dividirase en grupos de cinco membros e a cada grupo asignaráselle unha ou varias das seguintes preguntas (que están directamente vinculadas coas cuestións suxeridas directa ou indirectamente polo documental):

- Que nivel de certeza existe nestes momentos sobre a realidade do fenómeno do cambio climático global? Cal foi a achega da comunidade científica no desenvolvemento da política internacional de loita contra o cambio climático global?
- Teñen algunha repercusión as normas ambientais no mercado e a competencia?
- Existe unha disxuntiva real entre o medio e a economía, ou trátase máis ben dun falso dilema?
- Que incidencia ten a acción individual e da sociedade civil no desenvolvemento de políticas ambientais decididas?
- É relevante que a poboación poida acceder a información ambiental fiable e clara para solucionar o problema do cambio climático? Sinala algún instrumento normativo destinado a facilitar a información e participación da sociedade na xestión pública ambiental.
- É suficiente a obriga normativa de implantar e fomentar novas tecnoloxías para solucionar o problema de cambio climático, como ocorre coa redución de emisións dos vehículos ou das instalacións industriais, ou a mellora da eficiencia enerxética das edificacións ou lámpadas?
- En que situación se atopan actualmente as negociacións internacionais?
- Sinala, ao teu xuízo, cales son as actuacións políticas, normativas, sociais e individuais que poden solucionar ou reducir o problema do cambio climático?
- Pode incidir o cambio climático na modificación do modelo enerxético actual, baseado no consumo de combustibles fósiles? Pode dar lugar a un cambio de postura política e social ao redor da enerxía nuclear?

O día de realización do seminario proxectarase o documental. Unha vez rematado, pediráselle a cada un dos representantes do grupo que interveña expondo as reflexións que lles suxeriron as cuestións expostas. O profesor orientará as exposicións dos grupos coa finalidade de fomentar o debate entre o alumnado.

En terceiro lugar, poderá esixírselle ao alumnado a realización dunha actividade individual para avaliar os coñecementos adquiridos e a comprensión do réxime xurídico internacional de loita contra o cambio climático global. Propóñense, entre as múltiples posibles, as seguintes preguntas:

- Que normas regulan no ámbito internacional a loita contra o cambio climático global? Que balance realizarías da reposta internacional? Señala que outras actuacións internacionais en materia ambiental se mostraron exitosas.
- Cales son as características do dereito internacional ambiental?
- Cal é o organismo científico internacional de referencia nas negociacións internacionais?
- Deben adoptarse algunha medida ambiental nos supostos de incerteza científica sobre a existencia dun problema ambiental? Xustifica esta resposta á luz dos principios do dereito ambiental.
- Cal foi o papel das institucións internacionais na loita contra o cambio climático? É o papel da Unión Europea? Cal foi a achega dos Estados Unidos nas negociacións internacionais?
- En que medida a ciencia incidiu no desenvolvemento e aplicación do dereito ambiental?
- Incide o nivel de desenvolvemento tecnolóxico e económico de cada país nas obrigas e compromisos normativos asumidos a escala internacional en materia ambiental?
- Salienta os instrumentos xurídicos do dereito ambiental para facer fronte ao cambio climático global (información sobre as emisións dos vehículos, permisos negociables de emisión etc.), e explica o seu contido e finalidade

A actividade finalizará cunha posta en común en que o profesor realizará as conclusións finais e exporá o contido básico do réxime xurídico aplicable á loita contra o cambio climático global.

5. Lecturas recomendadas, películas relacionadas e sitios web de interese

LECTURAS RECOMENDADAS

- Flannery, T. (2006): *La amenaza del cambio climático, historia y futuro* (Madrid: Taurus)
- Giles Carnero, R. (2003): *La amenaza contra la capa de ozono y el cambio climático: respuesta jurídico-internacional* (Huelva: Universidad de Huelva)
- Intergovernmental Panel on Climate Change (2007): *Fourth Assessment Report. Climate Change 2007: Synthesis Report* <<http://www.ipcc.ch/ipccreports/ar4-syr.htm>>
- Lozano Cutanda, B. (2007): *Derecho ambiental administrativo* (Madrid: Dykinson)
- Martín Mateo, R. (2003): *Tratado de Derecho ambiental*. Tomo IV (Madrid: Edisofer)
- Pernas García, J. J. (2002): “Nacimiento, desarrollo y estado actual estrategia co-

munitaria frente al cambio climático” en *Anuario da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña*, 6

- Sarasíbar Iriarte, M. (2007): *Régimen jurídico del cambio climático*, (Madrid: Lex Nova)
- Stern, N. (2007): *El informe Stern, la verdad sobre el cambio climático* (Barcelona: Paidós)

PELÍCULAS RELACIONADAS

- *O pesadelo de Darwin*. Título orixinal: *Darwin's Nightmare*. Dirección: Hubert Sauper. Guión: Hubert Sauper. Montaxe: Demose Vindevogel. Países: Francia, Austria e Bélxica. Duración: 107 minutos. Ano de produción: 2004.

Aínda que non trata o tema do cambio climático global, é unha interesante e clarificadora reflexión sobre o concepto de desenvolvemento sustentable na súa tripla perspectiva social, económica e ambiental.

SITIOS WEB DE INTERESE

<http://unfccc.int>

Sitio web da Convención Marco de Nacións Unidade sobre cambio climático.

http://ec.europa.eu/environment/climat/home_en.htm

Web da Comisión Europea sobre o cambio climático e as accións que está a desenvolver a Unión Europea.

www.mma.es/portal/seccións/cambio_climatico

Páxina do Ministerio de Medio Ambiente, onde se recolle información de interese sobre a estratexia española de cambio climático e outras cuestións.

www.ipcc.ch

Páxina do Panel Intergubernamental de Expertos do Clima (IPCC) da ONU (grupo científico de referencia na loita contra o cambio climático global).

www.wwf.es/cambioclimatico/cambioclimatico.php

Sitio web sobre o cambio climático da asociación ecoloxista WWF.

www.movimientoclima.org

Páxina da iniciativa xurdida da coalición de WWF/Adena, Comisións Obreiras, Intermón Oxfam e a Organización de Consumidores e Usuarios (OCU) contra o cambio climático.

www.verdadincomoda.net

O sitio web do documental.

CARMEN GARCIMARTÍN MONTERO

*Un home para a eternidade. Obxección
de conciencia e xurisdición eclesiástica*

1. Película

TÍTULO

Un home para a eternidade (A man for all seasons)

FICHA TÉCNICO-ARTÍSTICA

Ano: 1966

País: Gran Bretaña

Dirección e produción: Fred Zimmerman

Produción executiva: William N. Graf

Guión: Robert Bolt

Música: Georges Delerue

Elenco: Paul Scofield (Thomas More), Wendy Hiller (Alice More), Orson Welles (cardenal Wolsey), Robert Shaw (Henrique VIII), Leo McKern (Cromwell), John Hurt (Richard Rich), Nigel Davenport (duque de Norfolk), Susannah York (Margaret More) e Corin Redgrave (William Roper).

Duración: 115 minutos

Premios: seis premios Óscar (mellor película, mellor dirección, mellor actor, mellor guión, mellor fotografía e mellor vestiario)

SINOPSE

A película está centrada nos últimos anos da vida de sir Thomas More, desde o seu nomeamento como lord chanceler do reino até a súa execución, o 6 de xullo de 1535.

Thomas More, xurista de gran prestixio no seu tempo, e home de confianza de Henrique VIII, ocupou diversos cargos públicos até ser nomeado chanceler de Inglaterra. Este momento coincide co conflito xurdido da pretensión do rei de obter a nulidade da dispensa concedida polo Papa para contraer matrimonio coa súa curmá Catalina de Aragón, co fin de poder casar con Ana Bolena.

Ante a negativa do Papa, prodúcese a ruptura coa Igrexa católica, e Henrique VIII eríxese na cabeza da Igrexa de Inglaterra, mentres que Thomas More dimite do seu cargo. En 1534, o parlamento aprobou a Acta de Sucesión, que obrigaba a todos os súbditos do reino a prestaren xuramento e recoñeceren a prole de Henrique VIII e Ana Bolena como sucesores lexítimos do trono de Inglaterra, polo que, en consecuencia, se negaba a autoridade da Igrexa en cuestións da súa propia xurisdición. Thomas More negase a prestar xuramento seguindo os ditados da súa conciencia, de modo que tras diversos intentos de que depoña a súa actitude, é encarcerado, xulgado, e executado por alta traizón.

2. Temática xurídica

Palabras clave: relacións Igrexa-Estado; obxección de conciencia; Thomas More.

A película formula dúas cuestións xurídicas principais: a relación entre xurisdición do Estado e da Igrexa, e a obxección de conciencia.

A doutrina coñecida co nome de *dualismo cristián* afirma que as autoridades civís e as autoridades relixiosas teñen potestade para ditaren normas cada unha no seu propio ámbito, isto é, en materias que son da súa competencia. Partindo da independencia da orde política e a orde relixiosa, será posible recoñecer dúas comunidades sociais distintas –aínda que integradas en maior ou menor parte polos mesmos individuos– e, como consecuencia, existirán tamén dous centros de poder diferenciados. Un deles dirixirá o home no desenvolvemento da súa vida espiritual e o outro das cuestións temporais. A delimitación destas dúas esferas de poder constitúe un dos grandes temas da historia das relacións Igrexa-Estado, posto que o dualismo non era unha simple idea, senón que levaba consigo unha diversidade de vínculos e funcións, que implicaba tamén a dualidade de órganos e institucións. Por outra parte, estas dúas sociedades, aínda que

independentes e autónomas para a consecución dos seus fins, non están incomunicadas, senón que existen puntos de conexión entre elas: as materias de interese común.

A doutrina do dualismo cristián foi formulada por volta do século V; desde aquela, e até a reforma protestante, constituíu a base teórica das relacións entre o poder civil e o poder relixioso en Europa. Na práctica non sempre se mantivo este equilibrio de poderes, senón que en ocasións prevaleceu un deles sobre o outro. Coñécese como *hierocratismo* o sistema caracterizado polas inxerencias da autoridade relixiosa en cuestións civís –propio da Idade Media–, e *regalismo* o fenómeno contrario, isto é, a inxerencia estatal en cuestións eclesiásticas, dominante na Idade Moderna, e que adoptou formas diversas nos distintos países europeos.

A obxección de conciencia é a pretensión de que un determinado comportamento individual, contrario a unha norma do dereito positivo vixente, non sexa obxecto de sanción, porque quen obxecta fixo unha elección entre a obediencia á lei e a obediencia á conciencia a favor da segunda. Pode fundamentarse tanto en razóns relixiosas como ideolóxicas, aínda que algunhas obxeccións, pola súa propia natureza, son de carácter exclusivamente relixioso (por exemplo, a obxección a recibir determinados tratamentos médicos).

Esta figura xurídica debe distinguirse da desobediencia civil, distinción que non sempre resulta doada porque a obxección de conciencia, se é xeneralizada ou organizada, pode derivar cara á desobediencia civil. Desde a perspectiva conceptual, a desobediencia civil é unha insubmisión ao dereito dirixida a exercer presión sobre o poder político para que adopte certa decisión lexislativa, mentres que a obxección de conciencia é o incumprimento dun deber xurídico motivado pola existencia dun ditame de conciencia, e cuxa finalidade se esgota na defensa da moralidade individual, de tal xeito que renuncia a calquera estratexia de cambio político ou de procura de adhesións. É dicir, a obxección de conciencia prodúcese porque a lei é inxusta, non para que o deixe de ser; a súa única finalidade é salvagardar a propia conciencia, cando esta colisiona cun precepto legal. A desobediencia civil, en cambio, ten carácter reivindicativo e non necesariamente garda relación coas crenzas ou coa conciencia.

3. Comentario

Para comprendermos a película, é conveniente termos en conta algúns trazos da vida de sir Thomas More.

Thomas More, ou Tomás Moro (Londres, 1478) foi un xurista e escritor de ampla formación humanística, adquirida en diversas universidades europeas. Chegou a establecer amizade con Erasmo de Rotterdam e foi xuíz en Londres, e membro do parlamento inglés desde 1505. Henrique VIII, ao acceder ao trono, nomeouno membro do seu consello privado e elevouno a lord chanceler en 1529; era a primeira vez que un laico ocupaba este cargo. Na súa obra máis coñecida, *Utopía*, Tomás Moro recolle os principios que han de rexer a organización social e política. Os escritos de Moro, malia a súa importancia, foron superados en interese pola propia vida do autor. Gozou dunha estima xeral no seu tempo, pola súa indefectible integridade moral, a agudeza do seu enxeño, e a súa extraordinaria erudición. Distinguiuse, tamén, pola súa lealdade ás institucións e ás autoridades lexítimas, ás que serviu sempre cun profundo sentido da xustiza. É venerado como santo na Igrexa católica e na Igrexa anglicana.

Sen prexuízo da forte personalidade de Tomás Moro, da súa elocuencia, brillantez ou formación xurídica, unha perspectiva correcta dos problemas formulados require valorar a súa actitude e discursos axeitadamente. Non estamos ante demostracións de enxeño, sagacidade ou simple retórica; moito menos de interpretacións forzadas da lei ou dun rigorismo moral. Os feitos narrados na película reflicten o conflito interior de Tomás Moro, ao se ver requirido a aceptar unha imposición legal contraria ás súas conviccións. O chanceler confía en que a xustiza o ampara, e de aí que a súa defensa se articule en argumentos xurídicos.

É importante centrarmos o comentario nas cuestións formuladas –recoñecemento da xurisdición eclesiástica e liberdade de conciencia–, e non noutras que resultan secundarias no desenvolvemento da película –por exemplo, a admisibilidade moral do divorcio–.

4. Actividade

O alumnado realizará un comentario de 1.200 palabras en que analizará de xeito crítico os temas propostos. Deberá indicar as escenas da película, principalmente os diálogos ou os discursos en que fundamente as súas opinións. Pode utilizarse a bibliografía orientativa recomendada para afondar nas cuestións formuladas (neste caso, inclúiranse nos traballos, en notas ao pé de páxina, as obras empregadas).

A participación no seminario será valorada na cualificación final.

5. Lecturas recomendadas, películas relacionadas e sitios web de interese

LECTURAS RECOMENDADAS

- ALBI, M. / MARTÍN OLIVARES, G. (2003): *Un hombre para la eternidad* (Valencia: Tirant lo Blanch)

- Sobre sir Thomas More:
 - BOLT, R. (2000): *A man for all seasons* (edición Network, 2000). Obra de teatro en que se basea a película
 - MORE, T. (1998): EDWARDS, A. S. / RODGERS, K. G. (eds.): *The Yale Edition of the Complete Works of St. Thomas More* (Londres: Yale University Press)
 - MORE T. (1997): GARCÍA ESTÉBANEZ, E. (ed.): *Utopía* (Madrid: Akal)
 - ROPER, W. (2000): *La vida de Sir Tomás Moro* (Navarra: Eunsa)

- Sobre a relación poder político-poder relixioso:
 - CORRAL, C. (2003): *La relación entre la Iglesia y la comunidad política* (Madrid: Biblioteca Autores Cristianos)

- Sobre a obxección de conciencia:
 - NAVARRO-VALLS, R. / MARTÍNEZ-TORRÓN, J. (1997): *Las objeciones de conciencia en el Derecho español y comparado* (Madrid: McGraw Hill)

SITIOS WEB DE INTERESE

<http://www.thomasmorestudies.org>

Sitio dedicado a promover os estudos sobre Thomas More, principalmente canto se refire aos seus esforzos como home de Estado para alcanzar a paz.

<http://www.apostles.com/thomasmore.html>

Páxina web con información completa sobre a vida e obra de sir Thomas More.

LUÍS RODRÍGUEZ MORO

*Un plan sinxelo. Delitos, participación,
responsabilidade e necesidade da pena*

1. Película

TÍTULO

Un plan sinxelo (A simple plan)

FICHA TÉCNICO-ARTÍSTICA

Ano: 1998

País: Estados Unidos

Dirección: Sam Raimi

Producción: Columbia Tristar

Guión: Scott B. Smith (baseado na súa propia novela)

Música: Danny Elfman

Elenco: Bill Paxton, Billy Bob Thornton, Bridget Fonda, Brent Biscoe, Gary Cole, Becky Ann Backer, Jack Walsh e Chelsie Ross

Duración: 123 minutos

SINOPSE

Hank, o seu irmán Jacob e un amigo destes, Lou, atopan 4 400 000 dólares nunha avioneta que sufriu un accidente oculta baixo a neve. Os tres enfróntanse ao dilema de quedar ou non co botín, e ás condicións establecidas en caso de o facer, en forma dun

plan aparentemente sinxelo: Hank, o único con estudos, emprego estable, familia e condición de persoa responsable gardará os cartos unha tempada até o desxeo. Se ninguén o reclamar, repartirano a partes iguais entre os tres.

2. Temática xurídica

Palabras clave: apropiación de cousa perdida ou de dono descoñecido; roubo; furto; homicidio; asasinato; ameazas; coautoría; participación; indución; complicidade; atenuantes penais; eximentes penais; delincuente; pena.

3. Comentario

Desde a óptica do dereito penal, *Un plan sinxelo* suscita diversos interrogantes, tanto desde un punto de vista dogmático como desde unha perspectiva político-criminal. Tal e como o seu título e sinopse indican, toda a trama vira ao redor dese plan, aparentemente sinxelo, de gardar durante un tempo un “tesouro” en forma de billetes de dólar, até se asegurar de que ninguén o reclama, repartilo despois, e abandonar a cidade onde viven para así evitaren levantar calquera tipo de sospeita. Con todo, coincidencias froito do azar, a desesperada insistencia de Lou por repartir algo do botín ante os seus problemas económicos e unha desmedida e manipuladora ambición de Sarah, a muller de Hank, por quedar cos cartos, farán desembocar este “sinxelo” plan en terreos criminais que quizais ningún dos personaxes alcanzaría en condicións normais. De aí, que o inicial delito contra a propiedade deveña en sucesivos delitos contra as persoas, cometidos por algúns dos personaxes en diferentes graos de participación.

Do que hai que partir é do delito de apropiación, desa conduta de “quedar” co diñeiro atopado. Os tres protagonistas parecen non mostrar ningún tipo de dúbida sobre a ilicitude da devandita apropiación aínda que non saiban moi ben por que e con base en que lei. O artigo 615 do Código civil español establece a este respecto un deber a todo cidadán: o de restituír toda cousa moble atopada ó seu anterior posuidor ou, en caso de non ser este coñecido, o de a “consignar inmediatamente en poder do alcalde do concello onde se verificase o achado”, referencia, esta última, que podería considerarse sinónima á consignación en comisaría de policía, xulgado de garda ou axente da autoridade. Precisamente, o incumprimento do devandito deber xurídico, acompañado do acto de apropiación da cousa, constitúe o delito contra a propiedade que Hank, Jacob e Lou cometen conxuntamente.

O que non está tan claro, polo menos para os protagonistas, é que delito concreto que están a cometer ao quedaren con eses cartos. Hank e Sarah chegan a afirmar en varias ocasións que iso sería “roubar”. De feito, á suxestiva frase de Lou de “É o soño americano nunha fódida bolsa de deportes, e ti quérelo deixar pasar!”, séguelle a resposta de Hank de que “O soño americano trabállase, non se *rouba*”, coa interesante reflexión ética que subxace na devandita resposta.

Con todo, o Código penal nos artigos 237 e seguintes, require para a figura do “roubo” que o apoderamento da cousa se efectúe con “forza nas cousas para acceder ao lugar onde estas se encontran” ou con “violencia ou intimidación nas persoas”, esixencias máis que dubidasas no suposto de feito de apoderamento do filme. Podería falarse dun “delito de furto” do artigo 234 do Código penal, o cal se comete con ese simple apoderamento, sen autorización, de cousas mobles alleas, sen que se esixa un xeito ou modo determinado de cometer a devandita apropiación. Con todo, no que respecta ao obxecto material sobre o que recae a conduta de apoderamento, resulta máis específico o “delito de apropiación indebida” do artigo 253 do Código penal, que castiga a quen, con ánimo de lucro, se apropiar dunha “cousa perdida ou de dono descoñecido”, o que abranguiría todas aquelas cousas de que o seu propietario accidentalmente está privado por algún acto que as poña fóra do seu alcance ou ámbito de custodia. Ao estar a persoa propietaria desprovista da cousa, o apoderamento é máis alcanzable e o perigo sobre a vítima é menor que cando esta é *furtada*, xa que neste último caso a cousa está baixo o ámbito da súa custodia –en moitas ocasións no seu poder– e requírese unha acción activa de a “sacar” do devandito ámbito. De aí, o menor desvalor do delito de apropiación indebida que se ve reflectido na menor pena que para el se prevé no Código penal (artigo 253). No entanto, hai que se asegurar de que a cousa non foi “abandonada” (que non é o mesmo que perdida), pois en tal caso esta sae do ámbito de custodia do seu propietario por decisión e vontade propia, e déixaa á súa sorte e a unha susceptible apropiación por terceiros, sen que o dito apoderamento supor ningunha clase de delito.

No entanto, máis graves son as responsabilidades penais que derivan dos delitos contra as persoas cometidos precisamente para levaren a bo fin a conduta de apropiación do diñeiro. Certo é que algúns dos devanditos delitos son froito dunha desgraciada casualidade ou dun exceso de nerviosismo a ser descuberto (especialmente no suposto en que Jacob, alguén cunha capacidade intelectual diminuída, golpea o ancián da moto de neve). En referencia aos delitos desta natureza, os protagonistas chegan a causar catro resultados de morte (Hank, ao ancián da moto de neve, Jacob a Lou, Hank á muller de Lou e Hank ao presunto axente do FBI), algún dos cales está no límite entre o homicidio e o asasinato (artigos 138 e 139 do Código penal). Ambas as figuras delitivas consisten

na causación de morte a outra persoa, mais o asasinato require que esta se produza dalgunha das tres formas que recolle o artigo 139: con aleivosía, por prezo, recompensa ou promesa, ou con asañamento. De aí a maior pena con que se castiga esta figura delitiva. Nalgunhas das mortes do filme cabería preguntarse se existe ou non aleivosía, circunstancia definida polo Código penal, como agravante xenérica no artigo 22. Este precepto sinala que “Hai aleivosía cando o culpable comete calquera dos delitos contra a persoa empregando na execución medios, modos ou formas que tendan directa ou especialmente a asegurala, sen o risco que para a súa persoa puidese proceder da defensa por parte do ofendido”. Fíxémonos que a circunstancia está composta por un compoñente de natureza obxectiva, como é o emprego deses medios, modos ou formas na execución do feito, mais tamén por outro compoñente de natureza subxectiva, que é o de que cos devanditos modos, o suxeito que os emprega debe buscar intencionadamente, ou, polo menos, terse aproveitado conscientemente, asegurar a execución do feito e eliminar toda resistencia por parte do ofendido. De aí, que sexa preferible non apreciar a aleivosía cando o medio ou o modo vir dado polas circunstancias do caso, cando o autor do delito se atopar con esa ou esas circunstancias sen que as busque ou provoque.

A doutrina adoita apreciar aleivosía en tres supostos: *a)* cando a morte é causada por traizón, na cal se prepara unha emboscada planificada contra a vítima –denominada aleivosía proditoria–; *b)* cando se ataca a vítima de forma imprevista, fulgurante ou repentina, denominada aleivosía súbita ou inopinada e *c)* cando existe un aproveitamento consciente e buscado dunha situación de desvalemto da vítima, como sería o caso de ser un neno, un ancián, ou persoas ebrias ou drogadas, aínda que certamente este último suposto foi máis discutido por algún sector da doutrina. De se dar algún destes supostos, a morte constituirá un delito de asasinato por existir a circunstancia de aleivosía e a pena sería maior. Iso non é óbice para que se puidese apreciar algún outro tipo de circunstancia modificativa da responsabilidade penal que responda ao aproveitamento dunha situación de superioridade outorgada polo emprego dun medio perigoso que non resulte incardinable en ningún dos tres supostos de aleivosía que se acaban de sinalar. Isto ocorrería cando se emprega unha arma para producir a morte, por exemplo, unha arma de fogo. Se o seu uso coloca o autor nunha situación de superioridade con respecto á vítima –o que terá que se probar no suposto de feito concreto–, e aquel aproveitase diso, poderá apreciarse a circunstancia agravante do artigo 22.3 do Código penal, de abuso de superioridade. Estaríamos ante un homicidio, xa que non habería aleivosía, mais si agravado pola referida circunstancia do 22.3.

Outra das cuestións dogmáticas que cómpre tomarmos consideración en relación con algún dos delitos de homicidio ou asasinato do filme, ten que ver con outra circunstan-

cia modificativa da responsabilidade penal. Concretamente coa eximente de “lexítima defensa”. O lexislador penal, no artigo 20.4, considera exentos de pena a aqueles suxeitos que actuaren “en defensa da persoa ou dereitos propios ou alleos, sempre que concorran os seguintes requisitos: *a)* agresión ílexítima; *b)* necesidade racional do medio empregado para a impedir ou a repeler e *c)* falta de provocación abonda por parte do defensor”. De se daren todas estas esixencias, a conduta de matar outro cumprirá cos elementos do tipo de homicidio (se “matou outro”, artigo 138 do Código penal), mais non se considerará antixurídica, por existir a causa de xustificación da lexítima defensa, o que implicará que o seu autor non responda penalmente do delito que cometeu. Estaríamos ante unha “eximente completa” da responsabilidade penal. Enténdese que a comisión do delito está xustificada polo feito de que se cometeu unicamente para salvar ou protexer un ben xurídico de igual ou maior importancia que o que resulta finalmente danado. O caso paradigmático quizais sexa o de matar alguén que che vén matar, sempre que esta for unha resposta proporcionada ao ataque sufrido. No entanto, en virtude do artigo 21.1 do Código penal, no caso de non concorreren todos os requisitos necesarios para apreciar a lexítima defensa, poderíase aplicar unha “eximente incompleta”, que suporía aplicarlle ao autor ou autora a pena inferior nun ou dous graos á prevista para o delito que cometeu (homicidio), tal e como sinala o artigo 68 do Código penal.

No filme, Jacob dispara e mata a Lou cando este está a apuntar cunha escopeta o seu irmán Hank. Non hai que esquecer que Lou vén de disparar previamente por riba da cabeza de Hank a modo de ameaza. Chega a mencionar que o dito disparo foi un “aviso”, mais o seguinte, xa apuntando a Hank, dará no albo. Doutra banda, Hank dispara coa escopeta e mata a muller de Lou despois de que esta lle disparara cunha pistola en repetidas ocasións, disparos que non atinan co seu obxectivo. Finalmente, Hank mata dun disparo o presunto axente do FBI, o cal vai armado, aínda que ben é certo que nun momento en que este non ten xa consigo a arma de fogo, pois deixouna apoiada no chan. En tales casos poderá ou non apreciarse unha eximente completa ou, na súa falta, incompleta, o que eximiría ou atenuaría a responsabilidade dos homicidas, respectivamente. Quizais, nos dous primeiros supostos poida resultar cuestionable a apreciación do requisito *c)*, relativo á “falta de provocación suficiente por parte do defensor”, pois a conduta vén precedida por unha chantaxe perpetrada por Hank e Jacob, mais, e aquí reside a clave da controversia, é esa chantaxe unha provocación “suficiente” para a actitude violenta de Lou de apuntar cunha arma a Hank?

Tampouco se nos pode pasar por alto a responsabilidade penal que quizais puider ser aplicable a Sarah, a muller de Hank. A súa actitude chega a resultar clave para o desenvolvemento de moitos dos acontecementos tráxicos do filme. Se callar, xunto ao

descorazonado Jacob, se trate do personaxe mellor definido; esa bibliotecaria inocente e desapercibida, de vida e gustos sinxelos e desapercibidos. A súa bondadosa estrutura ética e moral simbolizada por un “eu devolvería os cartos” cando se lle pregunta sobre a cuestión en abstracto, ponse máis que en dúbida co seu leve mais cobizoso sorriso ao ver os innumerables feixes de billetes amoreados sobre a mesa do salón. Quizais a súa condición de muller da América profunda e esquecida, abocada a unha vida sinxela, plana e sen sobressaltos, faille desexar máis que ninguén eses cartos, porque, por riba de todo, mostra ser máis ambiciosa que ninguén. A partir da aparición dos cartos, a súa actitude conspiradora resulta fundamental para a comisión dalgúns dos delitos. Ela é a que en sentido afirmativo despexa as dúbidas de Hank sobre quedar ou non co diñeiro, polo que resulta clave para a consumación definitiva do delito de apropiación.

A este respecto, o Código penal xunto ao autor ou autores materiais dos delitos tamén considera persoas “penalmente responsables” a aquelas que induciren directamente outro ou outros a executalo, a quen se servir doutro como medio ou instrumento e a quen cooperar necesariamente na súa produción, os cales responderán coas mesmas penas previstas para o autor material. Tamén se pena o “cómplice” na realización de tales delitos, aínda que coa pena inferior en grao que a prevista para os autores. Baixo estes diferentes graos de participación poderá quizais responder Sarah. Ademais, non hai que esquecer que o minucioso plan de chantaxe a Lou, en forma de ameazas, é ideado por ela, o que vén acompañado pola súa presión e influxo a que sexa perpetrado polo seu marido en compañía do seu desgraciado irmán Jacob.

En definitiva, *Un plan sinxelo* non é senón unha mostra cinematográfica máis dun dilema moral universal: o de que facer cunha suma importantísima de cartos que nos atopamos por casualidade. Toda a trama está construída a partir deste achado e reflicte con axustada precisión como o diñeiro exerce a súa presión sobre os individuos dunha sociedade actual construída enteiramente sobre el. Repárese que antes do achado, Hank e Sarah parecen sorrir ante a chegada da súa proxenitora, semellan non ter problemas económicos e non necesitan buscar máis do que a vida lles deu até o momento. Máis claro é o caso de Jacob. O seu atraso intelectual é leve, mais suficiente como para lle facer moi complicada unha vida lonxe dos seus poucos amigos e do seu irmán, lonxe do seu micromundo, o único que ten sentido para el. El parece necesitar os cartos menos que ninguén e aínda así vese tentado por esa consolidada idea de que o diñeiro dá a felicidade. Un acerto do filme é o de mostrar todos estes dilemas na pel duns personaxes a priori “normais”, cotiáns, que non responden á condición prototípica ou estigmatizada que se ten de delincente, para os cales a asignación dunha pena teña que cumprir algún tipo de finalidade preventiva. Quizais non todo o mundo chegase a cometer todos os de-

litos en que incorren os personaxes, e puxesen freo a esa imparable bóla de neve que se vai formando tras o apoderamento do diñeiro moito antes do que o fan Hank ou Sarah. No devir dos feitos teñen moito que ver factores como a casualidade ou a sorte (neste caso “a mala sorte”) que non adoitan ser tidos en consideración pola opinión pública con respecto aos que cometen un delito. Quizais de eses cartos non apareceren, Hank, Sarah ou Jacob non cometerían nunca na súa vida un delito, polo menos desta envergadura. O perfil con que aparecen descritos lévanos a pensar que así sería: até o achado son persoas educadas e amables o un co outro e bos veciños. Que pena lles deberíamos aplicar a estes suxeitos? Baixo que fin?

4. Actividade

O alumnado terá que realizar as seguintes actividades:

- Comentario e valoración cinematográfica do filme
- Determinación e concreción do delito de apropiación que cometen Jacob, Hank e Lou
- Análise dos diferentes resultados de morte producidos no filme para a súa consideración como delitos de homicidio ou asasinato
- Análise da eximente de lexítima defensa con respecto ás mortes de Lou por Jacob, da muller de Lou por Hank e do presunto axente do FBI por Hank
- Análise da responsabilidade penal de Sarah
- Debate sobre a función da pena prevista para este tipo de delinquentes

5. Lecturas recomendadas, películas relacionadas e sitios web de interese

- MUÑOZ CONDE, F. (2007): *Derecho Penal. Parte general* (Valencia: Tirant lo Blanch)
- MIR PUIG, S. (2004): *Derecho Penal. Parte general* (Barcelona: Reppertor)
- MUÑOZ CONDE, F. (2007): *Derecho Penal. Parte Especial* (Valencia: Tirant lo Blanch)
- VIVES ANTÓN, T. S. / ORTS BERENQUER, E. / CARBONELL MATEU, J. C. / GONZÁLEZ CUSSAC, J. L. / MARTÍNEZ-BUJÁN PÉREZ, C. (2004): *Derecho Penal. Parte Especial* (Valencia: Tirant lo Blanch)

FERNANDO GARCÍA CACHAFEIRO

*Wall Street. O abuso de información
privilexiada nos mercados de valores*

1. Película

TÍTULO

Wall Street

FICHA TÉCNICO-ARTÍSTICA

Ano: 1987

País: Estados Unidos

Dirección: Oliver Stone

Producción: 20th Century Fox

Guión: Stanley Waiser e Oliver Stone

Música: Stewart Copeland

Elenco: Michael Douglas (Gordon Gekko, o magnate dos investimentos); Charlie Sheen (Bud Fox, o novo axente de bolsa); Daryl Hannah (Darien, a noiva de Bud); Terence Stamp (Sir Lawrence Wildman, o magnate rival de Gekko); Martin Sheen (Carl, o pai de Fox)

Duración: 120 minutos

Premios: A película recibiu un Óscar ao mellor actor e un Globo de Ouro ao mellor actor no xénero drama (Michael Douglas).

SINOPSE

Bud Fox é un novo axente de bolsa que tenta abrirse camiño no esixente mundo do mercado de valores de Nova York (Wall Street). O seu maior desexo é traballar cun dos grandes magnates dos investimentos, Gordon Gekko, que amasa unha inmensa fortuna no mundo dos negocios. Grazas á súa insistencia Fox consegue introducirse no círculo de asesores de Gekko, quen o induce a realizar condutas de dubidosa legalidade.

2. Temática xurídica

Palabras clave: mercado de valores, abuso de información privilexiada, *insider trading*.

A película aborda como tema principal o abuso de información privilexiada nos mercados de valores.

3. Comentario

QUE É A INFORMACIÓN PRIVILEXIADA?

A información privilexiada (*insider trading*) é aquela información de carácter concreto, referida a emisores de valores, valores ou instrumentos financeiros, que non se fixo pública e cuxa difusión podería influír de xeito apreciable sobre a súa cotización no mercado.

Exemplos de información “privilexiada”:

- a) datos sobre a situación patrimonial do emisor dos valores: resultados obtidos no exercicio (ganancias ou perdas); contratos que vaia celebrar, etc.
- b) datos sobre o mercado en que opera o emisor: futura lexislación que favorece un determinado produto ou servizo, obtención dunha concesión administrativa etc.

QUE É O ABUSO DE INFORMACIÓN PRIVILEXIADA?

A utilización de información privilexiada en beneficio propio ou de terceiros constitúe un abuso que está prohibido polo Código penal (art. 285) e pola Lei do mercado de valores (art. 81).

Exemplos de “abusos”:

- a) mercar accións dunha sociedade cuxos títulos van aumentar de valor cando se difunde a información privilexiada;
- b) vender accións dunha sociedade que vai sufrir perdas na bolsa;
- c) comunicarlles este tipo de informacións a terceiros.

QUE CONSECUENCIAS TEN?

O abuso de información privilexiada é un delito sancionado polo Código penal cando se obtén un beneficio (ou se causa un prexuízo) superior a 600 000 ? A pena é de:

a) un a catro anos de cárcere, xunto cunha multa por valor do triplo do beneficio obtido e unha inhabilitación para o exercicio profesional de dous a cinco anos;

b) catro e seis anos de cárcere (máis idéntica multa e inhabilitación) cando o abuso se cometeu de xeito habitual ou se obtiver ou causar un beneficio ou prexuízo, respectivamente, moi grave.

Cando o beneficio/prexuízo é menor á cifra indicada, o abuso de información privilexiada é un ilícito administrativo sancionado pola Lei do mercado de valores con multas.

QUEN PODE COMETER UN ABUSO DESTE TIPO?

Da información privilexiada pode abusar calquera persoa que tiver acceso a ela, non fai falta que sexa un profesional que traballe no mercado de valores:

a) quen traballar na entidade emisora dos valores: persoal directivo, contable etc.

b) quen traballar no mercado de valores: axentes de cambio e bolsa, as entidades que operan nos mercados de valores etc.

c) os profesionais por conta propia: profesionais da avogacía etc.

O deber de se abster de utilizar información privilexiada afecta de modo especial ás entidades que actúan profesionalmente no mercado de valores (axencias de valores) que deben establecer as medidas necesarias para garantir que a información privilexiada á que teñan acceso cada un dos departamentos non se lles transmita aos demais, de forma que se garanta que cada un deles tome de xeito autónomo as súas decisións referentes aos mercados de valores (as denominadas “murallas chinesas”).

Exemplo: un banco que asesora unha empresa nunha oferta pública de venda de accións (OPV) non lles pode recomendar aos seus clientes que acudan a ela con base nos datos que coñece como entidade asesora da operación.

ALGÚNS CASOS DE INFORMACIÓN PRIVILEXIADA SANCIONADOS EN ESPAÑA

a) Jazztel

A Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV) impuxo unha multa de 60 000 euros ao empresario F.M.A.V. por comprar 100 000 accións de Jazztel unha semana antes de que Leopoldo Fernández Pujals (ex-presidente de Telepizza) comprara o 24,9% do capital e pasase a ser presidente.

A sesión en que F.M.A.V. adquiriu os títulos de Jazztel cotizaban en mínimo histórico, a 0,245 euros. Cinco días máis tarde escalaran até 0,357 euros (45,71%). O investimento de Moreno ascendeu a 24 500 euros e a plusvalía nunha semana a 10 000 euros.

b) CIE Automotive

A CNMV impúxolle unha multa de 48 500 euros a J.A.M.R., ex-conselleiro e ex-vice-presidente de CIE Automotive, un grupo industrial proveedor do sector de automoción, por adquirir 6.000 accións da compañía “estando en posesión de información privilegiada”.

J.A.M.R. saíu de CIE Automotive en 2005, ano en que o Instituto Sectorial de Promoción e Xestión de Empresas (Inssec) concluíu con éxito a oferta pública de accións (OPA) que lanzou sobre CIE Automotive. Entre setembro e outubro a acción experimentou unha revalorización do 26,09%, e entre setembro de 2005 e febreiro de 2006 subiu o 95%. Alén disto, neste tempo CIE Automotive asinou un acordo coa Seda de Barcelona para investir 240 millóns de euros en cinco plantas de biodiésel.

OUTRAS TEMAS MERCANTÍS QUE APARECEN NA PELÍCULA

a) As OPA

As ofertas públicas de adquisición de accións (OPA) constitúen un procedemento para levar a cabo a adquisición do control dunha sociedade por parte doutra, cando as dúas cotizan no mercado de valores. As OPA tratan de protexer os accionistas minoritarios das sociedades que se pretenden adquirir, xa que obrigan a sociedade adquirente a realizar unha oferta de adquisición de accións a todos os seus accionistas, co fin de evitar así que a operación de adquisición se negocie só entre os accionistas maioritarios.

Ao final da película assistimos á OPA que Gordon Gekko promove para se facer con Blue Star, a compañía aérea en que traballa o pai de Bud Fox. Neste caso non hai un problema de información privilexiada, senón o que fai Gekko é reunirse cos sindicatos de pilotos, tripulantes de cabina e mecánicos para os convencer das bondades da operación (enténdese que estes colectivos son accionistas da pequena compañía aérea). O engano neste caso consiste en lles facer crer que merca a compañía para garantir a súa viabilidade, cando en realidade o que quere é parar a actividade e vender os seus activos.

b) A tensión entre administradores e accionistas nas sociedades cotizadas

Nas grandes compañías que cotizan en Bolsa, o consello de administración exerce unha influencia decisiva na marcha da sociedade, de tal xeito que o papel dos accionistas se limita a referendar ou non as súas propostas na xunta xeral que se celebra cada ano. Para evitar o que se denominou “a tiranía dos administradores sobre os accionistas” na lexislación viñéronse ensaiando nos últimos anos distintas medidas para reforzar a capacidade de decisión dos accionistas na vida da sociedade.

Na película assistimos a unha xunta xeral dunha sociedade cotizada en que Gekko fai un entusiasta discurso no cal se critica o papel dos administradores, máis preocupados na remuneración dos seus cargos, que en xeraren valor para os accionistas (adoptando medidas para aumentaren a cotización da sociedade na bolsa).

4. Actividade

O alumnado deberá contestar razoadamente as seguintes preguntas:

- a) Que información se manexa na película que poida considerarse privilexiada? (hai varias informacións deste tipo)
- b) Quen ten acceso a información privilexiada? (hai máis dun personaxe que a utiliza)
- c) Que abusos se cometen coa información privilexiada? (compran ou véndense que accións e en que momentos)
- d) Que similitudes e diferenzas existen entre o mercado de valores e o mercado da arte que tamén aparece na película? Pode haber abuso de información privilexiada en relación con obras de arte?
- e) Fixácheste como se traduce o termo *insider trading* na película?
- f) Pensas que o abuso de información privilexiada debe estar sancionado polo dereito penal con penas de cárcere ou que é suficiente consideralo unha infracción administrativa sancionada con multas pola CNMV?

5. Lecturas recomendadas, películas relacionadas e sitios web de interés

LECTURAS RECOMENDADAS

- HERNÁNDEZ SAÍNZ, E. (2007): *El abuso de información privilegiada en los mercados de valores* Thomson-Civitas, 2007
- PRIETO DEL PINO, A. M.^a (2004): *El derecho penal ante el uso de información privilegiada en el mercado de valores*. Thomson-Aranzadi, 2004
- MONROY ANTÓN, A. J. (2006): *El delito de abuso de información privilegiada en el mercado de valores*, (Madrid: Dijusa)
- GARCÍA DE ENTERRÍA, J. (1999): *Mercado de control, medidas defensivas y ofertas competidoras estudios sobre OPAs* (Navarra: Civitas)

SITIOS WEB DE INTERESE

<http://www.sec.gov/answers/insider.htm>

Página web da Securities Exchange Commission (en inglés), o organismo federal que se encarga de perseguir o abuso de información privilexiada en Estados Unidos e que aparece mencionado varias veces na película (como “a SEC”)

<http://www.cnmv.es/index.htm>

Página web da Comisión Nacional do Mercado de Valores, o organismo equivalente no Estado español

